University of Wisconsin Milwaukee
UWM Digital Commons

Spanish and Portuguese Faculty Books | Spanish and Portuguese

1994

Lingua Inicial e Competencia Lingüística en Galicia

Gabriel Rei-Doval
University of Wisconsin - Milwaukee, reidoval@uwm.edu

Mauro Fernández Rodríguez

Modesto A. Rodríguez Neira

Manuel Fernández Ferreiro

Fernando Fernández Ramallo

See next page for additional authors

Follow this and additional works at: https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks

Part of the Spanish Linguistics Commons

Recommended Citation

Rei-Doval, Gabriel; Fernández Rodríguez, Mauro; Rodríguez Neira, Modesto A.; Fernández Ferreiro, Manuel; Fernández Ramallo, Fernando; and Recalde Fernández, Montserrat, "Lingua Inicial e Competencia Lingüística en Galicia" (1994). *Spanish and Portuguese Faculty Books*. 2.
https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks/2

This Book is brought to you for free and open access by UWM Digital Commons. It has been accepted for inclusion in Spanish and Portuguese Faculty Books by an authorized administrator of UWM Digital Commons. For more information, please contact open-access@uwm.edu.

Authors
Gabriel Rei-Doval, Mauro Fernández Rodríguez, Modesto A. Rodríguez Neira, Manuel Fernández Ferreiro, Fernando Fernández Ramallo, and Montserrat Recalde Fernández

This book is available at UWM Digital Commons: https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks/2

LINGUA INICIAL E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALICIA

REAL
ACADEMIA
GALEGA

SEMINARIO DE
SOCIOLINGÜÍSTICA

LINGUA INICIAL E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALICIA

© SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA
REAL ACADEMIA GALEGA

MAQUETA INTERIOR E
DESEÑO DA CUBERTA:
MANUEL JANEIRO

Imprime:
ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A.
r/. Segovia, 19 - Vigo

I.S.B.N.: 84-87987-03-6
Dep. Legal: VG-311-1994

LINGUA INICIAL E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALICIA

Director do Seminario:
Guillermo Rojo

Coordinadores do libro:
Mauro A. Fernández Rodríguez
Modesto A. Rodríguez Neira

Autores do libro:
Manuel Fernández Ferreiro
Fernando Fernández Ramallo
Mauro A. Fernández Rodríguez
Montserrat Recalde Fernández
Gabriel Rei Doval
Modesto A. Rodríguez Neira

REAL ACADEMIA GALEGA

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA

ÍNDICE

Presentación 9

1. Metodoloxía xeral na elaboración do MSG 13
   1.1. Metodoloxía 13
   1.2. O cuestionario 20
   1.3. O sistema de rutas aleatorias (Random-Route) 24
   1.4. Depuración do traballo de campo 28

2. O presente volume 31

3. Lingua inicial 37
   3.1. Lingua inicial en Galicia 37
   3.2. Distribución da lingua inicial por sectores 54
   3.3. Síntese 68
   Táboas 71

4. A competencia lingüística 75
   4.1. A competencia lingüística en Galicia 75
      4.1.1. Caracterización xeral das catro destrezas 75
      4.1.2. Factores condicionantes 79
   4.2. Análise por sectores 84
      4.2.1. Competencia oral pasiva 84
      4.2.2. Competencia oral activa 84
      4.2.3. Competencia de lectura 91
      4.2.4. Competencia escrita 101
   4.3. Síntese 110
   Táboas 111

5. Competencia lingüísitica dos ascendentes dos entrevistados e a súa evolución 139
   5.1. Competencia lingüística dos ascendentes dos entrevistados en Galicia 139
   5.2. Evolución da competencia lingüística en Galicia 146
   5.3. Competencia lingüística dos ascendentes dos entrevistados por sectores 148
   5.4. Síntese 155
   Táboas 157

6. Ámbitos de adquisición do galego 173
   6.1. Ámbitos de adquisición do galego en Galicia 173
   6.2. Ámbitos de adquisición do galego por sectores 181
   6.3. Síntese 187
   Táboas 189

Apéndice 1: Mapas

Apéndice 2: Cuestionario

PRESENTACIÓN

A presente publicación é un compendio do primeiro volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia (en diante MSG). Con ela preténdese difundi-los resultados máis significativos do citado volume sen afán de substituílo, senón de facilita-lo acceso ós datos alí recollidos.

O estudio tenta ofrecer unha visión actual e rigorosa de dous elementos nucleares da configuración sociolingüística da nosa comunidade: a lingua inicial e a competencia lingüística en galego. A elección destes dous factores baséase, en primeiro lugar, en que a competencia lingüística é, como se sabe, un poderoso condicionante da conducta lingüística, no sentido de que quen non domina un idioma non pode utilizalo; e en segundo lugar en que, aínda que nunha comunidade coma a galega a lingua inicial non sempre determina a conducta lingüística -dado que a coexistencia de dúas linguas da mesma familia favorece o cambio e o intercambio de códigos- o idioma no que un individuo aprendeu a falar, á parte de albergar unha morea de connotacións culturais, convértese nun referente central para comprender fenómenos coma a fidelidade ou a vitalidade lingüísticas.

O traballo está artellado en tres núcleos temáticos: a lingua inicial, a competencia lingüística e a súa evolución, e os ámbitos de aprendizaxe do galego. Cada un deles foi estudiado en dous niveis: un primeiro amplo, referido ó conxunto da poboación galega, e un segundo máis reducido, pero non por iso menos importante. No primeiro, tentamos presentar cada un destes factores desde unha perspectiva xeral, coa intención de ofrecer unha panorámica global de cada fenómeno tomando todo o territorio galego como unha unidade. No segundo, procuramos afondar na análise de cada variable facendo unha selección de sectores de entre os 34 en que dividimos Galicia. Esta selección guiouse principalmente por un criterio de diversidade demográfica e de hábitat: a representatividade do feixe de sectores resultante non se deriva tanto da coincidencia con outros das súas mesmas características (demográficas, económicas ou de hábitat), como da súa diversidade, que reflicte a existente en Galicia. A conxunción destes dous procedementos favorece a comparanza dos resultados, tanto entre sectores coma de cada un co conxunto da mostra galega. No apartado dedicado á metodoloxía que segue a estas liñas encontrará o lector, ademais dunha explicación máis minuciosa deste proceder, aquelas referencias imprescindibles que lle axudarán a comprende-las coordenadas das que se partiu para a elaboración deste traballo.

Este estudio confirma, desde unha perspectiva empírica, certas premisas coas que se viña caracterizando a situación sociolingüística de Galicia. Neste sentido, tenta responder á necesidade de contar con traballos que poidan corroborar, alomenos cuantitativamente, aqueles supostos formulados en moitos casos máis de xeito intuitivo ca experimental. Quixemos comprobar hipóteses tales coma a maior implantación do galego como lingua inicial entre os falantes do medio non urbano e os que teñen un menor nivel de estudios, a implantación do castelán na cidade, a maior competencia oral nos habitantes do rural e nas persoas de maior idade, a maior competencia escrita nas clases máis altas e nos mozos, a importancia da familia e da escola como transmisores do galego, etc.

Pero tamén tentamos atopar tendencias que puidesen resultar transcendentais para o futuro da lingua galega. Somos conscientes de que a relevancia dalgúns fenómenos coma o bilingüismo inicial (a miúdo acompañado dun descenso do monolingüismo inicial en galego) ou a

caída da competencia oral entre a mocidade, merecerían un tratamento específico. A algúns lectores poderalles parecer que o tratamento destes e doutros temas é insuficiente: as características da colección impedíronnos unha discusión máis pormenorizada, do mesmo xeito que nos obrigaron a seleccionar só uns poucos sectores. O lector interesado en afondar nos contidos deste estudio pode recorrer ó volume primeiro do MSG, do que este traballo é só un compendio.

O estudio advirte da importancia que adquiren para unha axeitada comprensión da situación sociolingüística de Galicia aspectos coma o influxo da realidade cultural nos feitos lingüísticos ou a relatividade do concepto de fidelidade lingüística. Paradoxalmente, a maior competencia escrita en galego, salvando as variacións que introducen a idade e o hábitat, achámola a miúdo entre quen non aprendeu a falar neste idioma. Por outra banda, aínda que o estudio corrobora moitas das tendencias do cambio lingüístico na dimensión interxeracional, tamén advirte da necesidade dunha interpretación minuciosa no eixe intraxeracional e do papel que desempeña neste proceso certa presión sociolóxica que se reflicte especialmente no hábitat urbano. O lector poderá, así mesmo, comproba-la evolución da competencia e o seu ritmo. O estudio confirma que no último decenio se produciu unha notable mellora na competencia escrita, especialmente entre a mocidade. Entre os factores que explican tal progresión atópase, sen dúbida, o da implantación do galego nas aulas.

Finalmente, cómpre resaltar que o traballo presenta tres posibles niveis de lectura. O primeiro corresponde á parte gráfica: mapas e gráficos tentan resumir de forma plástica os fenómenos máis relevantes detectados. Un segundo nivel constitúeno os comentarios sobre estes fenómenos; aínda que algunhas veces puidesen parecer redundantes, cumpren unha función orientadora e explicativa relacionando cada parte co conxunto do traballo. Por último, ofrecémo-la posibilidade dunha lectura minuciosa a través das táboas de continxencia entre os factores independentes nos que se basea calquera estudio sociolingüístico -idade, hábitat, sexo, etc.- e as variables que configuran o esquelete deste traballo. Quixemos, deste xeito, que o rigor científico non fose un obstáculo para divulgar unha realidade que, en definitiva, é de todos.

1
METODOLOXÍA XERAL NA ELABORACIÓN DO MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO DE GALICIA

1.1. *Metodoloxía.*

A metodoloxía seguida na fase definitiva do MSG apóiase, no esencial, na ensaiada co inquérito previo na zona de Ferrol, aínda que, obviamente, incorpóranse no estudio definitivo elementos que non eran necesarios no previo, como son os criterios para establecer unidades de representatividade, para a clasificación de concellos, etc.

Esta metodoloxía debía adecuarse ó tipo de datos e ó tamaño da mostra que iamos manexar. Ademais de elabora-lo cuestionario que aparece incluído como apéndice[1], tiñamos que deseñar unha mostra representativa da poboación de Galicia e decidir unha unidade de

---

[1] *Unha versión previa deste cuestionario foi probada anteriormente no inquérito piloto da zona de Ferrol, e aparece recollido como apéndice en M. Fernández & M. A. Rodríguez Neira (coords.) (1993).* ***Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá****. A Coruña: Real Academia Galega. O cuestionario que o lector pode atopar como apéndice 2 a este volume é unha evolución daquel, tras reduci-lo número de preguntas, pecha-las abertas, modificar algunhas -na súa formulación, nas alternativas de resposta ou no tipo de escala- e homoxeniza-lo máis posible as posibilidades de resposta das que formaban unha batería (a batería de usos, de competencia, de actitudes, etc.), para así facilita-la comparación dos resultados.*

representatividade (concello, provincia, Galicia como conxunto)[2]. A formulación inicial consistía na obtención dunha mostra estatisticamente significativa cunha marxe de erro máxima do 3% e un nivel mínimo de confianza do 95% para os trescentos trece concellos de Galicia. Supoñendo o estudio dunha variable cualitativa igualmente distribuída, estas especificacións esixían unha mostra dunhas mil entrevistas por concello, obviamente inviable desde o punto de vista económico. Unha vez consideradas as dispoñibilidades económicas, as esixencias de tempo e esforzo que impoñía o cuestionario e as diferentes posibilidades (e que desaxabamos contar cunha unidade de representación menor cá provincia), tomouse, xa que logo, a decisión de agrupa-los concellos noutras entidades máis amplas, que denominamos *sectores*, e que responden a criterios que a seguir detallamos.

Logo dunha análise do obxectivo da investigación, e contando coa realización do referido inquérito piloto, observouse que a competencia, as actitudes e os usos lingüísticos non dependen tanto da situación xeográfica do concello coma do tipo de «hábitat» e da estructura económica do mesmo (urbano/rural, industrial/agrario, etc). De aí que se optase por agrupa-los concellos en sectores de acordo co número de habitantes e coa porcentaxe de ocupados en cada sector económico. Segundo o número de habitantes, diferenciamos catro categorías:

- Concellos con menos de 5.000 habitantes maiores de quince anos.
- Concellos con 5.000 ou máis habitantes e menos de 10.000 maiores de quince anos.
- Concellos con 10.000 ou máis habitantes e menos de 50.000 maiores de quince anos.
- Concellos con máis de 50.000 habitantes (coinciden cos das sete cidades galegas).

Os únicos sectores que corresponden a un só concello e que se investigaron por separado foron as sete cidades de Galicia: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra.

Segundo a porcentaxe de poboación ocupada en cada sector económico, establecemos tres categorías:

[2] *O deseño da mostra foi realizado polo profesor Eduardo J. Pis, do Departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago de Compostela.*

- Concellos con máis do 33% da poboación na Agricultura e na Enerxía.
- Concellos con máis do 33% da ocupación en Industria e Construcción ou máis do 33% en Servicios.
- Concellos que cumpren ámbolos dous criterios.

Aínda que a proximidade territorial non foi considerada relevante, respectáronse as divisións provinciais, de xeito que os sectores agrupasen só concellos da mesma provincia.

Dada a necesidade de ter información sobre a distribución de ocupados a nivel municipal, e ó non dispoñerse no momento de deseñalo inquérito dos datos do *Censo de Poboación e Vivendas* de 1991, vímonos obrigados a traballar co de 1981. Sen embargo, non descartamos realizar unha estratificación *a posteriori*[3] baseándonos nos datos de 1991.

A aplicación destes criterios levou a establecer 34 sectores, numerados do 1 ó 34, que tipoloxicamente son os seguintes:

Tamaño do concello	Máis do 33% da poboación ocupada na Agricultura e Enerxía	Máis do 33% da poboación ocupada na Industría e Construcción ou máis do 33% en Servicios	Cumprimento conxunto dos dous criterios anteriores
50.000 ou máis habitantes maiores de quince anos.		1, 2, 3, 12, 18, 24, 26	
De 10.000 a 49.999 habitantes maiores de quince anos.	27	4, 13, 25	5, 28
De 5.000 a 9.999 habitantes maiores de quince anos.	7, 14, 20, 30	6, 19, 29	8, 15, 31
Menos de 5.000 habitantes maiores de quince anos.	10, 16, 22, 33	9, 21, 32	11, 17, 23, 34

[3] *Esta estratificación consistiría na reelaboración da mostra sobre eses datos novos.*

Para cada un destes sectores estableceuse o tamaño mostral necesario para obter, como xa dixemos, resultados cunha marxe de erro máxima do 3% e un nivel de confianza do 95%. A continuación ofrecémo-lo listado dos concellos agrupados en cada sector. O tamaño mostral de cada un deles figura entre parénteses:

Sector 1 (1170)
A Coruña

Sector 2 (1153)
Santiago

Sector 3 (1155)
Ferrol

Sector 4 (1095)
Arteixo
Carballo
Fene
Narón
Noia
Oleiros

Sector 5 (1071)
Boiro
Ribeira

Sector 6 (1096)
Betanzos
Cambre
Carnota
Cee
Culleredo
Mugardos
Muros
Neda
Pobra do Caramiñal
Pontedeume
Sada
Teo

Sector 7 (1103)
Ames
Arzúa
Baña, A
Brión
Camariñas
Cedeira
Cerceda
Coristanco
Malpica
Melide
Muxía
Negreira
Ordes
Ortigueira
Outes
Ponteceso
Pontes, As
Porto do Son
Rianxo
Santa Comba
Valdoviño
Vimianzo
Zas

Sector 8 (1056)
Cabana
Laracha
Padrón

Sector 9 (1032)
Ares
Bergondo
Cabanas
Corcubión
Dodro

Sector 10 (1742)
Abegondo
Aranga
Boimorto
Boqueixón
Capela, A
Cariño
Carral
Cerdido
Cesuras
Curtis
Dumbría
Fisterra
Frades
Irixoa
Laxe
Lousame
Mañón
Mazaricos
Mesía
Moeche
Monfero
Oroso
Oza dos Ríos
Paderne
Pino, O
Rois
San Sadurniño
Santiso
Sobrado
Somozas
Toques
Tordoia
Touro
Trazo
Val do Dubra
Vedra
Vilarmaior
Vilasantar

Sector 11 (795)
Coirós
Miño

Sector 12 (1152)
Lugo

Sector 13 (1068)
Monforte
Viveiro

Sector 14 (1099)
Castro de Rei
Chantada
Cospeito
Fonsagrada, A
Guitiriz
Mondoñedo
Palas de Rei
Pantón
Sarria
Saviñao, O
Taboada
Vilalba

Sector 15 (1054)
Cervo
Foz
Ribadeo

Sector 16 (1775)
Abadín
Alfoz
Antas de Ulla
Baleira
Baralla
Barreiros
Becerreá
Begonte
Bóveda
Carballedo
Castroverde
Cervantes
Corgo, O
Folgoso do Courel
Friol
Guntín
Incio, O
Láncara
Lourenzá
Monterroso
Muras
Negueira de Muñiz
Navia de Suarna
Nogais, As
Ourol
Outeiro de Rei
Pobra de Brollón
Paradela
Páramo

Pastoriza
Pedrafita
Pol
Pontenova, A
Portomarín
Quiroga
Ribeira de Piquín
Ribas de Sil
Riotorto
Samos
Sober
Trabada
Triacastela
Valadouro, O
Vicedo
Xermade

Sector 17 (665)
Meira
Rábade
Xove

Sector 18 (1157)
Ourense

Sector 19 (1070)
Barco, O
Carballiño, O
Ribadavia
Verín

Sector 20 (1053)
Celanova
Viana do Bolo
Xinzo de Limia
Sector 21 (964)
Amoeiro
Carballeda
Rúa, A
Rubiá

Sector 22 (2022)
Allariz
Arnoia
Avión
Baños de Molgas
Baltar
Bande
Beade
Beariz
Blancos, Os
Boborás
Bola, A
Bolo, O
Castro Caldelas
Carballeda de Avia
Castrelo de Miño
Calvos de Randín
Castrelo do Val
Cartelle
Cenlle
Chandrexa de Queixa
Cualedro
Entrimo
Gomesende
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Maceda
Manzaneda
Maside
Melón
Merca, A
Montederramo
Monterrei
Muíños
Negueira de Ramuín
Oímbra
Pobra de Trives
Pereiro de Aguiar
Parada de Sil
Peroxa, A
Petín
Pontedeva
Porqueira, A
Punxín
Quintela de Leirado
Rairiz de Veiga
Ramirás
Río
Riós
San Cristovo de Cea
San Amaro
Sandiás
Teixeira, A
Toén
Trasmirás
Vilar de Barrio
Vilariño de Conso
Vilar de Santos
Vilamartín de Valdeorras
Veiga, A
Verea
Vilamarín
Vilardevós
Xunqueira de Ambía

Sector 23 (1074)
Barbadás
Coles
Cortegada
Gudiña, A
Irixo, O
Mezquita, A
Paderne de Allariz
Padrenda
Piñor
San Cibrao das Viñas
Sarreaus
Taboadela
Xunqueira de Espadanedo

Sector 24 (1170)
Vigo

Sector 25 (1088)
Redondela
Tui
Vilagarcía de Arousa

Sector 26 (1146)
Pontevedra

Sector 27 (1094)
Cangas
Estrada, A
Lalín
Ponteareas
Vilanova de Arousa

Sector 28 (1069)
Marín
Moaña

Sector 29 (1086)
Gondomar
Grove, O
Mos
Nigrán
Poio
Porriño, O

Sector 30 (1097)
Bueu
Caldas de Reis
Cambados
Cañiza, A
Guarda, A
Mondariz
Pontecaldelas
Salvaterra de Miño
Sanxenxo
Silleda
Tomiño
Vila de Cruces

Sector 31 (1049)
Baiona
Covelo
Forcarei

Sector 32 (1029)
Catoira
Cuntis
Mondariz Balneario
Pontecesures
Soutomaior

Sector 33 (1384)
Agolada
Arbo
Campo Lameiro
Cerdedo
Cotobade
Crecente
Dozón
Fornelos de Montes
Lama, A
Meis
Moraña
Neves, As
Oia
Pazos de Borbén
Portas
Ribadumia
Rodeiro

Sector 34 (1034)
Barro
Meaño
Rosal, O
Salceda de Caselas
Valga
Vilaboa

A mostra foi repartida entre os distintos concellos de forma proporcional ó seu peso demográfico no conxunto do seu sector. Dentro de cada concello a mostra estratificouse por cotas proporcionais a grupos de idade e sexo. Os grupos de idade que se tiveron en conta foron estes:

- De 16 a 19
- De 20 a 29
- De 30 a 39
- De 40 a 49
- De 50 a 59
- De 60 a 64
- De 65 en diante

Houbo dúas razóns fundamentais polas que se decidiu entrevistar individuos de 16 anos ou máis. A primeira é que a esta idade adoitan comezar a configurarse as propias tendencias de uso e a afirmarse as actitudes persoais, amosando conductas lingüísticas e opinións máis consolidadas e menos influídas ca na etapa infantil. A segunda é que o grupo de poboación menor de 16 anos é o máis estudiado ata o momento, polo que decidimos centrarnos exclusivamente na poboación adulta.

Na mostraxe definitiva distinguíronse oito tipos de hábitat[4] dentro de Galicia (que tentaban dar conta das diversas posibilidades do hábitat de nacemento e residencia): *urbano I, urbano II, periurbano, vilas I, vilas II, vilas III, rural I e rural II.* No primeiro incluíronse os núcleos de poboación de máis de 125.000 habitantes (Vigo e A Coruña). O *urbano II* constitúeno os núcleos de poboación comprendidos entre 40.000 e 124.999 habitantes (as outras cinco cidades de Galicia). O *periurbano* comprende os núcleos xeograficamente distanciados da cabeceira en concellos onde esta foi considerada *urbano I* ou *II*, pero que presentan unha forte dependencia dos núcleos urbanos. Os tres tipos de vilas distinguíronse segundo o número de habitantes dos seus núcleos: *vila I*, de 10.000 a 39.999 habitantes, *vila II*, de 5.000 a 9.999 habitantes e *vila III*, de 2.000 a 4.999. O *rural I* caracterízase por comprender núcleos de menos de 2.000 habitantes e porque presenta trazos propios dos núcleos urbanos (rúas, prazas, rede de sumidoiros, bancos, etc.). O *rural II* comprende núcleos de menos de 2.000 habitantes con asentamento disperso.

[4] *Esta categorización do hábitat non se corresponde coa realizada para agrupa-los concellos en sectores, xa que tampouco a súa finalidade é a mesma.*

Aínda que o hábitat de residencia do entrevistado non foi escollido como cota para a distribución de enquisas por concello, tentamos que nesa distribución o peso de cada hábitat en cada un dos concellos se aproximase no posible á realidade demográfica do lugar de que se tratase. Se moitos concellos presentaron problemas á hora de realiza-las rutas, pódese comprender que esta pretensión complicou aínda máis a tarefa.

As restantes variables de identificación sociolóxica do entrevistado tratámolas nos seguintes apartados, dado que non se tiveron en conta na distribución da mostra. Non cabe dúbida de que Galicia é un país onde as diferentes categorizacións das variables sociais son moi dubidosas, a primeira delas a clase social. Sen embargo, dado que polo de agora non contamos con categorizacións máis aceptables, debemos empregar estas para aprehende-la realidade á que nos enfrontamos, comprobando a súa eficacia coas diferentes análises que realizamos (e con tódalas reservas necesarias).

Esta é a ficha técnica do inquérito realizado:

Ficha técnica

Para cada un dos sectores pode resumirse como segue:

Universo: Poboación de 16 ou máis anos residente no sector.

Sectores: Agrupáronse os concellos de cada unha das provincias galegas de acordo con criterios de tamaño do concello e porcentaxe de poboación ocupada nas distintas actividades económicas. Cada un dos concellos correspondentes ás sete cidades considérase un sector. O número total de agrupacións é de 34.

Erro de mostreo: Erro máximo probable do 3% para unha característica cualitativa dicotómica con máxima dispersión (proporción igual a 0,5) e un nivel de confianza do 95%.

Tamaño mostral: Dentro de cada sector oscila entre as 665 entrevistas da mostra máis pequena e as 2.022 da máis grande, encontrándose a maioría arredor das 1.000. O tamaño total é de 38.897 entrevistas. Dentro de cada sector a mostra repartiuse de xeito proporcional entre os concellos que a integran, e asignáronse cotas por grupos de idade e de sexo.

1.2. *O cuestionario.*

Igual ca na fase provisional, o método utilizado foi a *entrevista guiada*[5] a través dun cuestionario, no que tódalas preguntas, salvo a idade do entrevistado, a súa profesión e a de seus pais, se presentaron pechadas e con varias posibilidades de resposta. As preguntas abertas recodificáronse posteriormente co fin de facilita-lo seu tratamento informático e estatístico. Neste volume presentámo-lo cuestionario no apéndice 2.

O cuestionario definitivo comprendía 148 preguntas (aínda que o entrevistado non tiña que contestar a todas elas), resultado final do proceso de depuración e perfeccionamento do cuestionario-piloto xa comentado anteriormente. Estes son os aspectos que pretendemos abordar con el:

1. Datos de identificación persoal do entrevistado: nome, lugar de nacemento e de residencia, sexo, idade, profesión, estudios, etc.
2. Competencia lingüística: dominio do galego do entrevistado e da súa familia.
3. Historia (socio)lingüística do entrevistado: lingua inicial, lingua empregada no ámbito escolar, variedades usadas polos familiares máis próximos nas interrelacións cos entrevistados.
4. Usos lingüísticos do entrevistado en distintas situacións: no medio familiar, cos amigos, no traballo, na Administración, etc.
5. Actitudes e prexuízos lingüísticos: sobre o uso do galego en diferentes espacios, sobre a utilidade do galego en relación co castelán, sobre o aumento do uso do galego, sobre os galegofalantes e os castelanfalantes, etc.

[5] *Escollémo-lo termo* ***entrevista guiada*** *dado que nin* ***enquisa*** *nin* ***entrevista*** *expresan con propiedade o método empregado. O entrevistador interrogaba o informante seguindo o cuestionario, e nalgunhas ocasións mantiña exactamente a formulación que as preguntas tiñan nel, como é o caso das preguntas sobre actitudes. O esforzo do informante reduciuse facilitándolle cartóns coas posibilidades de resposta. Sen embargo, a lonxitude do cuestionario e certa clase de información requirida non aconsellaban un interrogatorio continuo e sistemático, senón unha interacción a medio camiño entre o interrogatorio e o diálogo, apoiado no cuestionario. Ademais, algunhas respostas tiñan que ser adscritas polo entrevistador a unha das categorías de acordo co que podía ser considerado o seu contido máis relevante. O cuestionario da fase previa apoiábase no entrevistador aínda máis, xa que contiña moitas preguntas abertas que no definitivo aparecen pechadas.*

6. Conciencia sociolingüística do entrevistado: lingua habitual da xente nova, futuro das linguas en Galicia, uso do galego con respecto a diferentes momentos no último medio século, etc.
7. Cuestións de control (cubertas polo entrevistador).
8. Outras.

Procurouse que o cuestionario contemplase non só os aspectos sociolingüísticos descritivos da competencia, usos, actitudes e crenzas do entrevistado, senón tamén outros que, non estando directamente relacionados con el, ou sendo mesmo marxinais, axudan a xustifica-la competencia e a interpreta-la conducta e as actitudes lingüísticas dos entrevistados[6].

Considerouse que as características do lugar de nacemento (cidades, vilas ou aldeas) e o enclave xeográfico do mesmo (interior, costa ou montaña) podían incidir de forma distinta na competencia, usos e actitudes cara ó galego, dadas as diferentes relacións socioeconómicas predominantes en cada un deles. Así mesmo, prestóuselle atención a que o entrevistado fose natural de Galicia ou vivise algún tempo fóra, sen esquece-las características lingüísticas dese lugar de residencia, xa que habitar no pasado en comunidades onde existía unha situación de contacto lingüístico podía predispoñe-lo entrevistado a responder de forma distinta ca se non vivise nesas circunstancias.

Así mesmo, introducíronse preguntas para coñece-los datos lingüísticos de catro xeracións (avós, pais, entrevistado e fillos do entrevistado) e poder analiza-la evolución do uso das linguas, diferenciando entre os dous sexos por se esta variable tiña algunha incidencia[7]. Atendendo á evolución lingüística do propio entrevistado, incluíronse preguntas sobre os usos lingüísticos en catro períodos da súa vida nos que acostuman producirse cambios persoais que poden favorecer unha variación de usos e actitudes. Para dar conta de diversidade no uso diario das linguas, introducíronse cuestións que abordaban o cambio de lingua en distintas situacións (no traballo, cos amigos, coa parella, cos veciños, nas dependencias administrativas, etc.) e tamén a tendencia á converxencia ou á diverxencia de lingua cando o entrevistado está nun grupo onde se fala un idioma distinto da súa lingua habitual.

[6] *Exemplo destas últimas son as preguntas 76, 77, 78, 88... (véxase apéndice 2).*
[7] *Non só incidencia no uso, senón tamén na competencia e nas actitudes.*

Respecto ás actitudes lingüísticas, considerouse fundamental investiga-la opinión dos entrevistados sobre a inclusión do galego en ámbitos formais nos que ata agora tiña unha presencia escasa (nun contrato laboral, nun pleito, nos actos relixiosos, nos mass-media, na escola, etc.), e a súa valoración, en relación co castelán, para certas actividades como explicar determinadas asignaturas, tanto no pasado escolar do entrevistado coma no presente. Tamén se tratou de comproba-la existencia ou inexistencia de prexuízos cara ós usuarios do galego (posibilidades de medre social, calidades estéticas do galego, etc.) en tanto variables que poden gardar relación coa conducta lingüística adoptada en determinados ámbitos sociais.[8]

Pasamos a continuación a falar das variables de identificación persoal do entrevistado, aínda que algunhas delas (sexo, idade e hábitat de nacemento e de residencia) xa foron tratadas en parte anteriormente.

O que pretendiamos coa recollida da diversidade de categorías de idade e de hábitat de nacemento e residencia xa sinaladas, era dispor dunha información o máis detallada e precisa posible, sen impedimento de que máis tarde e por necesidades de operatividade e manexabilidade, todas esas categorías fosen agrupadas doutro xeito. En canto á idade, a agrupación máis frecuente foi en catro categorías:

1.- de 16 a 25 anos
2.- de 26 a 40 anos
3.- de 41 a 65 anos
4.- máis de 65 anos

Sen embargo, esta agrupación fíxose en ocasións de xeito máis detallado, e iso gracias a que a codificación da idade foi numérica: no cuestionario recollémo-la idade exacta do entrevistado, agrupándoa posteriormente. Neste mesmo volume categorízase esta variable de diferentes formas.

Tamén o hábitat foi agrupado de diferentes formas segundo as esixencias de cada análise; no seu caso, a modificación das categorías establecidas só se podía facer por agrupación, xa que os individuos foran adscritos a ditas categorías desde o principio, e non admitían readscrición coma no caso da idade. Unha das agrupacións máis habituais foi a de

[8] *As respostas dos entrevistados a moitas das preguntas non teñen por que coincidir exactamente coa realidade. Isto é algo que poucas veces se subliña. Co cuestionario averiguamos como cre o entrevistado que son as cousas, non necesariamente como en realidade son. Isto é un risco que se debe reducir co xeito de formula-las preguntas e coa forma en que o entrevistador leva a enquisa.*

urbano, periurbano, vila, rural-1 e rural-2. No presente volume xuntamos ás veces o periurbano co urbano e o rural-1 co rural-2 (cfr. as análises de Galicia como unidade en cada capítulo). Cómpre subliñar que en cada sector aparece un número moi limitado de tipos de hábitat que o definen, xa que ó establece-las rutas de entrevista reflectimos no posible o peso real de cada hábitat en cada concello: por iso son poucos os casos en que as frecuencias resultantes dos cruzamentos non permiten sacar conclusións.

A clasificación das profesións foi quizais a máis laboriosa das feitas coas variables manexadas para a identificación social do entrevistado. En principio, empregamos unha ampla variedade de categorías para a profesión do entrevistado, que se viu reducida para as profesións do pai e da nai[9]. O risco de operar con tal número de profesións, dado que se atopaban frecuencias moi baixas na maior parte das celdas, fixo que fosen recodificadas nas seguintes:

1.- Empresarios da industria, comercio, minería, pesca, construcción, transportes e servicios autónomos.
2.- Persoal de titulación superior ou media.
3.- Profesións liberais.
4.- Docentes.
5.- Forzas armadas.
6.- Funcionarios e empregados da administración estatal, autonómica e local.
7.- Persoal de servicios.
8.- Autónomos.
9.- Labradores.
10.- Mariñeiros.
11.- Obreiros.
12.- Estudiantes.
13.- Amas de casa.
14.- Persoas que non tiveron primeiro emprego.

Aínda así, na maior parte das ocasións só puidemos obter información relevante dalgunhas das profesións, cando ían agrupadas en grandes categorías. Malia a que non se poidan elaborar gráficos significativos nin analizar por separado tódolos grupos diferenciados, pódense sacar conclusións das tendencias naquelas profesións que máis abundan nos distintos sectores (amas de casa, estudiantes, labradores, mariñeiros, etc.) mediante a observación das frecuencias. Por iso pareceunos útil e

[9] *Evidentemente, o obxecto da análise é o entrevistado, non seus pais, de aí esta reducción.*

necesario incluí-los cruzamentos con esta variable independente en moitas das táboas realizadas, aínda que fose imposible facelo nos gráficos.

Como a clase social é unha variable sociolóxica complexa, e dado que resulta fundamental para explicar determinadas tendencias na investigación sociolingüística, foi necesario que o entrevistador a establecese tendo en conta a profesión, os estudios e o nivel de ingresos declarado polo entrevistado, así como o medio residencial observado. As clases sociais que se estableceron foron as seguintes:

- Baixa.
- Media.
- Alta.
- Media-baixa.
- Media-alta.

Posteriormente, a alta foi agrupada coa media-alta debido á baixa frecuencia de entrevistados daquela.

Polo que atinxe ó nivel de estudios do entrevistado, diferenciamos en principio oito categorías:

- Ningún.
- Primarios incompletos.
- Primarios completos.
- Formación profesional (F.P.).
- Bacharelato.
- Carreira universitaria de grao medio.
- Carreira universitaria de grao superior.
- Outros estudios.

Polas mesmas razóns de operatividade xa comentadas, estas categorías foron recodificadas na maior parte dos casos en cinco:

1.- Ningún.
2.- Primarios (completos e incompletos).
3.- Secundarios (Bacharelato e F.P.).
4.- Universitarios (grao medio e superior).
5.- Outros.

As entrevistas foron realizadas entre abril e setembro de 1992, seguindo o método de rutas aleatorias da fase provisional, e supervisadas entre abril e decembro do mesmo ano.

1.3. *O sistema de rutas aleatorias.*

O método seguido para garanti-la aleatoriedade da selección de entrevistas foi o de *rutas aleatorias.* Con este método, cada ruta vén

determinada por un punto de partida, un número de entrevistas a realizar (entre 10 e 15 en núcleos urbanos e un máximo de 10 no rural) e unhas cotas de idade e sexo a cubrir. A cota de hábitat da que xa falamos cóbrese coa selección do punto de partida de cada unha das rutas dun concello. A partir de aquí, o entrevistador ten que seguir unhas pautas de selección de edificio, vivendas e individuos xa marcadas, e que favorecen a aleatoriedade precisamente por vir predeterminadas.

O trazado das rutas varía dependendo da estructura poboacional do núcleo no que se traballa. O primeiro edificio seleccionado é o do punto de partida. Se un edificio ten varias escaleiras, cada unha considérase coma un edificio independente. Os edificios públicos, hosteleiros, de oficinas, ou que sirvan de vivenda colectiva (residencias, cuarteis, etc.), consideráronse como inexistentes ó segui-la ruta. Só serven aqueles que teñan vivendas en parte ou totalmente.

En núcleos con estructura urbana, o entrevistador avanza desde o punto de partida no sentido dos enderezos con maior numeración. Cando chega a un cruzamento de rúas, xirará alternativamente á dereita e á esquerda avanzando en zig-zag de rúa en rúa (unha bifurcación de rúas será considerada tamén como un cruzamento). A ruta constitúea a beirarrúa esquerda de cada rúa percorrida (véxase a figura 1). No caso de chegar a unha praza, descampado, vía de ferrocarril, ou a un valado extenso, seguirase a ruta no sentido pertinente e sairase da praza no punto máis próximo posible (véxase a figura 2).



Figura 1



Figura 2

Cando o núcleo onde se traballa é rural disperso, a ruta seguirase en espiral desde o punto de partida e no sentido das agullas do reloxo. A espiral irá de fóra cara a dentro ou á inversa, dependendo de se o punto de partida está na parte externa ou na interna do núcleo

(véxanse as figuras 3 e 4). Se nos atopamos nun núcleo rural de estructura lineal, avanzamos en zig-zag dunha beirarrúa a outra, e sempre no sentido dos enderezos con numeración progresivamente máis elevada (véxase a figura 5).



Figura 3



Figura 4



Figura 5

Nas follas de ruta incluíase unha táboa de números aleatorios que debían determina-la forma de selección das vivendas[10]. As entrevistas realizadas debían ir cubrindo a mostra asignada á ruta, tanto en número como na súa distribución por idade e sexo; a inadecuación entre

[10] *O eixo horizontal da táboa mostra unha sucesión numérica do 1 ó 15 que representa a secuencia ordinal das 15 entrevistas a realizar, como máximo, en cada ruta. Da súa parte o eixo vertical mostra unha sucesión numérica do 1 ó 10 que representa os diferentes valores hipotéticos que poden acadar as tres variables utilizadas sucesivamente na selección da última unidade mostral:*
- Nº de andares do edificio.
- Nº de portas en cada andar.
- Nº de individuos en cada domicilio.

individuo/-s seleccionado/-s e mostra implicaba a substitución do/-s primeiro/-s.

A aplicación do cuestionario realizouse no mesmo domicilio do entrevistado[11]. Entrevistouse como máximo a unha persoa en cada enderezo, o que deu lugar a que nalgúns concellos fose imposible completa-la mostra inicial. As unidades restantes foron reasignadas ata completa-la mostra global. O traballo de campo desenvolveuse, como dixemos anteriormente, no período que vai de abril a setembro de 1992.

Só tres eventualidades podían explica-la imposibilidade de realizar entrevistas[12]: a negativa a colaborar, a inadecuación entre mostra

Referíndonos agora ás dúas primeiras, diremos que con estes datos, a mecánica de selección é a que segue.
a) Selección do andar: realízase cruzando o número de orde da entrevista na ruta co número de andares habilitados como vivendas do edificio.
b) Selección da porta: realízase cruzando o número de orde da entrevista na ruta co número de portas do andar seleccionado. Se as portas non están numeradas alfabeticamente (numeración que respectamos), numerámolas do 1 en diante e de esquerda a dereita.
En caso de non poderse realiza-la entrevista no domicilio seleccionado, intentámolo no que o segue inmediatamente na orde de selección; de non poder ser no andar seleccionado, intentarase no inmediatamente superior. Dado que non se pode retroceder no ciclo de selección, só no hipotético caso de agotar por arriba os posibles domicilios dun edificio a partir do primeiro domicilio seleccionado, poderase aborda-lo primeiro domicilio do primeiro andar que por baixo estea habilitado como vivenda, e así sucesivamente ata chegar a aquel primeiramente seleccionado; se nese caso non se puido realizar ningunha entrevista, procederase á substitución do edificio.
En cada edificio só pode facerse unha entrevista, a menos que teña máis de 6 andares. Nesta eventualidade o edificio dividiuse en dúas metades de xeito que se o número de andares era impar, o sobrante atribúese á parte máis baixa; neste momento selecciónase a primeira entrevista usando a táboa como se o edificio tivese só o número de andares resultante da división. Para a segunda entrevista considérase na táboa o total de andares.
De xeito análogo á de andares e portas, a selección dos individuos realízase cruzando o número de entrevista na ruta co número de habitantes do domicilio seleccionado que, como se dixo, consta na táboa. Os individuos numéranse en orde decrecente de idade -a igual idade dase prevalencia ós homes. A selección, por tanto a numeración, restrínxese ós individuos que pernoctaron a noite anterior e que, previsiblemente, o farán a seguinte; que son residentes no concello e que están no límite de idade que interesa ó estudio.

[11] *Non estimamos conveniente face-las entrevistas nin localiza-los entrevistados en locais comerciais, bares, etc., nin os tivemos en conta á hora de segui-la folla de ruta.*

[12] *Neste punto é interesante clarificar que no caso de que no momento preciso da abordaxe do domicilio non fose posible a realización da entrevista, concertábase a súa realización para un momento ulterior e o desenvolvemento da ruta continuábase, considerando esa entrevista a efectos de selección como realizada. A entrevista debía realizarse ó suxeito seleccionado; se non era posible substituíase polo inmediatamente superior. No caso hipotético de agota-los individuos, procedíase sucesivamente, de xeito análogo á selección de domicilios, a partir do número 1 ata chegar ó primeiramente seleccionado. Se nese punto non era posible realiza-la entrevista, o domicilio debía ser substituído.*

e individuos seleccionados e a ausencia de contacto (vivenda deshabitada, habitantes ausentes, etc.). Cando era así, debíanse substituír por outras, o que se plasmaba na *folla de ruta*[13].

1.4. *Depuración do traballo de campo.*

O deseño do cuestionario e o da mostra son piares fundamentais para calquera investigación deste tipo, pero teñen que ir acompañados -durante e despois da realización das entrevistas- dun seguimento serio da validez destas, depurando aquelas que por diversas razóns sexan (total ou parcialmente) inadecuadas. A supervisión levárona a cabo a empresa concesionaria da segunda fase da investigación, *Obradoiro de Socioloxía, S.A.*, e os membros do Seminario de Sociolingüística, in situ ou mediante comprobación telefónica e filtros informáticos, seleccionando aleatoriamente as rutas e os cuestionarios que debían ser validados. Ademais de facer un seguimento da aplicación do traballo de campo, comprobouse se a aparente incoherencia entre respostas era debida ó entrevistado ou ó entrevistador, e subsanáronse os erros de cobertura (é dicir, aquelas respostas que non procedían polas condicións sociolóxicas do entrevistado ou pola resposta que este dera a preguntas anteriores). A contradicción entre respostas só nos interesou cando revelaba erros no procedemento da entrevista (se se fixo a quen non se debía, se non se fixo adecuada ou totalmente, etc.): o entrevistado pode non ver contradictorios algúns dos contidos por el expresados aínda que a nós nolo parezan. O proceso de depuración debía garanti-la bondade dos datos que iamos manexar, polo que as súas fases foron

[13] *A folla de ruta é unha ferramenta que serve para controlar se os entrevistadores seguiron a mecánica establecida, xa que nela reflicten o proceso de selección. Nela aparecen os datos referidos á selección de entrevistas efectivamente realizadas (non erradas) e o número de rexeitamentos:*
- Número de orde da entrevista na ruta.
- Enderezo completo onde se realizou a entrevista: rúa, praza ou lugar, número do edificio, andar e porta onde está o domicilio en que se realizou.
- Número de andares do edificio seleccionado.
- Número de portas no andar seleccionado.
- Número de rexeitamentos: isto é, só negativas a colaborar desde a primeira selección feita para a realización desa entrevista ata a súa realización efectiva.
Ademais destes datos, na folla de ruta consta como encabezamento o concello e a provincia nos que se realizaron as entrevistas, o número de ruta e folla, a identificación do entrevistador e o punto de partida da ruta. Inclúe tamén a táboa de números aleatorios usada para a selección.
As follas de ruta debían ser entregadas ó gabinete, cubertas na súa totalidade e adxuntas ás entrevistas -ordenadas numericamente- que conforman a ruta.

deseñadas con moito coidado. Os aspectos que se pretendían verificar eran os seguintes: adecuación á mostra, cumprimento da metodoloxía deseñada para a cobertura do cuestionario e coherencia da información. Incluímos na depuración a codificación dalgunhas preguntas así como datos de clasificación.



Figura 6

Os procesos de depuración da empresa de *consulting* constaron de cinco fases:

1.- Predepuración: nesta fase verificouse a pertinencia mostral, é dicir, a correspondencia en cada ruta entre mostra teórica e mostra real.

2.- Codificación de cabeceira e preguntas abertas: nesta fase codificáronse aqueles aspectos que debían ser recollidos con código numérico e que non o foron durante a entrevista: código de provincia, de concello, de hábitat de nacemento e de residencia e a profesión do entrevistado.

3.- Verificación básica: afecta a cuestións tales como a cobertura a lapis, a lexibilidade dos datos textuais e a correcta localización dos códigos nas caixas.

4.- Verificación de grafo: comprobouse que non faltaban respostas en ningún caso, a pertinencia de

certos códigos de resposta coas dadas noutras preguntas, a linealidade e conveniencia do salto entre certas preguntas do cuestionario e a cobertura dos *datos de control* (día e hora da entrevista, para posteriores comprobacións).

5.- Verificación de coherencia: comprobouse que as respostas ás diferentes preguntas eran coherentes entre si (xa antes nos referimos a que tipo de coherencia nos interesa). Así, os menores de 25 anos non deberían contesta-la pregunta de qué falaba a partir dos 31 anos, ou os que din non ter estudios non deberían contestar preguntas referidas á vida escolar do entrevistado.

Esta supervisión de coherencia foi tamén realizada cun filtro informático. Este filtro descubría tamén erros cometidos durante a gravación dos datos en soporte magnético.

A detección de erros levaba consigo na maioría dos casos a devolución e repetición do traballo detectado. Se a persoa encargada da supervisión positiva o consideraba necesario, podía destina-los cuestionarios que conforman unha ruta á supervisión de reforzo.

Ademais da supervisión realizada pola empresa de *consulting* durante e despois da realización das entrevistas, o Seminario de Sociolingüística realizou unha propia, que se centrou en:

- Comprobación *in situ* das rutas realizadas, da duración das entrevistas, etc.
- Comprobación telefónica de entrevistas e rutas escollidas ó chou.
- Comprobación da coherencia entre algunhas respostas.

Na comprobación *in situ* e telefónica facíanselle algunhas das preguntas ó entrevistado para comprobar que a resposta recollida se correspondía coa dada. Ademais, pedíaselle a súa opinión sobre o inquérito a fin de mellorar no posible a súa realización. Cando se detectaban erros, comunicábanselle á empresa para que os corrixise.

A depuración prolongouse durante os cinco meses da fase de entrevistas e aínda catro meses máis (mentres correccións manuais posteriores, o tecleo dos datos e as primeiras análises revelaban erros non detectados anteriormente).

O PRESENTE VOLUME

O MSG ten previsto, como xa dixemos, recoller información sobre tres grandes apartados ou temas da sociolingüística: en primeiro lugar, a competencia lingüística e a lingua inicial; en segundo, os usos lingüísticos; e, por último, as actitudes lingüísticas. Este volume, primeiro dos previstos, dedicámolo á descrición e análise da competencia lingüística e da lingua inicial en Galicia. O termo competencia lingüística ten sido usado de moi diversas maneiras na lingüística da segunda metade do século, pero nos ámbitos máis próximos ou propios da demolingüística acostúmase entender por competencia lingüística o dominio que o falante ten das distintas destrezas dalgunha variedade lingüística determinada, xa sexa entendela, falala, lela e/ou escribila. Este é o sentido que ten neste traballo.

Por lingua inicial entendemos, á súa vez, aquela á que o individuo está exposto desde o seu nacemento no ámbito familiar, e que é a primeira en adquirir. Trátase, na maior parte dos casos, da lingua da familia, transmitida de pais a fillos, dunha xeración a outra[1]. A característica máis

[1] *Dado que isto non sempre é así, decidimos chamarlle sempre lingua inicial á primeira lingua aprendida. Tense ás veces empregado o termo lingua materna con este mesmo valor, a causa da súa coincidencia habitual, mais nós non pretendemos igualar o que é a lingua tradicional da familia -dos pais, dos avós, etc.- e a lingua inicial. Entendemos que o termo lingua materna pode chamar a erros.*

O PRESENTE VOLUME

O MSG ten previsto, como xa dixemos, recoller información sobre tres grandes apartados ou temas da sociolingüística: en primeiro lugar, a competencia lingüística e a lingua inicial; en segundo, os usos lingüísticos; e, por último, as actitudes lingüísticas. Este volume, primeiro dos previstos, dedicámolo á descrición e análise da competencia lingüística e da lingua inicial en Galicia. O termo competencia lingüística ten sido usado de moi diversas maneiras na lingüística da segunda metade do século, pero nos ámbitos máis próximos ou propios da demolingüística acostúmase entender por competencia lingüística o dominio que o falante ten das distintas destrezas dalgunha variedade lingüística determinada, xa sexa entendela, falala, lela e/ou escribila. Este é o sentido que ten neste traballo.

Por lingua inicial entendemos, á súa vez, aquela á que o individuo está exposto desde o seu nacemento no ámbito familiar, e que é a primeira en adquirir. Trátase, na maior parte dos casos, da lingua da familia, transmitida de pais a fillos, dunha xeración a outra[1]. A característica máis

---

[1] *Dado que isto non sempre é así, decidimos chamarlle sempre lingua inicial á primeira lingua aprendida. Tense ás veces empregado o termo lingua materna con este mesmo valor, a causa da súa coincidencia habitual, mais nós non pretendemos igualar o que é a lingua tradicional da familia -dos pais, dos avós, etc.- e a lingua inicial. Entendemos que o termo lingua materna pode chamar a erros.*

salientable da lingua inicial é que se aprende espontaneamente na interacción cotiá a través da conversación. En comunidades lingüísticas onde conviven dúas ou máis linguas, coma no caso do galego, pode haber individuos bilingües iniciais. Debido á permeabilidade da sociedade galega, hai casos nos que os pais proceden de ambientes lingüísticos diferentes, polo que cada un ou os dous poden falarlles ós fillos en linguas diferentes. Deste xeito, pódese pensar na familia coma nunha rede de relacións con diferentes ámbitos caracterizados polo uso de códigos distintos, por unha mestura de códigos, pola súa alternancia nos mesmos ámbitos, etc.

Tanto a competencia lingüística coma a lingua inicial son especialmente importantes á hora de confeccionar un mapa sociolingüístico. A súa inclusión nun volume conxunto xustifícase pola relación existente entre ambas. En termos xerais, parece claro que os individuos deben ser máis competentes na lingua na que aprenderon a falar. Sen embargo, isto non é tan evidente cando nos referimos exclusivamente á competencia escrita aprendida na escola, xa que a lingua inicial incide fundamentalmente na competencia oral, tanto activa (falar) coma pasiva (entender).

Este volume recolle información sobre a competencia do entrevistado e dos seus pais e avós, segundo a estimación do propio entrevistado. Pretendiamos ter información inter- e intraxeracional das catro destrezas lingüísticas básicas representadas en dous eixes distintos: oral/escrita, activa/pasiva. Por outra banda, necesitabamos ve-lo resultado das correlacións entre estas habilidades e as variables de carácter social, polo que elaboramos unha matriz de cruzamentos na que estas últimas actuaron como variables independentes. Así, tivemos en conta o sexo, a clase social, os estudios, a profesión, o hábitat e a idade dos entrevistados á hora de elabora-los índices de frecuencia e de porcentaxes. Durante as exploracións realizadas tivemos en conta tamén a lingua habitual dos entrevistados, que serviu como variable de control para analiza-los posibles cambios en relación coa lingua inicial.

Ademais das preguntas relacionadas coa competencia e a lingua inicial, tamén nos pareceu oportuno introducir unha cuestión relacionada cos ámbitos nos que o entrevistado aprendeu o galego. Queriamos saber, en primeiro lugar, qué outros medios, á parte da familia, son os habituais para a aprendizaxe da lingua galega. Coñecido isto, interesábanos comprobar se había algunha relación entre as distintas canles de adquisición da lingua e o seu dominio, ou a procedencia sociodemográfica dos falantes.

As preguntas que achegan as variables independentes empregadas neste volume xa foron tratadas no capítulo de metodoloxía; alí tamén recollémo-las diferentes agrupacións realizadas coas opcións de resposta. Agora ocuparémonos das preguntas relativas ás variables dependentes deste primeiro volume do proxecto. A numeración das preguntas correspóndese coa do cuestionario (véxase apéndice 2).

Como lingua inicial do entrevistado considerámo-la resposta á seguinte pregunta: P. 15: *¿En que lingua aprendeu a falar?*, con catro posibilidades de resposta: *galego, castelán, as dúas e outras* (sen especificar cales).

Para averiguar cal é o dominio do entrevistado para cada destreza do galego, fixémo-la seguinte pregunta P. 16: *¿Cal é o seu dominio do galego?*, con posibilidades de responder nas catro destrezas indicadas máis arriba. Ademais, para cada unha delas optamos por abrir unha batería de respostas de carácter ordinal que serviría para o grao de dominio. As posibilidades eran: *moito, bastante, pouco e nada.* Por operatividade, a menos que se indique, fálase de dominio (efectivo) de calquera das destrezas a partir das sumas dos valores *bastante* e *moito*:

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	N.P.
Enténdeo	4	3	2	1	9
Fálao	4	3	2	1	9
Leo	4	3	2	1	9
Escríbeo	4	3	2	1	9

Coa pregunta P. 18: *¿Cal é/era o dominio do galego na súa familia?* recolleuse información sobre o dominio do galego nas dúas xeracións que precedían a do entrevistado, polo que nun dos eixes aparecían *o pai, a nai, o avó e a avoa*, mentres que noutro presentamos unha secuencia de posibilidades que ía desde *ningún* (dominio) ata o dominio das catro destrezas, como aparece na táboa seguinte[2]:

[2] *As etiquetas desta táboa corresponden ós seguintes valores: A. Ningún dominio; B.Pode entendelo galego; C. Pode entendelo e falalo; D. Pode entendelo, falalo e lelo; E. Pode entendelo, falalo, lelo e escribilo; F. Pode entendelo, lelo e escribilo; G. Non procede, non sabe ou non contesta. Con posterioridade recodificouse F como E, xa que eran moi pocos os que entraban naquela categoría.*

	A	B	C	D	E	F	G
Pai	1	2	3	4	5	8	9
Nai	1	2	3	4	5	8	9
Avó	1	2	3	4	5	8	9
Avoa	1	2	3	4	5	8	9

A pregunta P. 17: *¿Como aprendeu a fala-lo galego?* foi pechada coas seguintes posibilidades: *familia, escola, amigos, veciños, traballo e outros.* A diferencia que reflicten as dúas opcións maiormente elixidas (*familia e escola*) semella responder á dicotomía *aprendizaxe espontánea/aprendizaxe formal.*

Á parte dos cruzamentos nos que a variable independente é de tipo social, interesounos saber en que medida a lingua inicial presentaba certa correlación coas preguntas que trataban da competencia, tanto no caso do entrevistado coma no das outras dúas xeracións. Así pois, elaborouse unha nova matriz na que a variable de control pasou a se-la lingua inicial do entrevistado.

As limitacións de espacio desta publicación facían inviable unha análise detida de cada un dos 34 sectores en que dividimos Galicia. Decidimos entón facer unha selección de 6 sectores[3] que son os que seguen:

Provincia da Coruña: A Coruña cidade (sector 1) e Santiago (sector 2).

Provincia de Lugo: Lugo-2 (sector 13) e Lugo-5 (sector 16).

Provincia de Ourense: Ourense-4 (sector 21).

Provincia de Pontevedra: Pontevedra cidade (sector 26).

Pódese pensar que a selección realizada é máis ben curta, ou mesmo inadecuada. Era imposible realizar unha selección máis ampla se queriamos estudiar minimamente en profundidade as cuestións tratadas. En canto á inadecuación, non pretendemos que estes seis sectores sexan representativos de todos e cada un dos 34 en que dividimos Galicia, senón tan só que reflictan o que ocorre en diferentes tipos de sector (cidades grandes como A Coruña, pequenas como Santiago, Lugo ou Pontevedra -diferenciadas á súa

[3] *Para ver que concellos se integran en cada un dos sectores e que tipo de hábitat e de estructura ocupacional presentan, véxase o capítulo anterior.*

vez pola súa estructura económica-, sectores con vilas grandes como Lugo-2 -Viveiro, Monforte-, con vilas pequenas como Ourense-4 -Amoeiro, Carballeira...-, sectores rurais como Lugo-5 -Abadín, Alfoz, Antas de Ulla...). Evidentemente, estes seis sectores non esgotan a casuística, mais coidamos que poden axudar a reducila considerablemente e, con iso, facilitar unha análise máis polo miudo e unha máis doada lectura deste traballo. A súa representatividade deriva máis ben da súa diversidade, non do feito de amosar iguais resultados ca outros sectores. Ó longo do libro referirémonos a eles co nome da provincia onde se atopan e o número de sector que teñen nela, xa que coidamos que é unha referencia máis directa e aprehensible para o lector cá do simple número de sector na lista dos 34 establecidos.

Aínda que a unidade básica sobre a que se está a elabora-lo MSG é o sector, cremos oportuno facer tamén unha análise xeral das características de toda Galicia como conxunto para ofrecer unha visión global dos distintos fenómenos sociolingüísticos. Para iso, aplicóuselle a cada unha das distintas mostras obtidas para o estudio dos sectores un coeficiente de ponderación que corrixise o seu peso no conxunto de Galicia de acordo co peso demográfico real que cada sector ten no total de Galicia[4]. Isto deu lugar a unha mostra global de 38.897 individuos que acadaría, no caso de que fose resultado dun mostreo estratificado, unha fiabilidade superior á de cada un dos sectores illadamente. O estimador utilizado vén expresado pola seguinte fórmula:

$$P = \sum_{ni} W_i \cdot p_i$$

P= Porcentaxe de respostas dun determinado tipo no total de Galicia.

W_i= Ponderación que se aplica para cada sector.

p_i= Porcentaxe de respostas a unha pregunta nun sector determinado.

n= Número de sectores.

[4] *Sirvan como exemplo da necesaria ponderación os seguintes: Miño e Coirós, concellos con menos de 5.000 habitantes e con máis dun 33% da poboación ocupada na agricultura e máis doutro 33% na industria e construcción, formaron o que denominamos Coruña-11. Neste sector fixéronse 795 entrevistas, 579 en Miño e 216 en Coirós, proporcionais ó número de habitantes de máis de 15 anos (4.271 o primeiro e 1.299 o segundo). Sen embargo, se temos en conta que cando se realizou o inquérito había en Galicia 2.109.392 habitantes de máis de 15 anos e tendo en conta que o número total de entrevistas foi de 38.897, nunha mostra proporcional ó conxunto de Galicia, a este sector tan só lle corresponderían 102 entrevistas. Outro exemplo: na cidade da Coruña pasáronse 1.170 entrevistas nunha poboación de maiores de 15 anos de 169.851 (é dicir, o 0.68%), mentres que no total de Galicia esta cidade representa o 8.05%, o que equivalería a 3.132 entrevistas (que sería o 1.84% da poboación da cidade).*

Para elabora-lo coeficiente de ponderación de cada sector (W_i), hai que partir da seguinte formulación:

$$W_i = N_i/N,$$

onde N_i é o número de individuos de 16 ou máis anos nun sector determinado; e N é o número total de entrevistas feitas nun sector determinado.

As variables que se tiveron en conta para a análise de Galicia como unha unidade foron as mesmas cás tidas en conta para a análise de cada sector.

En cada unha das seccións deste volume, presentamos en primeiro lugar os datos de toda Galicia na procura dunha visión xeral que sirva como referencia e contraste á hora de examinar cada un dos sectores.

Debido á estratexia estatística seguida para elaborar esta mostra, non é apropiado presenta-las frecuencias de cada un dos cruzamentos xa que pola aplicación dun coeficiente compensatorio estas cifras non se corresponden co N real. Sen embargo, non debe esquecerse que a ponderación desta mostra está feita sobre 38.897 individuos, o que significa que en calquera dos casos as frecuencias son elevadas. Esta é unha das vantaxes que presenta a aplicación dun coeficiente fronte á elaboración dunha submostra para toda Galicia que signifique unha selección aleatoria de cuestionarios xa realizados: ó contar cun N tan elevado, o valor representativo da mostra é moito máis alto ca no caso dos sectores, e tamén o é o grao de significación das probas aplicadas.

3
LINGUA INICIAL

3.1. *Lingua inicial en Galicia.*

Entre os trazos sicosociolóxicos que caracterizan o individuo, a lingua inicial é un dos máis representativos, chegando a funcionar como categorizador universal na formación das identidades colectivas. Pode dicirse que, salvo limitacións físicas ou síquicas, tódolos seres humanos adquiren e desenvolven plenamente unha ou varias linguas desde o momento do seu nacemento; lingua ou linguas que ademais, e en xeral, acompañarano durante toda a súa vida, e a través das que se socializará. Como xa se indicou anteriormente, o que caracteriza a lingua inicial é a súa adquisición espontánea, fronte á aprendizaxe dunha segunda lingua que habitualmente se aprende dunha maneira máis formal, na maior parte dos casos a partir da chegada á escola.

No caso de comunidades nas que conviven máis dunha lingua, e aínda que só sexa por motivos distribucionais, semella apropiado dispoñer de información relativa non só ó número de falantes de cada unha delas, senón que tamén pode ser interesante coñecer *quen* son eses

falantes, *como* están distribuídos no espectro social, *que* tipo de relación teñen coa(s) outra(s) lingua(s), etc.

Os datos manexados na elaboración do MSG amosan que a maioría dos entrevistados, un 62.4%, é galegofalante inicial, e que tan só un de cada catro tivo como primeira lingua o castelán (véxase gráfico 3.1). Ademais, en Galicia hai un 11.4% de bilingües iniciais e un 0.6% de individuos que aprenderon a falar nunha lingua distinta das usuais nesta comunidade[1]. Na táboa 3.1 presentámo-los cruzamentos entre as distintas variables sociais (idade, sexo, hábitat, estudios, etc.) e a lingua inicial dos entrevistados[2]. Destas, as que inciden en maior grao na súa distribución son a idade e o hábitat de nacemento. A idade, por servir como instrumento de cálculo dos cambios lingüísticos no que se coñece como *tempo aparente*, é dicir, estudios que intentan investiga-los cambios dunha lingua comparando os hábitos lingüísticos dos falantes máis vellos con aqueles dos máis novos, asumindo que as diferencias entre eles reflicten cambios que se están a producir nese momento dentro da lingua. Con esta técnica evítase a necesidade de recoller datos en dous momentos diferentes para comproba-los cambios acontecidos, e que equivalería traballar a *tempo real*.

[1] *Por tratarse dunha porcentaxe tan reducida (0,6%), e dada a heteroxeneidade das linguas que aparecían neste valor, optamos por reflectilas unicamente nas táboas e gráficos, pasando por alto calquera comentario relacionado con elas.*

[2] *Nos mapas que aparecen ó final do volume, pódese ve-la distribución da lingua materna (mapas 1, 2 e 3)e da perda interxeracional do galego (mapa 4) non só nos seis sectores traballados, senón en toda Galicia (os 34 sectores cos que se está a elabora-lo MSG).*

Gráfico3.1

Distribución da lingua inicial en Galicia



Aínda que a porcentaxe de galegofalantes iniciais é considerablemente alta no conxunto de Galicia, ó ter en conta a idade dos entrevistados percíbense diferencias significativas entre os distintos grupos[3]. Así, mentres un 81.8% dos maiores de 65 anos é monolingüe inicial en galego, entre os máis novos (grupo de 16 a 20 anos) a porcentaxe baixa ata o 34.4%, tal como pon de manifesto o gráfico 3.2.

[3] *Nos gráficos desta sección, a idade aparece desglosada de maneira distinta á habitual no resto do traballo, ó se-la lingua inicial unha variable que presenta diferencias significativas no grupo de menor idade. Pretendíase que se apreciasen con maior nitidez as diferencias que podía haber nos grupos máis novos. A reagrupación estableceuse do seguinte modo: 16-20; 21-25; 26-35; 36-45; 46-55; 56-65; +65.*

Gráfico 3.2

Lingua inicial por grupos de idade no conxunto de Galicia (monolingües)



Como se ve, a porcentaxe de galegofalantes iniciais é moito maior nos grupos de máis idade. Tan só un 11.3% dos entrevistados maiores de 65 anos aprendeu a falar en castelán. A porcentaxe de castelán aumenta progresivamente a medida que diminúe a idade dos entrevistados, acadando un 35.2% entre os de 26 a 35 anos ou chegando a un 45.9% de lingua inicial castelán nos entrevistados menores de 20 anos. A diferencia de máis de 70 puntos que se observa entre os valores 'galego' e 'castelán' no grupo de maior idade diminúe nos outros grupos, indicio de que nos últimos 50 anos se pasou dun elevado predominio do galego como primeira lingua a unha situación de perda de monolingües iniciais deste idioma moi considerable. Sen embargo, cómpre salientar que só nos menores de 20 anos o castelán está máis presente có galego. No resto, o predominio deste último é máis claro nos que teñen máis de 26 anos.

En canto ós que aprenderon a falar nas dúas linguas (ou bilingües iniciais), observáse a mesma pauta de asociación coa idade, xa que é nos individuos menores de 20 anos onde as porcentaxes de bilingüismo inicial son máis altas. No gráfico 3.3 móstrase a distribución dos bilingües iniciais segundo os diversos grupos de idade.

Gráfico 3.3

Bilingües iniciais por idade no conxunto de Galicia



Como no caso dos monolingües en castelán, as probabilidades de atopar individuos bilingües aumentan a medida que descendemos na idade. Así, mentres que no grupo comprendido entre os 16 e os 20 anos un 18.8% tivo tanto o galego coma o castelán como primeira lingua, nos demais grupos a porcentaxe non chega ó 15%, e nos maiores de 55 anos está por debaixo do 10%. Polo tanto, se temos en conta os individuos menores de 20 anos que adquiriron o galego como lingua inicial (monolingües nesta lingua ou bilingües), a porcentaxe acada o 53.2%, de onde pode concluírse que, en calquera dos grupos de idade, máis da metade da poboación de Galicia aprendeu a falar nun medio onde o galego era un código usual, aínda que parte deles tamén aprenderan a falar en castelán[4].

Ademais da asociación entre lingua inicial e idade, hai que destacar tamén a relación entre os diversos tipos de hábitat de nacemento dos individuos e a lingua na que aprenderon a falar. O cadro 3.1 lémbranos como está representada a poboación segundo o hábitat de nacemento na mostra xeral:

---

[4] *Sen embargo, estas cifras non nos deben levar a engano, xa que hai que ter en conta que a suma de monolingües en castelán e bilingües iniciais acada o 64.7% no grupo 16-20 anos.*

Cadro 3.1. *Distribución da poboación segundo o hábitat de nacemento*[5]

Hábitat	%
urbano	17,2%
periurbano	3,7%
vilas	11,7%
rural-1	10.4%
rural-2	50%
nacidos fóra de Galicia	7,1%

Se prestamos atención agora á táboa 3.1, o galego aparece como a lingua inicial maioritaria dos entrevistados que naceron nun medio non urbano, acadando no caso do rural-2 unha proporción de algo máis de 4 de cada 5. Pola contra, nas cidades aparece un alto grao de castelanización inicial que supera o 65%. Entre os entrevistados nacidos no periurbano, que, como xa quedou dito no capítulo de metodoloxía, comprende os núcleos xeograficamente distanciados da cabeceira en concellos urbanos pero cunha forte dependencia desta, hai unha gran presencia de galego como primeira lingua, de tal xeito que case 2 de cada 3 entrevistados aprenderon a falar neste idioma. Como se verá ó longo do presente traballo, este tipo de hábitat está menos castelanizado cá maioría das vilas de Galicia. A diferencia de monolingües iniciais en galego entre as vilas e o periurbano é de case 10 puntos a favor deste último. O gráfico 3.4 recolle estas diferencias:

[5] *Na categoría 'urbano' inclúense os casos de* ***urbano-I*** *e* ***urbano-II****. Así mesmo, por vilas entendemos* ***vilas-I, vilas-II*** *e* ***vilas-III****. Para unha aclaración destas etiquetas, véxase o capítulo de metodoloxía.*

Gráfico 3.4

Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento no total de Galicia



	galego	castelán	as dúas
urbano	17,1%	65,3%	17,5%
periurbano	61,3%	21,1%	17,5%
vilas	51,7%	32,1%	16,2%
rural-1	67,3%	18,8%	13,8%
rural-2	86,5%	5,6%	7,8%

O proceso de castelanización que se está a dar en Galicia reflíctese de maneira especial nas diferencias entre os distintos tipos de rural. Mentres entre os entrevistados nacidos no rural-2 a porcentaxe de castelanfalantes iniciais é case insignificante (5.6%), no rural-1 (lémbrese que se trata de entidades de poboación que presentan unha maior concentración poboacional có rural-2) a porcentaxe elévase ata o 18.8%. Os bilingües iniciais son máis numerosos entre os que naceron no rural-1, 13.8%, ca entre os nacidos no rural-2, 7.8%. Esta tendencia mantense a medida que aumenta o carácter urbano do tipo de hábitat, tal como aparece na táboa 3.1. Se se ten en conta a idade dos entrevistados a perspectiva de dito proceso aparece con maior claridade. No cadro 3.2 apréciase que un 73.4% dos menores de 25 anos nados no rural-2 son monolingües iniciais en galego, porcentaxe que descende ata o 46.6% entre os que naceron no rural-1.

Cadro 3.2. *Lingua inicial dos menores de 25 anos segundo o hábitat de nacemento*

Hábitat de nacemento	galego %	castelán %	as dúas %
urbano	12,3%	69,0%	18,6%
periurbano	32,4%	39,3%	28,3%
vilas	27,1%	50,1%	22,8%
rural-1	46,6%	35,0%	18,2%
rural-2	73,4%	13,9%	12,5%

O periurbano mostra novamente unha porcentaxe de galego maior cá das vilas, ademais de se-lo tipo de hábitat onde hai máis bilingüismo inicial entre os menores de 25 anos.

Segundo os nosos datos, un 7.1% dos galegos naceu fóra de Galicia. Destes, un 12.3% tivo como lingua inicial o galego (táboa 3.1). Estamos ante casos de individuos que aprenderon o galego na casa pero que, dadas as circunstancias, empregaban outro(s) código(s) cando se atopaban noutras situacións (é moi improbable que fóra de Galicia falasen galego en ambientes non familiares). Se considerámo-la lingua habitual destes entrevistados, resultan ser casos dunha forte castelanización, cun 70.2% que fala habitualmente só castelán ou máis castelán.

Con certa frecuencia, en situacións onde conviven máis dunha lingua, aparecen casos de mobilidade dun idioma a outro. Dito doutro xeito, os individuos poden cambiar de lingua ó longo da súa vida por razóns moi diversas. Este cambio está relacionado, como é lóxico, coa distribución da lingua inicial. De feito, parece ser un fenómeno máis habitual do que podería estimarse. Tan só un 56.5% dos individuos entrevistados asegura que sempre usou a lingua na que aprendeu a falar, polo que se pode dicir que en Galicia o fenómeno da inestabilidade lingüística parece bastante frecuente. Dos datos deste traballo podemos extraer dúas consideracións xerais:

1. Máis da metade (xustamente o 55.8%) dos que afirman ter feito algún tipo de cambio de lingua ó longo da súa vida eran galegofalantes inicialmente, mentres que un 37.4% aprenderon a falar en castelán.

2. Entre os galegofalantes iniciais tan só cambiou de lingua un 38.9%, fronte ó 63.5% de mobilidade entre os que tiveron o castelán como primeira lingua.

Trátase de dúas lecturas dun mesmo cruzamento. En realidade, non é estraño o primeiro fenómeno, xa que hai que lembrar, tal como aparece no gráfico 3.1, que na mostra coa que traballamos a maioría dos entrevistados (62.4%) é galegofalante inicial. Por iso, do 43.5% que cambiou de lingua ó longo da súa vida tan só un 37.4% era castelanfalante inicial:

Cadro 3.3. *Distribución dos individuos que cambiaron de lingua segundo a súa lingua inicial*

Lingua inicial	Non cambiou de lingua (56,5%)	Cambiou de lingua (43,5%)
galego	67,4%	55,8%
castelán	16,6%	37,4%
as dúas	15,7%	5,8%
outras	0,3%	1,0%
Total	100%	100%

Entre os bilingües iniciais o cambio hai que entendelo cara a unha maior preponderancia dunha das dúas linguas en detrimento da outra. Nese sentido, cambiou de lingua un 5.8% dos bilingües.

Sen embargo, se tomamos como punto de partida a lingua inicial (e non o feito de cambiar ou non de lingua), e a cruzamos coa posibilidade de cambio, adquire sentido o afirmado no punto 2, que vén dicir que do 25.6% dos entrevistados que aprenderan a falar en castelán, practicamente dous de cada tres modificaron dalgún xeito a súa conducta lingüística:

Cadro 3.4. *Mantemento e cambio da lingua inicial*

Lingua inicial	Non cambiou de lingua (56,5%)	Cambiou de lingua (43,5%)	Total
galego	61,1%	38,9%	100%
castelán	36,5%	63,5%	100%
as dúas	78,0%	22,0%	100%
outras	30,0%	70.0%	100%

Cómpre engadir que cando falamos de cambio estamos a referirnos a certas modificacións caracterizadas pola inclusión, nalgunha medida, da outra lingua no conxunto das prácticas lingüísticas dos entrevistados. No caso de Galicia, onde conviven dúas linguas moi próximas entre si, este tipo de cambios non implican abandono do uso do primeiro idioma. En termos xerais, só en casos moi concretos se dan as circunstancias adecuadas para que un individuo (ou unha colectividade) deixe de usar por completo a lingua na que aprendeu a falar. A tendencia do cambio máis frecuente que atopamos nestes momentos en Galicia é cara a un bilingüismo con maior preponderancia da lingua inicial de cadaquén. Así, por exemplo, entre os castelanfalantes iniciais que cambiaron de lingua nalgún momento da súa vida (é dicir, que introduciron nalgún sentido o galego), máis dun 95% admite desenvolverse habitualmente nas dúas linguas, pero cunha forte inclinación cara ó castelán. A opción 'máis castelán' aparece nun 72.2% dos casos. Aínda máis clara é a distribución no caso dos galegofalantes iniciais, entre os que un 80.9% fala habitualmente 'máis galego'.

Independentemente de cal fose a lingua inicial, na maioría dos entrevistados que empezaron a usa-la outra lingua os cambios producíronse antes dos 30 anos:

Cadro 3.5. *Castelanfalantes iniciais que afirman ter cambiado de lingua*

	só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	Total
Lingua ata os 13 anos	67,8%	29,3%	2,7%	0,2%	100%
Lingua dos 14 ós 18 anos	27,3%	58,8%	12,2%	1,7%	100%
Lingua dos 19 ós 30 anos	6,9%	68,4%	21,5%	3,2%	100%
Lingua dos 31 en diante	0,4%	68,7%	27,7%	3,2%	100%

Cadro 3.6. *Galegofalantes iniciais que afirman ter cambiado de lingua*

	só galego	máis galego	máis castelán	só castelán	Total
Lingua ata os 13 anos	57,7%	38,4%	3,6%	0,3%	100%
Lingua dos 14 ós 18 anos	29,0%	59,9%	10,4%	0,7%	100%
Lingua dos 19 ós 30 anos	7,7%	76,6%	14,8%	0,9%	100%
Lingua dos 31 en diante	7,3%	81,0%	11,3%	0,4%	100%

Os datos dos cadros 3.5 e 3.6 mostran que entre os galegofalantes iniciais a incorporación da outra lingua xorde antes ca nos castelanfalantes. Antes dos 13 anos, un 42.3% daqueles introduciu a outra lingua nalgún grao, fronte ó 32.2% nos castelanfalantes iniciais. Aínda que, como xa se dixo, non é moi habitual atopar casos de abandono total da lingua inicial, nas respostas dadas á pregunta relativa á lingua habitual dos entrevistados, entre os que cambiaron de lingua aparece un 3.7% de castelanfalantes iniciais que teñen como lingua habitual só o galego. Sen embargo, tan só un 0.5% dos que aprenderon a falar nesta última lingua están instalados exclusivamente no castelán. Aínda que son poucos casos, cómpre destacar algúns datos de interese verbo destes individuos. En primeiro lugar, hai que facer unha breve alusión á posibilidade, xa mostrada noutros traballos, de que a autovaloración sobre conductas lingüísticas recollida mediante un cuestionario non sempre reflicta os usos reais da poboación, é dicir, ¿que entende un entrevistado por abandono da lingua inicial?; ¿implica isto que en ningún caso usa a lingua na que aprendeu a falar ou tan só que o seu uso é moi restrinxido? Non podemos responder dun xeito adecuado a estas cuestións sen realizar unha investigación de tipo cualitativo na que se recollan momentos de fala espontánea seguindo as técnicas da observación-participante, a través da inclusión do investigador nas redes sociais propias dos suxeitos a investigar. Tendo en conta isto, o que podemos facer a partir dos nosos datos é unha breve caracterización dos individuos que abandonaron completamente a súa lingua inicial. A lingua predominante nos ambientes familiares do 3.7% de castelanfalantes iniciais é o galego, xa que os datos referidos á lingua dos pais co entrevistado, lingua dos pais entre si, lingua dos pais cos avós, lingua dos avós, etc.,

confirman a escasa presencia do castelán entre ditas xeracións anteriores. Tan só os pais do 21.5% destes entrevistados falan só castelán con eles. No caso da lingua usada entre o pai e a nai, nun 70.3% o galego é a única lingua presente. Esta porcentaxe elévase ata o 81% cando se trata da lingua dos pais cos avós. Segundo estas cifras, podemos dicir que estamos ante casos de pais tradicionalmente instalados no galego que lles falan ós seus fillos (entrevistados) en castelán. Polo tanto, o abandono desta última lingua non supón unha ruptura brusca coas redes sociais do individuo ó se-lo galego un idioma habitual no seu contorno. Este fenómeno pode reflectir un éxito tan só parcial do proceso desgaleguizador dos pais cara ós seus fillos.

No cuestionario incluíuse unha pregunta que pretendía coñece-las razóns que motivaran o cambio de lingua. Entre a batería de respostas, un de cada tres individuos afirma que cambiou de lingua por adaptación ó medio, tanto entre os castelán como entre os galegofalantes iniciais. Aínda que, en xeral, as razóns son moi similares, hai algunhas diferencias que salientar: entre os castelanfalantes iniciais hai un 26.5% que cambiou de lingua por vontade propia, fronte a un 14% entre os galegofalantes iniciais. O ensino aparece tamén como un axente favorecedor do cambio lingüístico, xa que este factor impulsou cambios nun 21.9% de galegofalantes iniciais, mentres que a porcentaxe se reduce en 10 puntos entre os que aprenderon a falar só en castelán. Se tomámo-los individuos que cambiaron por influxo do ensino, atópanse diferencias significativas na lingua inicial ó ter en conta a idade, xa que entre os castelanfalantes inicias un 82.6% é menor de 25 anos (individuos que recibiron ensino en galego), mentres que entre os galegofalantes iniciais menores de 25 anos que cambiaron de lingua tan só se viron influídos polo ensino un 18%. Pódese soster, polo tanto, que a escola ten favorecido máis a castelanización cá galeguización.

Nos gráficos 3.5 e 3.6 pódese ve-la distribución dos monolingües iniciais no que á lingua habitual se refire. A información corresponde a tódolos monolingües iniciais (tanto en galego coma en castelán) e non só ós que nalgún momento cambiaron de lingua, xa que nestes últimos a distribución da lingua habitual é distinta, como se sinalou anteriormente. Téñase en conta que a discordancia coas cifras de individuos monolingües iniciais en galego (e tamén en castelán) que cambiaron total ou parcialmente de lingua nalgún momento da súa vida coas expostas no punto 2 anteriormente citado, débese a que se trata de información de diferente tipo. No

primeiro caso faise referencia a se houbo cambio de lingua e no segundo (o que aparece nos gráficos) á lingua habitual. Pode darse o caso de individuos que manifesten que cambiaron de lingua pero que, nembargante, volveron a instalarse finalmente na súa primeira lingua. As diferencias que aparecen entre as respostas dadas á pregunta que incidía en se houbera ou non cambio de lingua e o cruzamento entre lingua inicial e lingua habitual son, en calquera caso, moi febles: 2.6 puntos no caso do galego e 0.4 no castelán. Polo que respecta ós galegofalantes iniciais, o gráfico 3.5 mostra que un 63.7% fala na actualidade só galego. No total da mostra temos unicamente un 0.2% de galegofalantes iniciais que son monolingües en castelán (un 4.6% fala habitualmente 'máis castelán'). Polo contrario, entre os castelanfalantes iniciais o mantenemento da lingua inicial exclusivamente como lingua habitual é menos frecuente: 36.9% dos casos (gráfico 3.6). No grupo dos que aprenderon a falar en castelán hai, ademais, un 2.4% de monolingüismo en lingua galega e un 14.9% fala habitualmente 'máis galego'.

Gráfico 3.5

Lingua habitual dos galegofalantes iniciais



Gráfico 3.6

Lingua habitual dos castelanfalantes iniciais



Na maior parte das sociedades modernas podemos atopar diferencias de tipo sociolingüístico asociadas coa clase social dos individuos. Un dos principais problemas que xorden no eido das ciencias sociais é que, entre os sociólogos, non hai unanimidade á hora de acadar unha definición do concepto de clase social. En xeral, fálase dunha variable heteroxénea que integra diversos factores non sempre controlables. Pese a isto, os indicadores que habitualmente a definen son o nivel de ingresos, a profesión, e outros que, en maior ou menor medida, dan unha idea do que un individuo determinado pode posuír. A clase social aparece, pois, delimitada non tanto polo producido coma polo adquirido que é no que se basean as relacións de estatus e de poder nunha sociedade. Noutras palabras, cando se fala de clase social reflíctese a pertenza ou non dos individuos a grupos de prestixio. Sen embargo, se se priorizan outros indicadores coma o nivel educativo, por exemplo, as agrupacións de clase presentaríanse substancialmente modificadas. Nas sociedades occidentais, o estatus económico constitúe o factor determinante da clase social dos individuos, polo que a indiferencia ou o respecto (ante os demais) que este indicador pode xerar aparece condicionado por semellantes clasificacións que na maior parte dos casos reflicten prexuízos e conductas amplamente asentadas na sociedade.

O trazo de sociedade semiperiférica dominante en Galicia obríganos a tratar con especial coidado a estratificación sociólóxica da súa poboación. Sociedades semiperiféricas ou semiindustrializadas son aquelas que combinan modelos tradicionais de subsistencia con modernos modos de producción capitalista. Este tipo de sociedades mixtas sempre supoñen un reto cando se pretende categorizalas, de xeito que moitas das etiquetas empregadas habitualmente en Socioloxía resultan, ás veces, de difícil aplicación, polo que, como se dixo anteriormente na parte metodolóxica, as distintas categorías sociais empregadas neste traballo deben ser interpretadas con certa flexibilidade. En calquera caso, é necesario optar por un modelo.

Atendendo a todo isto, no cuestionario recollémo-la clase social do entrevistado a partir da estimación do entrevistador. Este consideraba non só as respostas dadas a preguntas como os ingresos ou a profesión, senón tamén o lugar de residencia, as características da zona onde residía o entrevistado, etc. Aínda que deste xeito se eliminaron moitas valoracións subxectivas do entrevistado, non desaparece o risco de se introduciren as do entrevistador, polo que a análise desta variable require un tratamento e unha interpretación máis prudente. Ademais, debe quedar claro desde un primeiro momento que a clase social á que pertencían os entrevistados no momento de facérlle-las enquisas non puido, obviamente, condiciona-la súa lingua inicial. O que con este cruzamento se quere mostrar é se o feito de ser falante inicial dunha lingua determinada está, dalgún xeito, relacionado cunha certa clase social.

Velaquí a distribución da mostra por clase social:

Cadro 3.7. *Distribución da mostra segundo a clase social*

baixa	5,7%
media-baixa	47,9%
media	42,1%
media-alta	4,4%

Segundo o cadro 3.7, en Galicia 9 de cada 10 individuos pertencen ás clases 'media-baixa' ou 'media', distribución, por outra banda, habitual nos países desenvolvidos.

Se nos interesa ve-la distribución por clase social de cada unha das linguas iniciais, obsérvase que entre os galegofalantes iniciais hai un 7% de individuos na clase social 'baixa', mentres que nos castelanfalantes iniciais

a porcentaxe redúcese a un 2.8%. No cadro 3.8 pode verse a distribución de cada unha das opcións de resposta en lingua inicial no que á clase social se refire:

Cadro 3.8. *Distribución da lingua inicial segundo a clase social*

	baixa	media-baixa	media	media-alta	Total
galego	7,0%	55,8%	35,1%	2,1%	100%
castelán	2,8%	31,7%	55,6%	9,9%	100%
as dúas	4,8%	41%	49,8%	4,4%	100%
outras	7,2%	47,7%	40,3%	4,8%	100%

A tendencia da variación queda máis clara ó termos presente a distribución ideal se a lingua inicial non introducise algún tipo de varianza (Cfr. cadro 3.7). Así, pode apreciarse a diferencia entre os galego e os castelanfalantes iniciais. Destes últimos, aproximadamente dous tercios están situados nas clases media e media-alta, xustamente ó contrario do que acontece nos que aprenderon a falar en galego. Os bilingües iniciais teñen unha distribución por clase social moi parecida á representada no cadro 3.7.

Tamén pode ser de interese ver cal foi a lingua inicial dos entrevistados que, no momento de face-lo traballo de campo, pertencían a unha determinada clase social. Por exemplo, no cadro 3.9 destaca que do 5.7% de entrevistados pertencentes á clase 'baixa' (véxase o cadro 3.7) un 76.9% tivo o galego como primeira lingua. Na clase 'media-baixa' tamén hai diferencias importantes, xa que un 72.6% dos entrevistados instalados nela son galegofalantes iniciais, fronte a un 17% con lingua inicial castelán.

Cadro 3.9. *Distribución da clase social segundo a lingua inicial*

	galego	castelán	as dúas	outras	Total
baixa	76,9%	12,6%	9,7%	0,8%	100%
media-baixa	72,6%	17,1%	9,8%	0,6%	100%
media	52,1%	33,8%	13,5%	0,6%	100%
media-alta	29,6%	58,3%	11,4%	0,7%	100%

O galego é a lingua inicial predominante en tódalas clases agás na media-alta onde tan só un 29.6% dos entrevistados é galegofalante inicial,

fronte a un 58.3% que tivo o castelán como lingua primeira, o cal non debería resultar estraño tendo en conta que un 62.4% dos entrevistados declarou que aprendeu a falar en lingua galega.

Polo que respecta ós estudios, non é apropiado correlacionalos coa lingua inicial se o que pretendemos é ve-la influencia daqueles sobre esta. En realidade, a lingua inicial que un individuo posúa é, loxicamente, independente dos seus estudios, entre outras cousas por mera relación temporal[6].

O que pode ser de utilidade para esta investigación respecto dos estudios dos entrevistados e a súa relación coa lingua inicial é ver se a distribución das linguas iniciais en cada grupo de estudios é distinta da distribución das mesmas no conxunto da mostra. É dicir, se hai tendencia a que os individuos con determinada lingua inicial estean máis presentes nun nivel de estudios determinado. Para facilita-lo traballo, decidimos recodifica-los estudios en catro categorías: 'ningún', 'primarios' (que agrupa os entrevistados con primarios incompletos e os que teñen primarios completos), 'secundarios' (que recolle os de FP, BUP e COU ou similares), e 'universitarios' (onde non se establece diferencia entre carreira de grao medio ou carreira superior). Segundo esta reagrupación, un 8.7% dos entrevistados non tiña ningún estudio no momento de face-lo traballo de campo, un 60.6% tiña estudios primarios, un 18.2% secundarios e un 12.5% universitarios. Como dato significativo téñase en conta que, por un lado, un 93.1% dos que non teñen estudios tiveron como lingua inicial o galego e, por outro, que do 12.5% con estudios universitarios un 58% aprendeu a falar en castelán. Dentro de cada opción de 'lingua inicial' os resultados son os seguintes:

Cadro 3.10. *Nivel de estudios segundo a lingua inicial*

Estudios	galego	castelán	as dúas
ningún	13,0%	0,9%	3,0%
primarios	71,7%	36,9%	53,2%
secundarios	10,4%	33,8%	26,6%
universitarios	5,0%	28,4%	17,3%
Total	100%	100%	100%

[6] *Si podería ser interesante ve-lo contraste en función dos estudios dos pais, pero non se recolleron neste traballo, aínda que si se recolleron as súas profesións.*

Entre os galegofalantes iniciais, 8 de cada 10 non acadan niveis de estudios superiores ós primarios. Os trazos sociólexicos deste grupo, hábitat rural, clase social baixa ou media baixa, principalmente poboación envellecida, etc. son os que axudan a comprede-las baixas porcentaxes nos valores 'secundarios' e 'universitarios'. En cambio, entre os castelanfalantes iniciais máis dun cuarto fixeron estudios universitarios e máis da metade fixeron estudios superiores ós primarios.

3.2. *Distribución da lingua inicial por sectores.*

Como se pode ver no mapa nº1, en 18 dos 34 sectores o galego é a lingua inicial de máis do 70% da poboación, chegando a supera-lo 80% en 10 dos casos. Parece haber unha diferencia salientable entre as provincias occidentais e as orientais ó ser nos sectores destas últimas onde o castelán como primeira lingua a penas supera o 20% (agás nas cidades, tal como o pon de manifesto o mapa nº2).

Nesta sección (descripción e análise da lingua inicial nos seis sectores seleccionados), no que respecta ó hábitat de nacemento e fronte ás agrupacións que aparecen nas táboas, nos gráficos decidimos reduci-la tipoloxía a tres valores: urbano, vilas e rural. Non obstante, cómpre dicir que a categoría 'urbano' inclúe os casos de 'periurbano', aínda que nas cidades de Santiago e de Pontevedra este último hábitat merecerá un comentario especial, tendo en conta que na mostra coa que traballamos hai un número considerable de entrevistados que no momento de recolle-la información vivían en zonas periurbanas nesas dúas cidades. O 'rural' comprende os valores 'rural-1' e 'rural-2'. Os nados fóra de Galicia non se tiveron en conta. Cómpre así mesmo aclarar que, por razóns metodolóxicas, os gráficos que a continuación aparecerán de lingua inicial cruzada coa idade en cada un dos sectores, refírense só ós índices de galego e de castelán, sen facer referencia ós bilingües iniciais. Para ter en conta as porcentaxes de bilingüismo inicial en cada un dos seis sectores seleccionados para este traballo, téñase presente o seguinte cadro[7]:

[7] *Os cruzamentos entre este valor e a idade en cada un dos sectores serán presentados á parte.*

Cadro 3.11. *Porcentaxes de bilingües iniciais*

A Coruña	10,3%
Pontevedra	14,9%
Santiago	14,0%
Lugo-2	9,6%
Ourense-4	11,9%
Lugo-5	7,1%

Como se ve, ningún dos sectores chega ó 15% de poboación bilingüe inicial, aínda que ó ter en conta algúns cruzamentos esta porcentaxe altérase, chegando nalgúns casos a supera-lo 25% (véxase cadro 3.12 máis adiante). No conxunto de Galicia, aparecen 17 sectores cunha porcentaxe de máis do 10% de bilingüismo inicial (mapa nº3).

Existen unhas pautas xerais de variación para calquera dos seis sectores estudiados neste traballo que podemos resumir como unha maior tendencia a te-lo castelán como lingua inicial consonte a idade é menor, e a medida que aumentan as características urbanas do lugar de nacemento. Polo contrario, aumenta o galego nos grupos de maior idade e cando o hábitat de nacemento é predominantemente rural.

Sen embargo, pese a estas tendencias xerais, cada sector ten as súas propias particularidades, tanto no que se refire ás diferencias de resposta entre grupos, como no predominio dunha lingua ou outra.

Tal como se manifesta no gráfico 3.7, o galego é a lingua inicial predominante en tódolos sectores agás nas cidades da Coruña e Pontevedra, onde rexistramos unhas porcentaxes de castelán do 54.4% e do 43.8% respectivamente:

Gráfico 3.7

Distribución da lingua inicial en cada sector



Se comparámo-lo que acontece en cada un dos sectores cos datos manexados no conxunto de Galicia, temos que nos formados por cidades, A Coruña, Santiago e Pontevedra, as porcentaxes de lingua inicial 'castelán' son máis elevadas cás de Galicia. O sector con maior presencia de galego é Lugo-5, cun 84.6% da poboación monolingüe inicial en lingua galega, seguido de Ourense-4, que recolle pequenas vilas, e que acada o 74.4% de galegofalantes iniciais. Pola súa banda, Lugo-2, sector formado por vilas máis grandes cás de Ourense-4, ten unha porcentaxe 6 puntos inferior á deste último sector. Das cidades escollidas, Santiago é a única cunha porcentaxe de galegofalantes iniciais máis alta que de castelanfalantes iniciais, cun 51.9%. O caso do bilingüismo inicial tamén é significativo, dada a relevancia deste fenómeno. Como se viu enriba, en termos xerais, as posibilidades de atopar individuos bilingües están ó redor do 10% de toda a poboación.

De entre os seis sectores seleccionados, a cidade da Coruña é a que presenta os índices máis elevados de castelán como lingua materna. De feito, as súas porcentaxes superan o 50% en calquera dos grupos de idade de menos de 55 anos, cun 75.2% no grupo 21-25 e un 73.5% nos menores de 20 anos.

Gráfico 3.8

Lingua inicial por grupos de idade na cidade da Coruña (monolingües)



Algo semellante parece suceder en Pontevedra, aínda que, fronte á Coruña, o galego é a lingua inicial predominante nos maiores de 45 anos. Entre os maiores de 65 anos, tanto nunha cidade coma noutra, un 29.6% tivo como primeira lingua o castelán.

Gráfico 3.9

Lingua inicial por grupos de idade na cidade de Pontevedra (monolingües)



Nos demais sectores, tal como mostran os gráficos 3.10, 3.11, 3.12 e 3.13, as porcentaxes de monolingües iniciais en castelán no grupo de máis idade oscilan entre o 14.1% de Santiago e o 3.1% de Lugo-5, apreciándose unha regresión a medida que o hábitat do sector perde carácter urbano.

Gráfico 3.10

Lingua inicial por grupos de idade na cidade de Santiago (monolingües)



Gráfico 3.11

Lingua inicial por grupos de idade no sector de Lugo-2 (monolingües)



Gráfico 3.12

Lingua inicial por grupos de idade no sector de Lugo-5 (monolingües)



Gráfico 3.13

Lingua inicial por grupos de idade no sector de Ourense-4 (monolingües)



Lugo-5 e Ourense-4 son os únicos sectores nos que o monolingüismo inicial en galego é superior ó castelán en tódolos grupos de idade, mesmo nos máis novos (menores de 20 anos). Lugo-5 ten un 69.1% de falantes que aprenderon inicialmente só o galego entre os menores de 20 anos. A presencia do castelán a penas é significativa nos maiores de 45 anos en calquera dos dous sectores. Isto parece mostrar que a medida que o sector perde características urbanas, o galego é a opción dominante nos entrevistados de menor idade.

A tendencia xeral de aumento do castelán a medida que descendemos na idade aparece en tódolos sectores, pero, como xa dixemos, dunha maneira particular nalgúns deles. De feito, repasando os gráficos anteriores queda claro que a progresión máis relevante é a de Pontevedra e a de Lugo-2, onde despois de manterse unha caída relaxada, aparecen cambios bruscos nos menores de 36 anos.

No cadro 3.12 pódese ve-la distribución dos bilingües iniciais en cada sector por grupos de idade. Agás en Lugo-5 e Pontevedra, o grupo de idade onde aparecen máis bilingües iniciais é o de 16 a 20 anos, que acada o 29% en Lugo-2, o 27% en Ourense-4, o 25.5% na cidade da Coruña e o 24.5% en Santiago. Nos outros dous sectores, Lugo-5 e Pontevedra, o grupo de idade que abrangue ós de 21 a 25 anos é o que contén máis bilingües iniciais, cun 21% tanto en Pontevedra coma en Lugo-5. Nos grupos de maior idade a presencia de bilingües iniciais é menos habitual, sen que, neste caso, poida falarse de diferencias importantes entre os sectores.

Cadro 3.12. *Bilingües iniciais en cada un dos seis sectores por grupos de idade*

	A Coruña	Santiago	Pontevedra	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
16-20	18,9%	24,2%	19,0%	10,6%	26,5%	23,3%
21-25	11,4%	16,8%	22,0%	11,4%	23,6%	21,2%
26-35	13,3%	16,3%	16,3%	7,4%	13,3%	13,2%
36-45	9,2%	12,4%	17,4%	8,7%	12,8%	5,5%
46-55	8,9%	11,2%	13,5%	5,0%	10,0%	8,1%
56-65	4,3%	9,7%	11,0%	7,5%	7,2%	6,0%
+65	8,0%	8,3%	6,6%	4,7%	5,0%	4,0%

O ritmo de desgaleguización en cada un dos sectores é diferente. No mapa nº4 pode verse que a caída interxeracional do galego como lingua materna é moi forte en 8 dos 34 sectores, acadando porcentaxes, nalgún caso, de máis de 75 puntos de diferencia entre a xeración máis vella e máis nova. Este mapa reflicte claramente que este fenómeno é máis acentuado nos sectores da provincia de Pontevedra (e tamén na Coruña, aínda que en menor medida) ca no resto. O complexo proceso de desgaleguización está relacionado con factores como a urbanización, a industrialización e outros aspectos pertinentes para a modernización dunha sociedade. As provincias de Lugo e Ourense, como é ben sabido, son as menos dinámicas (máis deprimidas) ademais de se-las que máis efectivos perden debido, sobre todo, á emigración cara ás zonas economicamente máis poderosas do pais.

Nos cadros 3.13 e 3.14 presentámo-los datos referidos á diferencia intergrupal para cada un dos seis sectores estudiados. As puntuacións indican as diferencias de galegofalantes iniciais entre un grupo de idade e o inmediatamente anterior. Por exemplo, os 6.7 puntos que aparecen no cruzamento entre a columna '56-65' e a fila correspondente ó sector 'Coruña' no cadro 3.13, representan a perda de galego entre o grupo de 56 a 65 anos respecto do grupo inmediatamente superior (o de máis de 65 anos) no caso da cidade da Coruña. A puntuación total reflicte a diferencia das porcentaxes entre os dous grupos extremos. Pola contra, no cadro 3.14 as puntuacións indican o aumento do castelán a medida que diminuímos na idade. Así, no grupo dos máis novos na cidade de Santiago hai 0.9 puntos máis de castelanfalantes iniciais ca na xeración anterior.

Cadro 3.13. *Perda do galego por grupos de idade*

Sector	56-65	46-55	36-45	26-35	21-25	16-20	Total
Coruña	6,7	19,3	3,3	8,2	12,4	5,6	55,5
Santiago	4,1	6,4	13,6	10,4	12,6	7,4	54,5
Lugo-2	2,6	9,9	0,0	25,3	19,7	2,8	60,3
Lugo-5[8]	3,7	0,0	8,4	3,9	8,9	0,2	22,9
Ourense-4	2,5	7,6	5,9	9,3	6,0	10,3	41,6
Pontevedra	1,3	6,0	14,9	11,4	13,1	5,2	51,9

[8] *O valor da columna "46-55" que lle corresponde a Lugo-5 non é 0 realmente, senón -2,2. O signo (-) tanto nos datos deste cadro como nos do seguinte, hai que interpretalo como o fenómeno inverso. Neste caso non como perda intergrupal senón como aumento.*

Cadro 3.14. *Aumento do castelán por grupos de idade* [9]

Sector	56-65	46-55	36-45	26-35	21-25	16-20	Total
Coruña	10,5	14,7	2,5	3,2	14,7	0,0	43,9
Santiago	4,0	3,6	11,1	7,9	12,4	0,9	39,9
Lugo-2	0,6	7,1	3,3	16,4	10,6	1,9	39,9
Lugo-5	1,1	0,3	4,2	4,9	5,0	1,7	17,2
Ourense-4	0,7	2,5	1,1	7,0	0,0	7,2	18,1
Pontevedra	3,1	4,1	9,8	12,9	7,3	8,4	39,4

Se nos detemos na última columna de cada un dos cadros, pode verse o diferente comportamento das cidades fronte, por exemplo, a Lugo-5 . Sen embargo, segundo os totais do cadro superior, o sector que sufriu un proceso de desgaleguización máis forte foi Lugo-2, cun índice do 60.3 de perda de galegofalantes iniciais entre o grupo dos máis novos e o dos máis vellos. Á súa vez, en Lugo-5 o ritmo de desgaleguización é moito máis lento, non só respecto de Lugo-2 senón tamén de tódolos demais sectores. Non hai que esquecer que Lugo-5 é un sector no que predomina o hábitat rural. Este fenómeno confírmase no cadro 3.14 que, como se pode ver, presenta información complementaria. Á parte das tendencias observadas anteriormente, chama a atención o caso de Ourense-4, xa que presentaba unha perda considerable de galegofalantes iniciais (cadro 3.13) pero á súa vez non implica un aumento proporcional de castelanfalantes (índice do 18.1). A explicación hai que buscala unha vez máis no aumento do número de bilingües iniciais a medida que diminúe a idade. Anteriormente xa quedou sinalado que este sector é un dos que presentan maior bilingüismo inicial nos grupos de idade máis novos.

Nas cidades os procesos de desgaleguización son bastante semellantes, aínda que na Coruña é onde máis aumentou a presencia da lingua castelá.

Por grupos de idade, pese a darse unha perda progresiva do galego como lingua inicial (agás cando a puntuación é 0), parece ser no grupo de 21-25 onde estes procesos de perda do galego e aumento do

[9] *Neste cadro hai dous cruzamentos con valor negativo: Coruña/16-20 que presenta un valor real de -1,7 e Ourense-4/21-25, cun -0,4.*

castelán son máis acusados. En calquera dos seis sectores os índices que aparecen na columna 21-25 son dos máis elevados, tanto nun cadro coma noutro (agás Ourense-4).

Xa vímo-las correlacións entre a lingua inicial e o lugar de nacemento. Tamén para o caso dos sectores, hai unha tendencia xeral a que o galego sexa menos frecuente como lingua inicial canto máis urbano é o lugar de nacemento do entrevistado, de modo que entre os nados no rural as porcentaxes de galegofalantes iniciais son moito máis elevadas ca entre os que naceron nas vilas e no urbano, tal como se aprecia se comparamos entre si os datos que aparecen no gráfico 3.14.

Gráfico 3.14

Monolingües iniciais en galego segundo o hábitat de nacemento



	A Coruña	Pontevedra	Santiago	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
urbano	15%	68%	51,2%	3,1%	4,6%	1,3%
vilas	16,2%	7,7%	3,7%	27,6%	14,8%	1,5%
rural	68,6%	23,4%	44,3%	67,6%	79,2%	95,6%

A procedencia dos monolingües iniciais en galego é rural na maioría dos sectores, agás en Pontevedra e en Santiago.

Tan só un 15% dos entrevistados galegofalantes iniciais que vivían na cidade da Coruña no momento de pasa-las enquisas nacera no medio urbano. A porcentaxe de nados nas vilas é moi similar (16.2%). Esta tendencia reflíctese con maior claridade en Ourense-4, Lugo-5 e Lugo-2, aínda que neste último sector aumenta considerablemente a

porcentaxe dos nacidos nas vilas, o que é loxico por tratarse dun sector constituído pola agrupación de vilas. Non debe esquecerse que moitos entrevistados naceron no mesmo lugar, ou polo menos no mesmo sector, no que vivían cando se realizaron as enquisas. Polo que respecta ás cidades de Santiago e Pontevedra, hai que sinalar que a elevada porcentaxe de entrevistados con galego como lingua inicial que proceden do urbano débese a que nesa categoría agrupamos tamén os casos de periurbano. O 51.1% de monolingües iniciais en galego do concello de Santiago, categorizados como urbanos, desglósase nun 20.2% de procedencia urbana e un 30.9 de procedencia periurbana. No caso de Pontevedra, o 68% desta mesma categoría é o resultado da suma dun 11.4% de urbano e un 56.6% de periurbano. Cómpre engadir, ademais, que no gráfico 3.14 se prescindiu da categoría 'fóra de Galicia' dada a baixa frecuencia de individuos nados fóra que falaron inicialmente galego.

Se temos en conta os movementos poboacionais habidos no interior de Galicia, e tendo presente a relación entre lingua inicial e hábitat de nacemento, podemos atopar sentido a estes feitos. Así, dos entrevistados da cidade da Coruña, a metade provén de fóra da mesma, mentres que no caso de Pontevedra un 67.1% naceu nun espacio urbano (probablemente na propia cidade). Deste 67.1%, un 59.2% provén do periurbano.

Con respecto á distribución do castelán, apréciase unha notoria relación entre o carácter urbano do hábitat de nacemento e o maior índice de monolingües iniciais neste idioma, tal como se pode apreciar na Coruña, Pontevedra e Santiago, aínda que convén ter presente a diferencia de case 9 puntos entre os sectores da Coruña e Santiago.

Gráfico 3.15

Monolingües iniciais en castelán segundo o hábitat de nacemento



	A Coruña	Pontevedra	Santiago	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
urbano	67,6%	68,5%	58,8%	6,6%	10%	9,1%
vilas	6,4%	7,4%	9,7%	58,8%	27,3%	7%
rural	7,5%	6,8%	10,8%	9,2%	21,8%	47,6%
fóra de Galicia	18,4%	17,3%	20,7%	25,4%	40,9%	36,4%

Nos outros tres sectores a porcentaxe de entrevistados monolingües iniciais en castelán queda reducida a un 21.3% en Lugo-2, 11.4 en Ourense-4 e a un 8.1% en Lugo-5. Ademais, cómpre engadi-la escasa contribución de poboación de orixe urbana que vive nestes tres sectores, polo que parece razoable que as maiores porcentaxes de monolingües iniciais en castelán se correspondan co hábitat dominante en cada sector.

Por último, no gráfico 3.16 relativo á procedencia dos bilingües iniciais, atopamos unha forte similitude entre os sectores da Coruña, Pontevedra e Santiago, onde destaca considerablemente a relación entre orixe urbana e bilingüismo inicial. Por outra banda, igual que acontecía no gráfico 3.14 nos sectores non urbanos, volvemos atopar unha forte afinidade co carácter do sector, é dicir, desde unhas elevadas porcentaxes de bilingües iniciais, 61.8%, de procedencia vilega en Lugo-2, ata un 83.3% de procedencia rural en Lugo-5.

Gráfico 3.16

Bilingües iniciais segundo o hábitat de nacemento



	A Coruña	Pontevedra	Santiago	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
urbano	63,3%	63,7%	64%	7,8%	6,1%	7,1%
vilas	9,2%	12,3%	7,5%	61,8%	28,7%	4,8%
rural	23,3%	22,2%	24,2%	23,5%	58,3%	83,3%
fóra de Galicia	4,2%	1,8%	4,3%	6,9%	7%	4,8%

A continuación introducímo-los resultados obtidos despois da recodificación do hábitat de nacemento nos seis sectores analizados (véxase nota 1):

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
A Coruña					
Total sector	39.1%	49.9%	11.0%		1041
HÁBITAT					
urbano	10.8%	75.8%	13.4%		567
vilas	55.9%	34.7%	9.3%		118
rural	78.7%	13.5%	7.9%	356	
Santiago					
Total sector	56.5%	28.8%	14.7%	.1%	1050
HÁBITAT					
urbano	48.3%	35.4%	16.3%		633
vilas	31.0%	52.1%	16.9%		71
rural	76.6%	11.8%	11.3%	.3%	346
Lugo-2					
Total sector	73.1%	17.3%	9.6%		985
HÁBITAT					
urbano	50.0%	32.6%	17.4%		46
vilas	50.6%	33.6%	15.8%		399
rural	91.7%	3.9%	4.4%		540
Lugo-5					
Total sector	87.5%	5.4%	7.1%		1688
HÁBITAT					
urbano	46.3%	31.7%	22.0%		41
vilas	59.0%	25.6%	15.4%		39
rural	89.2%	4.2%	6.5%		1608
Ourense-4					
Total sector	80.2%	7.4%	12.1%	.2%	881
HÁBITAT					
urbano	64.7%	21.6%	13.7%		51
vilas	62.4%	17.6%	19.4%	.6%	170
rural	86.1%	3.6%	10.2%	.2%	660
Pontevedra					
Total sector	44.1%	39.7%	16.1%	.1%	1045
HÁBITAT					
urbano	41.1%	44.7%	14.2%		769
vilas	38.3%	39.4%	22.3%		94
rural	59.9%	18.7%	20.9%	.5%	182

3.3. *Síntese.*

Como se pretendeu mostrar nas páxinas precedentes, a distribución das linguas que se falan en Galicia é parcialmente distinta. Por unha banda, o galego aparece como a lingua inicial da maior parte da poboación de máis de 26 anos, chegando a índices moi superiores ós do

castelán a partir dos 40 anos. Por outro lado, o castelán é a lingua inicial que predomina nas xeracións dos máis novos. Aínda que é necesario contrastar estes datos cos usos lingüísticos, a presencia do castelán no grupo de menor idade é indicio dun proceso de desgaleguización que en apariencia leva camiño de incrementarse. É dicir, parece que estamos ante unha ruptura no proceso de transmisión interxeracional do galego.

Se isto é certo para a totalidade de Galicia, o proceso aparece máis acentuado nos sectores propiamente urbanos, sobre todo en cidades como A Coruña ou Pontevedra, onde dúas de cada tres persoas de entre 16 e 20 anos adquiriron en primeiro lugar a lingua castelá.

No caso dos sectores formados por concellos nos que son predominantes as vilas como tipo de hábitat, obsérvase unha lixeira diminución do galego como lingua inicial segundo o tamaño das vilas que forman estes sectores. Así, mentres Lugo-2, formado por vilas grandes -Viveiro e Monforte-, ten porcentaxes de castelanfalantes iniciais similares ás da mostra de Galicia, cun 21.3% de monolingüismo inicial en castelán (fronte ó 25.6% do total de Galicia, véxase o gráfico 3.1), Ourense-4, que comprende vilas de menor tamaño, as porcentaxes baixan ata o 11.4%.

Os bilingües iniciais parecen proceder fundamentalmente dos sectores menos rurais. Debido ó frecuente proceso de desprazamento campo-cidade que atopamos en Galicia, non resulta estraño que sexa nas cidades onde as porcentaxes de bilingüismo inicial resulten máis elevadas. Dentro dos espacios urbanos, é nas clases máis desfavorecidas onde o bilingüismo inicial está máis presente. Entre os bilingües iniciais que naceron neste hábitat hai un 25.3% na clase baixa, un 17.9% na clase media-baixa, 17.4% na clase media e un 12.4% na clase media-alta.

En Galicia non semella apropiado falar de abandono total da lingua materna. Dadas as características sociolingüísticas desta comunidade non se sente a necesidade de abandonar a lingua na que un aprendeu a falar. A presencia do galego en novos *dominios*[10] ou institucións sociais cabe esperar que repercuta na súa extensión, chegando a converterse nunha lingua de amplo recoñecemento social.

---

[10] *En Sociolxía, enténdese por* ***dominio*** *un subsistema dunha comunidade ou dunha sociedade con estructuras e funcións propias. Subsistema que xera as súas propias interaccións, establecidas a partir de certos factores sociais como son a relación entre os participantes, o lugar e o tema da interacción etc. Entre os dominios que se recoñecen habitualmente están a igrexa, a familia, a escola, o traballo, etc.*

Táboa 3.1. *Lingua inicial.Galicia*

	lingua inicial			
	galego	castelán	as dúas	outras
TOTAL GALICIA	*62,4%*	*25,6%*	*11,4%*	*,6%*
IDADE				
16 a 25 anos	38,9%	43,5%	16,7%	,9%
26 a 40 anos	53,4%	33,0%	12,8%	,9%
41 a 65 anos	71,6%	18,0%	9,9%	,4%
máis de 65 anos	81,8%	11,3%	6,6%	,3%
ESTUDIOS				
ningún	93,1%	2,8%	3,9%	,3%
primarios incompletos	82,6%	9,4%	7,7%	,4%
primarios completos	63,8%	22,7%	12,8%	,7%
formación profesional	43,5%	38,9%	16,8%	,7%
bacharelato	30,8%	52,0%	16,5%	,8%
carreira de grao medio	30,1%	52,5%	16,2%	1,1%
carreira de grao superior	20,4%	62,9%	15,4%	1,2%
outros estudios	52,9%	39,0%	7,6%	,5%
CLASE SOCIAL				
baixa	76,9%	12,6%	9,7%	,8%
media-baixa	72,6%	17,0%	9,8%	,6%
media	52,1%	33,8%	13,5%	,6%
media-alta	29,6%	58,3%	11,4%	,7%
PROFESIÓN				
empresarios	68,0%	19,9%	11,4%	,8%
titulación superior ou media	20,8%	64,5%	14,4%	,3%
profesionais liberais	15,3%	71,8%	10,7%	2,2%
docentes	35,2%	49,7%	14,0%	1,1%
forzas armadas	49,4%	33,5%	17,1%	
administración subalterno	46,3%	40,0%	13,1%	,6%
persoal servicios	49,0%	37,1%	12,9%	1,0%
autónomos	71,7%	16,6%	11,1%	,6%
labradores	96,0%	1,0%	2,9%	,1%
mariñeiros	84,1%	8,0%	7,5%	,5%
obreiros	65,7%	20,0%	13,6%	,6%
estudiantes	27,4%	53,4%	18,3%	,9%
amas de casa	68,7%	20,6%	10,0%	,7%
persoal sen primeiro emprego	44,3%	40,3%	14,4%	1,0%
SEXO				
home	62,5%	24,6%	12,3%	,6%
muller	62,3%	26,5%	10,6%	,6%
HÁBITAT DE NACEMENTO				
urbano	17,1%	65,3%	17,5%	,1%
periurbano	61,3%	21,1%	17,5%	,1%
vilas	51,7%	32,1%	16,2%	,0%
rural-1	67,3%	18,8%	13,8%	,1%
rural-2	86,5%	5,6%	7,8%	,1%
nacidos fóra de Galicia	12,3%	72,5%	7,4%	7,9%

Táboa 3.2. *Lingua inicial. A Coruña*

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
TOTAL SECTOR	*34,9%*	*54,4%*	*10,3%*	*,5%*	*1170*
IDADE					
16 a 25 anos	9,3%	74,3%	15,6%	,8%	237
26 a 40 anos	26,5%	59,0%	13,3%	1,2%	324
41 a 65 anos	44,5%	49,4%	6,0%		447
máis de 65 anos	62,3%	29,6%	8,0%		162
SEXO					
home	34,6%	55,2%	10,0%	,2%	538
muller	35,1%	53,6%	10,4%	,8%	632
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	9,4%	77,2%	13,4%		552
periurbano	60,0%	26,7%	13,3%		15
vilas	55,9%	34,7%	9,3%		118
rural-1	66,3%	20,7%	13,0%		92
rural-2	83,0%	11,0%	6,1%		264
nacidos fóra de Galicia	,8%	90,7%	3,9%	4,7%	129
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	34,5%	54,7%	10,3%	,5%	1156
periurbano	64,3%	28,6%	7,1%		14

Táboa 3.3. *Lingua inicial. Santiago*

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
TOTAL SECTOR	*51,9%*	*33,0%*	*14,0%*	*1,1%*	*1153*
IDADE					
16 a 25 anos	25,3%	53,6%	20,7%	,4%	237
26 a 40 anos	43,5%	39,0%	15,6%	1,9%	372
41 a 65 anos	66,2%	22,4%	10,6%	,8%	388
máis de 65 anos	76,3%	14,1%	8,3%	1,3%	156
SEXO					
home	52,1%	31,7%	14,8%	1,3%	520
muller	51,7%	34,1%	13,3%	,9%	633
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	28,8%	50,7%	20,5%		420
periurbano	86,9%	5,2%	8,0%		213
vilas	31,0%	52,1%	16,9%		71
rural-1	67,1%	19,2%	12,3%	1,4%	73
rural-2	79,1%	9,9%	11,0%		273
nacidos fóra de Galicia	4,9%	76,7%	6,8%	11,7%	103
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	40,3%	41,8%	16,8%	1,1%	819
periurbano	80,2%	11,7%	6,9%	1,2%	334

Táboa 3.4. *Lingua inicial. Lugo-2*

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
TOTAL SECTOR	*68,5%*	*21,3%*	*9,6%*	*,6%*	*1068*
IDADE					
16 a 25 anos	29,1%	46,9%	22,3%	1,7%	175
26 a 40 anos	58,1%	30,8%	10,3%	,8%	253
41 a 65 anos	80,9%	12,1%	6,8%	,2%	413
máis de 65 anos	88,1%	7,9%	4,0%		227
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	46,5%	34,9%	18,6%		43
periurbano	100,0%				3
vilas	50,6%	33,6%	15,8%		399
rural-1	89,1%	5,9%	5,0%		101
rural-2	92,3%	3,4%	4,3%		439
nacidos fóra de Galicia	14,5%	69,9%	8,4%	7,2%	83
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
vilas	61,5%	26,7%	11,0%	,8%	720
rural-2	83,0%	10,3%	6,6%		348

Táboa 3.5. *Lingua inicial. Lugo-5*

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
TOTAL SECTOR	*84,6%*	*8,1%*	*7,1%*	*,3%*	*1775*
IDADE					
16 a 25 anos	69,2%	19,4%	11,0%	,4%	263
26 a 40 anos	79,0%	12,4%	7,8%	,9%	347
41 a 65 anos	88,2%	4,9%	6,9%		714
máis de 65 anos	92,0%	3,1%	4,7%	,2%	451
SEXO					
home	86,2%	6,5%	6,9%	,5%	874
muller	83,0%	9,5%	7,3%	,1%	901
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	36,4%	39,4%	24,2%		33
periurbano	87,5%		12,5%		8
vilas	59,0%	25,6%	15,4%		39
rural-1	78,2%	12,7%	9,2%		316
rural-2	92,0%	2,2%	5,9%		1292
nacidos fóra de Galicia	27,6%	59,8%	6,9%	5,7%	87
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
rural-1	77,5%	13,6%	8,6%	,3%	671
rural-2	88,9%	4,7%	6,2%	,3%	1104

Táboa 3.6. *Lingua inicial. Ourense-4*

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
TOTAL SECTOR	*74,4%*	*11,4%*	*11,9%*	*2,3%*	*964*
IDADE					
16 a 25 anos	52,3%	20,3%	25,0%	2,3%	172
26 a 40 anos	65,1%	15,3%	14,4%	5,1%	215
41 a 65 anos	82,2%	8,0%	8,2%	1,6%	376
máis de 65 anos	88,6%	6,0%	5,0%	,5%	201
SEXO					
home	73,8%	11,1%	13,0%	2,1%	470
muller	74,9%	11,7%	10,9%	2,4%	494
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	61,4%	25,0%	13,6%		44
periurbano	85,7%		14,3%		7
vilas	62,4%	17,6%	19,4%	,6%	170
rural-1	83,6%	2,6%	13,8%		116
rural-2	86,6%	3,9%	9,4%	,2%	544
nacidos fóra de Galicia	12,0%	54,2%	9,6%	24,1%	83
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
vilas	63,4%	17,0%	15,8%	3,8%	317
rural-1	75,8%	10,8%	13,3%		120
rural-2	80,6%	8,2%	9,3%	1,9%	527

Táboa 3.7. *Lingua inicial. Pontevedra*

	lingua inicial				
	galego	castelán	as dúas	outras	N
TOTAL SECTOR	*40,6%*	*43,8%*	*14,9%*	*,7%*	*1146*
IDADE					
16 a 25 anos	13,5%	65,3%	20,3%	,8%	251
26 a 40 anos	32,2%	50,0%	17,2%	,6%	338
41 a 65 anos	55,8%	30,6%	12,8%	,7%	405
máis de 65 anos	63,2%	29,6%	6,6%	,7%	152
SEXO					
home	41,2%	40,6%	17,6%	,6%	512
muller	40,1%	46,4%	12,8%	,8%	634
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	14,7%	70,6%	14,7%		361
periurbano	64,5%	21,8%	13,7%		408
vilas	38,3%	39,4%	22,3%		94
rural-1	50,0%	24,1%	25,9%		58
rural-2	64,5%	16,1%	18,5%	,8%	124
nacidos fóra de Galicia	4,0%	86,1%	3,0%	6,9%	101
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	24,0%	59,3%	15,9%	,9%	555
periurbano	56,2%	29,3%	14,0%	,5%	591

4
A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

4.1. *A competencia lingüística en Galicia.*

4.1.1. *Caracterización xeral das catro destrezas.*

Neste capítulo presentámo-la información referente á competencia dos entrevistados, tanto no nivel oral coma no escrito. Aínda que nas táboas os datos aparecen desglosados en catro categorías, tal como foron recollidos, na maior parte das análises referirémonos a unha agrupación dos mesmos que tratará de simplifica-los cruzamentos e de facilita-los cálculos da súa significatividade estatística. Unha análise por separado de cada un dos catro valores da variable levaríanos en primeiro termo a interpretar diferencias na seguridade con que se emite a resposta (contestar *bastante* en vez de *moito*) como indicadoras dun superior grao de competencia, interpretación que non consideramos acertada[1]. Por

---

[1] *Véxase, por exemplo, como na Coruña, paradoxalmente, a porcentaxe máis alta de persoas que afirman entender 'moito' o galego non está nos monolingües en galego (65.9%), senón nos que falan 'máis galego ca castelán' (73.3%), ou como en Lugo-5 esta mesma porcentaxe nos galegofalantes iniciais é do 60.2%, mentres que nos que aprenderon a falar en castelán chega ó 65.7%. Sen embargo, se sumámo-las puntuacións dos valores* ***bastante*** *e* ***moito*** *o efecto desaparece: no primeiro dos casos anteriores,* ***só galego*** *100% e* ***máis galego*** *99%, e no segundo galegofalantes iniciais 99.6%, castelanfalantes iniciais 97.8%.*

outra banda, unha análise que partise deste grao de discriminación podería facernos perde-la perspectiva xeral, diminuíndo a eficacia da comparación entre as diferentes competencias. Por iso decidimos incluí-las opcións de resposta *bastante* e *moito* de cada variable na mesma categoría, que nós denominaremos «dominio efectivo», e que reflicte unha competencia elevada nesta destreza. Por «dominio mínimo», pola súa banda, entendemos unha competencia elemental (valor *pouco* nos nosos datos), e utilizarémola naqueles cruzamentos en que ofrece particulares posibilidades de análise. Ó analizármo-la comprensión do galego utilizarémo-lo termo «dominio real» para referirnos ó grao de competencia que resulta do contraste desta variable con diferentes indicadores de uso, dadas as incoherencias que aparecen na avaliación da mesma. Como é lóxico, «dominio/competencia nulo/a» é a ausencia de competencia nesa destreza.

Gráfico 4.1

Dominio efectivo das catro destrezas en Galicia



Por *competencia oral pasiva*, a primeira das destrezas que analizaremos, entendémo-lo dominio da variedade oral da lingua no que á recepción se refire; é dicir, o grao de comprensión da mesma. Cando dúas linguas que conviven na mesma comunidade son moi diferentes

entre si, existe a posibilidade de que os falantes dunha delas teñan problemas para comprende-la outra. Cando isto non acontece e as afinidades son moitas, se exceptuámo-los individuos recén chegados á comunidade cunha lingua distinta, declarar que non se entende esa lingua pode estar relacionado cunha actitude de non-identificación ou rechazo cara á mesma. Con todo, en Galicia a capacidade para entende-la nosa lingua ronda o 100% dos casos.

Sexa como for, é necesario investigar máis polo miúdo ese 2.9% que manifesta entender 'pouco' ou 'nada' o galego, contrastando tales afirmacións con outras realizadas por eles durante a entrevista. O primeiro dato contradictorio coa súa estimación é que moitos aprenderon a falar ou falan en galego, o que impide consideralos, en rigor, alleos á comprensión desta lingua, mesmo respondendo negativamente á cuestión. Pero, levando a pescuda máis aló, cómpre saber se as persoas restantes que negan ter comprensión efectiva do galego non utilizan esta lingua en ningún contexto particular, se non existen persoas próximas no seu medio que a falen con regularidade ou mesmo outras canles polas que recibir dunha forma cotiá a mesma. E, efectivamente, logo de aproveitalas enormes posibilidades de contraste do banco de datos do MSG, quedamos cun escaso 0.04% da poboación que non cumpre ningunha destas condicións, e por tanto non entende o galego en sentido estricto. É dicir, a comprensión que conviñemos en denominar «efectiva» do galego é do 97.1%, pero o nivel de comprensión «real» supera o 99.9%. Era moi estraño que, dada a cativa presencia de persoas procedentes de fóra de Galicia na nosa comunidade[2], e en vista da alta comprensibilidade do galego para un castelanfalante, existise sequera esa porcentaxe. Probablemente, a distancia coa que ven o galego que parecen percibir como estándar ou a dificultade dalgunha variedade diatópica que coñecen, así como outras cuestións de tipo actitudinal variadas, explican esa avaliación para a que non encontramos sustento no contraste co resto dos datos.

No gráfico 4.1, referido ós niveis de dominio efectivo destas catro destrezas, pode verse, ademais, como fronte a este 97.1% que o

[2] *Os nacidos fóra de Galicia son no total da mostra un 7.1%. Non temos datos de cantos destes son de pais galegos e cantos non, pero si sabemos que o 3% dos entrevistados non avaliou a competencia en galego de súa nai, ben porque efectivamente esta non era galega ben porque non a coñeceron ou non lles acordaba. En calquera caso, non coinciden en absoluto as cifras de nacidos fóra e as de non-comprensión do galego.*

entenden ben, os que o saben falar na mesma medida acadan un 86.4%, cunha diferencia, por tanto, de máis de 10 puntos entre ambos. Pero é nas destrezas escritas onde se aprecian as diminucións máis importantes: tomando como referencia o grao de comprensión, a diferencia é de máis de 50 puntos no caso da lectura e de 70 no da escritura. Para entender este feito débese ter en conta que se trata de destrezas cualitativamente distintas, ó non adquirírense de xeito espontáneo, senón como resultado dunha aprendizaxe programada. E tal aprendizaxe, como é sabido, non se puido realizar en galego ata hai moi pouco tempo. Como veremos máis adiante, nos sectores de poboación que tiveron acceso ó texto escrito en galego, as porcentaxes aumentan considerablemente.

Partindo dunha distinción *oral/escrito*, a lectura forma parte das destrezas relacionadas co segundo termo da mesma. Á súa vez, en cada un dos elementos desta dicotomía podemos distinguir entre o carácter pasivo e o activo, co último dos cales se relaciona a escritura. As capacidades para ler e para escribir unha lingua estarán, polo tanto, intimamente relacionadas. En principio parece normal que todo aquel que saiba escribir nunha lingua poderá lela sen excesiva dificultade. En cambio, non parece tan obvio que a persoa que sabe ler posúa a mesma capacidade para escribir, polo carácter [+ activo] que caracteriza a escritura. En rigor, tanto unha coma a outra son dúas actividades distintas. Sen embargo, o que pretende constatar esta diferencia é que a lectura é un *acto* receptivo, máis espontáneo e, se cadra, máis mecánico, menos creativo, mentres a escritura é o elemento dinámico, expresivo (algo parecido pode dicirse das destrezas orais: a comprensión é membro receptivo e a fala o expresivo).

Como veremos a continuación, hai individuos que teñen dificultade para ler en galego; incluso hai un número considerable de persoas que declaran non poder ler nada. En situacións de linguas en contacto as dificultades poden derivarse da existencia de dous sistemas de escritura diferentes ou da escasez de textos escritos nunha das linguas. No noso caso cómpre salientar que, pese a que nos últimos anos a presencia de textos escritos en galego aumentou considerablemente, este feito non repercutiu en boa parte da poboación, xa que eses textos -ata hai moi pouco reducidos ó ámbito literario- non chegaron a formar parte da vida cotiá do individuo.

Por outro lado, a presencia do galego no ensino fixo posible

que os individuos en idade escolar recibisen formación de lingua galega, o que debería supoñer un considerable aumento destas destrezas. Non obstante, en Galicia hai varios obstáculos adicionais: en primeiro lugar, dado que o castelán acapara a maior parte do texto escrito, poida que non se sinta a necesidade de aprender a ler en galego ó non ser imprescindible para desenvolver con normalidade a vida diaria do individuo. E, en segundo, débense ter en conta as limitacións que xorden da aínda recente extensión da variedade escrita do galego.

4.1.2. *Factores condicionantes.*

A *lingua inicial* é unha das variables máis relacionadas coas competencias en lingua galega. No gráfico 4.2, que reflicte a relación entre esta e mailo dominio das catro destrezas, observamos, respecto á capacidade para falar, unha diferencia de case 40 puntos entre castelán e galegofalantes 97.9% e 58.7% respectivamente mentres a diferencia cos bilingues é de só 10.6 puntos.

Gráfico 4.2

Dominio efectivo das catro destrezas segundo a lingua inicial en Galicia



No que se refire ás destrezas escritas, paradoxalmente, os que aprenderon a falar en galego son os que menos dominan a lectura e escritura nesta lingua, probablemente como consecuencia de teren sido tamén os que, por razóns socioculturais, menos oportunidades tiveron de acceder a elas.

Gráfico 4.3

Dominio efectivo das catro destrezas segundo a lingua habitual en Galicia



Outro criterio que cómpre controlar na análise das competencias é a lingua habitual. Como se aprecia no gráfico 4.3, a competencia oral activa está fortemente asociada coa lingua que se usa habitualmente, sendo sensiblemente máis alta cando a lingua habitual predominante ou única é o galego. Así, a porcentaxe, aínda nos que falan 'máis castelán', é superior ó 70%, e só nos monolingües en castelán fica no 30.4%. A tendencia nas variables de lectura e escritura é bastante diferente: canto menos uso do galego maior competencia, salvo nos monolingües en castelán, nos que esta diminúe con respecto ós dous grupos de bilingües pero é sempre superior á dos monolingües en galego. Por outra banda, nos monolingües en castelán a porcentaxe dos que dominan de xeito efectivo a lectura en galego é superior á dos que o saben falar.

Gráfico 4.4

Dominio efectivo das catro destrezas segundo a clase social en Galicia



Ó termos en conta a clase social, observamos dous fenómenos complementarios: por unha banda, canto máis elevada é a clase social menor é a capacidade para falar galego, sobre todo nas dúas clases máis elevadas do espectro. Con todo, as diferencias non superan os 20 puntos mesmo tomando como referencia os dous extremos, e a porcentaxe no grupo con menor competencia (clase media-alta) non baixa do 70%. Polo contrario, canto máis elevado é o estatus social ó que pertence o entrevistado máis alta é a estimación da súa capacidade para ler e escribir en galego (véxase gráfico 4.4). Nestas dúas destrezas, as diferencias dentro de cada clase tamén seguen certa progresión; é dicir, os individuos de clase social baixa estiman en 14.8 puntos máis a súa capacidade de lectura cá de escritura en galego, os da clase media-baixa 17.3 puntos, os da media 20.4 puntos e os da media-alta 24.6 puntos, sempre a favor da lectura. No gráfico 4.4 poden apreciarse con claridade as diferencias entre as dúas destrezas en cada clase social, xa que, por exemplo na clase social baixa, as porcentaxes sitúanse nos extremos do gráfico, quedando a zona intermedia baleira, o que supón un indicio evidente da debilidade da cultura escrita entre as clases socialmente menos favorecidas. A medida que aumenta a clase social, a tendencia é ocupar estes espacios

intermedios, debido á proximidade entre o dominio das catro destrezas. Ou, visto doutro xeito, entre os individuos da clase social *baixa* a porcentaxe dos que teñen un dominio efectivo das catro destrezas é do 13%, aumentando conforme o fai esta o dominio conxunto das competencias: 19.3% na clase *media-baixa*, 29.5% na clase social *media*, e finalmente un 39.1% na clase *media-alta*, variacións que se deben sobre todo ás importantes diferencias que xorden nas destrezas escritas.

Gráfico 4.5

Dominio efectivo das catro destrezas segundo a idade en Galicia



Polo que respecta á idade, as diferencias son moi escasas nas destrezas orais, xa que en calquera dos grupos máis do 96% entende o galego e máis do 80% sabe falalo. Nesta última observamos que a maior idade maior competencia, chegándose a unha diferencia de 12.1 puntos entre os máis novos e os que teñen máis de 65 anos (véxase gráfico 4.5), dato baixo o que probablemente se agacha a interrelación entre lingua habitual e idade. A tendencia invértese na competencia escrita: tanto na pasiva coma na activa pode apreciarse un notable descenso en función do aumento da idade. Mentres que case tres cuartas partes dos menores de 25 anos poden le-lo galego, tan só un de cada catro domina esta destreza nos maiores de 65 anos. As diferencias son máis fortes na capacidade para escribir, onde pasamos do 64.1% no grupo que vai de

16 a 25 anos a un 7.3% nos que superan os 65. Ademais, nos grupos intermedios as porcentaxes están moi por debaixo das da variable que mide a lectura. O gráfico 4.5 tamén mostra que as diferencias dentro de cada grupo de idade son de só 33.4 puntos no dos máis novos, mentres que, en cambio, superan os 90 puntos entre os que teñen 66 ou máis anos.

Nas táboas da serie 4 pode verse que as diferencias por hábitat non son tan amplas. Con todo, a tendencia confirma o que vimos dicindo: hai que partir dunha diferenciación entre as destrezas orais e as destrezas escritas, xa que mentres que no rural dominan as primeiras, nos espacios urbanos predominan as últimas.

Gráfico 4.6

Dominio efectivo das catro destrezas segundo os estudios en Galicia



A diferencia do que sucede coa capacidade para falar galego, fortemente asociada coa lingua habitual do individuo, a variación que encontramos nas destrezas escritas está relacionada co nivel de estudios dos individuos. As porcentaxes de dominio efectivo (véxase gráfico 4.6) non deixan lugar a dúbidas: os universitarios superan en case 70 puntos á xente sen estudios na lectura e en máis de 55 na escritura, manténdose a progresión nas categorías intermedias. Con todo, o gran salto no aumento da competencia dáse entre as persoas con estudios primarios e

os de estudios medios, probablemente porque é a partir deste último nivel de estudios cando o individuo está máis familiarizado co texto escrito, e isto lévao a unha mellor avaliación da súa competencia. Esta explicación, válida para as dúas destrezas escritas, é máis evidente na escritura (estudios primarios= 16.4%, diferencia con estudios medios= 34.9 puntos), habilidade que unha persoa con estudios primarios polo xeral tivo pouca necesidade de exercitar (en galego) e na que por tanto ten menor seguridade.

4.2. *Análise por sectores.*

A continuación analizarémo-los datos relacionados coas competencias en cada un dos sectores.

4.2.1. *Competencia oral pasiva.*

A práctica comprensión total do galego fai inútil a análise por sectores[3]. Para máis detalles, véxase o dito a propósito desta variable para o conxunto de Galicia na sección 4.1.1.

4.2.2. *Competencia oral activa.*

A segunda competencia lingüística obxecto de análise é a oral activa, é dicir, a capacidade dos entrevistados para falar galego. Se observámo-lo mapa 7 podemos apreciar que o dominio oral do galego é moi elevado na maior parte dos sectores: non existen en ningún caso sectores con menos do 65% de persoas que saben falar ben esta lingua. Aínda máis, na maior parte dos casos (29 dos 34 sectores) a porcentaxe é superior ó 80%, e en quince está por riba do 90%.

[3] *Como se aprecia no mapa 5, en 19 dos 34 sectores o dominio efectivo é superior ó 98%, ó tempo que a comprensión nula (mapa 6) en ningún caso supera o 0.5%.*

Gráfico 4.7

Dominio oral efectivo en galego segundo a lingua inicial por sectores



O cruzamento coa lingua inicial dos entrevistados revela que só unha pequena parte dos que tiveron o castelán como lingua inicial considera nula a súa capacidade para falar en galego. Como pode verse nas táboas 4.11 a 4.16, as porcentaxes nos seis sectores analizados varían entre o 4.9% de Lugo-5 e o 10% de Pontevedra. Non hai ningún galegofalante nin bilingüe inicial que se declare completamente incompetente para fala-lo galego, e só os que tiveron o castelán como primeira lingua presentan un dominio efectivo inferior ó 70%[4]. Por outra banda, obsérvense no gráfico 4.7 as baixas porcentaxes de dominio dos castelanfalantes iniciais nas vilas, que no caso de Lugo-2 é inferior mesmo a Pontevedra, detrás do cal podería haber cuestións actitudinais diversas. Nótese ademais que nese sector vilego é tamén onde peor se avalían os bilingües iniciais.

[4] *Coma noutras análises, prescindimos dos que aprenderon a falar noutras linguas por presentaren frecuencias que non permiten tirar conclusións estatisticamente fiables por sectores.*

Gráfico 4.8

Dominio oral efectivo en galego segundo a lingua habitual por sectores



Polo que atinxe á relación coa lingua habitual (gráfico 4.8), só os monolingües en castelán amosan porcentaxes apreciables de ausencia de dominio efectivo desta destreza[5]. Entre os que falan só ou fundamentalmente galego as porcentaxes rondan o 100% das respostas, mentres os que usan máis castelán presentan resultados sempre por riba do 50%, chegando a acada-lo 82.7% no caso da cidade da Coruña. Con todo (véxanse as táboas 4.11 a 4.16), as porcentaxes de competencia nula confírmanse, igual ca no conxunto de Galicia, como moi baixas e irrelevantes.

[5] *As porcentaxes de Ourense-4 e Lugo-5 da opción 'só castelán' (8.7% e 20% respectivamente) non poden tomarse como representativas, dado que o número de persoas que falan unicamente esa lingua neses sectores é moi reducido.*

Gráfico 4.9

Dominio oral efectivo en galego segundo a idade por sectores



Ó realizarmos unha distribución por idade como a que se recolle no gráfico 4.9, encontramos que o dominio efectivo desta destreza aumenta conforme o fai a idade, sendo a progresión máis pronunciada nos sectores urbanos, onde as porcentaxes dos grupos de menor idade son máis baixas ca nos máis rurais. O caso máis salientable é de novo Lugo-2, no que mentres a porcentaxe dos menores de 26 que din falar ben o galego é do 68%, no grupo de maiores de 65 supera o 94%, cunha diferencia por tanto de máis de 26 puntos, mentres que en Lugo-5 esta mesma diferencia entre os máis novos e os máis vellos acada só os 5.5 puntos. Análises máis polo miúdo realizadas con este propósito para o MSG confirman que esta tendencia das vilas grandes a unha avaliación negativa das competencias, nun nivel tamén equivalente ou inferior ás cidades, pode rastrexarse noutros sectores do mesmo tipo.

Obsérvese, así mesmo, no gráfico 4.8 que canto máis rural é o sector máis afirman domina-lo galego falado os maiores de 65 anos. O único sector en que o grupo de máis idade afirma poder falar menos o galego cós grupos máis novos é Pontevedra, onde pasamos dun 81.2% nas persoas entre 41 e 65 anos a un 74.3% nos que superan esta idade. Baixo

este dato aparentemente estraño, agáchase sobre todo unha distinta procedencia no hábitat de nacemento neste grupo de maior idade. Así, mentres o 63.2% dos entrevistados maiores de 65 anos de Pontevedra naceu en hábitat urbano ou periurbano, na Coruña esta cifra acada só o 24.7%, e, mentres o 53% dos coruñeses maiores de 65 naceron no medio rural, en Pontevedra só.o 15.8% teñen esta procedencia[6].

Polo que se refire á relación entre capacidade para fala-lo galego e nivel de estudios, hai unha clara tendencia a que aquela diminúa a medida que aumentan estes. Así, fronte ó 16% de individuos sen competencia efectiva para falar galego no conxunto de Lugo-2, tan só o 6.7% dos que non teñen estudios se manifesta neste sentido, pero a porcentaxe sobe ata o 27% nos universitarios. Na maior parte dos sectores non hai individuos sen estudios con competencia nula para falar en galego. Estas diferencias, sen embargo, neutralízanse no rural (Lugo-5), onde os estudios non introducen case diferencias. Para unha visión máis pormenorizada, véxanse as táboas que seguen (nas que os estudios aparecen recollidos en cinco grupos).

[6] *Con todo, debe terse en conta a forte asociación entre a competencia oral activa e outras variables. A que explica maior cantidade de varianza é a lingua habitual do entrevistado (lémbrense os datos do gráfico 4.7). Así mesmo, a maior interacción dáse coa lingua habitual e coa idade.*

	sabe fala-lo galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
A Coruña					
Total sector	4,5%	18,7%	32,1%	44,6%	1170
ESTUDIOS					
ningún	1,7%		44,1%	54,2%	59
primarios	4,4%	16,6%	34,3%	44,7%	548
medios	3,7%	24,1%	31,1%	41,1%	270
universitarios	5,9%	21,8%	26,9%	45,4%	271
outros	9,1%	18,2%	22,7%	50,0%	22
Santiago					
Total sector	1,9%	12,7%	31,1%	54,2%	1153
ESTUDIOS					
ningún		1,6%	44,4%	54,0%	63
primarios	1,7%	4,2%	30,0%	64,1%	474
medios	2,7%	19,4%	32,3%	45,6%	263
universitarios	2,0%	21,8%	29,4%	46,8%	344
outros			33,3%	66,7%	9
Lugo-2					
Total sector	2,1%	13,9%	48,0%	36,0%	1068
ESTUDIOS					
ningún		6,7%	50,0%	43,3%	30
primarios	1,2%	8,9%	50,5%	39,4%	751
medios	4,7%	30,7%	40,1%	24,5%	192
universitarios	4,5%	22,5%	41,6%	31,5%	89
outros			83,3%	16,7%	6
Lugo-5					
Total sector	,4%	3,2%	33,7%	62,7%	1775
ESTUDIOS					
ningún		2,3%	51,9%	45,9%	133
primarios	,2%	2,3%	35,1%	62,5%	1289
medios	1,3%	6,7%	23,5%	68,5%	238
universitarios	1,9%	7,6%	16,2%	74,3%	105
outros			40,0%	60,0%	10
Ourense-4					
Total sector	,9%	6,5%	51,0%	41,5%	964
ESTUDIOS					
ningún	,8%	2,4%	84,6%	12,2%	123
primarios	1,1%	4,3%	46,2%	48,4%	649
medios	,8%	17,8%	48,8%	32,6%	129
universitarios		15,3%	35,6%	49,2%	59
outros			100,0%		4
Pontevedra					
Total sector	4,4%	21,5%	45,6%	28,5%	1146
ESTUDIOS					
ningún			56,5%	43,5%	23
primarios	3,3%	13,9%	53,0%	29,9%	613
medios	5,6%	30,8%	39,8%	23,7%	266
universitarios	6,4%	32,9%	32,9%	27,8%	234
outros		20,0%	20,0%	60,0%	10

O cruzamento por clase social, como se observa no gráfico 4.10, presenta tendencias distintas dependendo, fundamentalmente, da tipoloxía do hábitat do sector. Así, no máis rural o dominio efectivo é moi semellante en calquera clase social. En efecto, en Lugo-5 as porcentaxes están sempre arredor do 95%, sen que se aprecien diferencias entre elas[7]. Nos sectores formados por vilas o dominio efectivo é moi semellante nas tres clases máis altas do espectro: as diferencias rondan os dez puntos en Lugo-2 e os cinco en Ourense-4; entrementres, a diminución na media-alta é de 25 puntos no primeiro caso e de máis de 13 no segundo.

Gráfico 4.10

Dominio oral efectivo do galego segundo a clase social por sectores



Entre as cidades, as que presentan comportamentos máis homoxéneos nas catro clases sociais son A Coruña e Santiago (diferencias de só 13 puntos entre a baixa e a media-alta), pero as porcentaxes son sempre inferiores na Coruña, onde ademais a diminución na media-alta é máis pronunciada. En Pontevedra prodúcese unha polarización entre a

[7] *Só cómpre sinalar que na clase media-baixa e na media as porcentaxes do valor 'moito' se reducen en beneficio de 'bastante', o que parece indicar unha menor seguridade na resposta ca na clase baixa e na alta (aínda que neste última debe terse en conta que o* ***n*** *sobre o que se calculan as porcentaxes é unicamente de 60).*

clase media e a media-alta por unha banda, e a media-baixa e a baixa pola outra, xa que nestas últimas dúas as porcentaxes de dominio efectivo son bastante superiores[8].

Cadro 4.1. *Dominio oral efectivo segundo o hábitat de residencia por sectores*

	urbano	periurbano	vilas	rural-1	rural-2
A Coruña	76,6%	85,7% (*n=14)			
Pontevedra	59,6%	87,9%			
Santiago	82,2%	93,1%			
Lugo-2			79,7%		93,1%
Ourense-4			88,0%	95,0%	94,7%
Lugo-5				94,1%	97,8%

O cruzamento co hábitat de residencia nestes seis sectores (cadro 4.1) revela que nas cidades o periurbano presenta unhas porcentaxes máis favorables para o galego có urbano. Este fenómeno é máis acusado en Pontevedra, onde a competencia en galego é sensiblemente máis baixa no urbano, o que a define como cidade de fortes contrastes, como xa se apreciaba na análise por clase social. Santiago é a que globalmente amosa mellores resultados nos dous tipos de hábitat: o urbano sitúase á altura do hábitat vilego e o periurbano no mesmo nivel có rural. Salvo neste caso, pódese falar dunha mellor estimación do dominio efectivo a medida que o hábitat se vai facendo máis rural. Entre os dous tipos de hábitat rurais as diferencias non son notables. Nas vilas, sobre todo nas grandes (Lugo-2), existe un notable descenso da porcentaxe de individuos que declaran saber fala-lo galego, ata tal punto que as súas porcentaxes chegan a ser inferiores ás das cidades.

4.2.3. *Competencia de lectura.*

Como se observa no mapa 8, só 9 sectores presentan un dominio efectivo da lectura en galego do 50% ou máis. Con todo, en calquera deles a porcentaxe é de alomenos un 25%.

[8] *Téñase en conta que o número de casos sobre o que está calculado o 100% da clase baixa de Pontevedra é unicamente de 13, polo que debemos ser prudentes e non concederlle importancia á diferencia respecto á media-baixa.*

Polo que se refire ás variables independentes, en primeiro lugar verémo-la relación entre o dominio da lectura e a idade do entrevistado. Como pode observarse no gráfico 4.11, canto máis novos son os individuos maior é a competencia. En efecto, en calquera dos seis sectores obxecto de análise son os máis novos os que mellor dominan a lectura en galego, tanto no hábitat urbano coma nas vilas ou no rural. Así, en Santiago as porcentaxes de dominio efectivo da lectura pasan do 29% nos maiores de 65 anos ó 78.9% no grupo de 16-25 anos. Obsérvese que o aumento é progresivo a medida que diminúe a idade. Aínda que esta pauta é común a tódolos sectores, existe outro criterio complementario que produce un aumento da competencia cando a idade é a variable de control: o carácter urbano do hábitat; canto máis pronunciado é este carácter no sector, máis dominio da lectura existe. Nos entrevistados máis novos, as diferencias entre os sectores urbanos e os vilegos son de catorce puntos ou máis (Santiago 78.9%, Lugo-2 60.5%). No rural estes volven a avalia-la súa capacidade para ler ó nivel das cidades[9] (76% nos máis novos de Lugo-5), pero a competencia descende bruscamente ó 40.3% no grupo de 41 a 65 anos. Con todo, supera de novo a estimación dese mesmo grupo nos sectores vilegos, colocándose á altura de Pontevedra. Isto pode querer dicir que na percepción da competencia de lectura, pode estar influíndo, ademais do nivel de contacto habitual co texto escrito, a proximidade e/ou identificación co galego, especialmente na xente nova do rural. As vilas, de por parte, continúan sendo as que presentan as avaliacións máis baixas da competencia.

[9] *O fenómeno non afecta unicamente a Lugo-5. En exploracións máis amplas realizadas na elaboración do MSG puidemos comprobar que os sectores de carácter eminentemente rural presentan sempre avaliacións das competencias escritas superiores ós vilegos, situándose con frecuencia moi próximos ou mesmo por riba das cidades. Nos cruzamentos coa idade e os estudios é onde se aprecia máis nitidamente, sobre todo nos universitarios e menores de 25 anos, aínda que sen deixar de afectar ós demais grupos e demais variables.*

Gráfico 4.11

Dominio efectivo da lectura en galego segundo a idade por sectores



En conxunto, parece claro que a competencia na lectura en galego está moito máis estendida entre os menores de 41 anos. É interesante salientar, por outra banda, que no grupo de 16 a 25 anos aparezan porcentaxes tan importantes de individuos que afirman non ter dominio efectivo da lectura en galego (12.2% na Coruña, 24% en Lugo-5, 39.6% en Ourense-4), cando ese grupo de idade recibiu xa ensino de galego durante boa parte da súa formación escolar.

Por outro lado, as porcentaxes de entrevistados con dominio nulo da lectura (véxase nas táboas o valor 'nada') aumentan considerablemente a medida que o fai a idade. Aínda que este efecto aparece en tódolos sectores, as diferencias tenden a ser máis débiles nas cidades. Mesmo así, na maior parte dos sectores dous tercios da poboación de calquera grupo de idade ten alomenos un dominio mínimo desta detreza.

Gráfico 4.12

Dominio efectivo da lectura en galego segundo os estudios por sectores



Polo que respecta ós estudios, conforme aumenta o seu nivel increméntase tamén a capacidade de lectura (véxase gráfico 4.12). Igual que sucedía na variable anterior, o aumento da competencia lectora conforme o grao de estudios ten unha diferente progresión segundo o tipo de hábitat do sector. Así, se temos en conta conxuntamente os estudios e o hábitat, observamos que na Coruña un 84.5% dos universitarios afirman posuír un alto dominio efectivo desta destreza, porcentaxe que decae ata o 60,7% en Lugo-2 (vilas) e volve a aumentar no rural (Lugo-5) mesmo por riba dos sectores urbanos. Hai que ter en conta, para entender apropiadamente ese dato que, por unha banda, as persoas con estudios medios e universitarios de Lugo-5 teñen uns índices de uso do galego moi superiores ós de espacios urbanos coma A Coruña. Por outra,

se observámo-las actitudes lingüísticas destes grupos de poboación, comprobamos que son máis favorables no rural ca nas cidades: mentres na Coruña o 56.1% das persoas con estudios medios ou universitarios ven máis axeitado o uso do galego nos concellos ou na Xunta có do castelán, en Lugo-5 esta porcentaxe sobe ata o 67.7%. Mentres en Santiago o 60.1% cre que o galego debería se-la lingua da escola, en Lugo-5 a porcentaxe é do 66.2%. Mentres que na Coruña o 83.3% deste grupo cre que tódolos galegos deberían coñece-lo galego, en Lugo-5 creo un 94.5%.

Hai que destacar ademais que é nos espacios urbanos onde máis débil se mostra a diferencia entre as persoas con estudios medios e estudios universitarios no dominio desta destreza: mentres o dominio efectivo dos primeiros só é superior en cinco puntos ó dos segundos nas cidades e en Lugo-2, no rural e en Ourense-4 a diferencia ronda os 15 puntos. A diminución máis forte dáse nas persoas con estudios primarios, con diferencias en ningún caso inferiores ós 20 puntos respecto ós que cursaron estudios medios.

Así mesmo, nos sectores urbanos atopamos entrevistados que, sen teren estudios, recoñecen certa capacidade para ler en galego (un de cada catro na Coruña). Isto pode deberse, se cadra, a que no medio urbano existe un maior contacto coa escritura ca no rural, ou ben a que estes individuos valoran a súa competencia na lectura en galego tomando como referencia a que teñen en castelán. Estes datos amosan unha relación entre o carácter [+/- urbano] do sector e a conciencia de dominio da lectura en galego. Neste mesmo sentido, vemos que os individuos de espacios urbanos como A Coruña ou Santiago con estudios primarios considéranse máis capacitados para ler en galego cós habitantes do rural co mesmo nivel de formación. A incidencia da competencia lectora en castelán pode ser diverxente: nalgúns entrevistados este dominio quizais non inflúa na estimación da súa competencia en galego; noutros pode producirse o efecto contrario: crer que se posúen certa competencia en castelán, dada a proximidade das dúas linguas, poden tela tamén en galego.

As táboas que aparecen a continuación presentan o cruzamento coa variable estudios tal como se tratou neste capítulo:

	sabe le-lo galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
A Coruña					
Total sector	6,2%	25,6%	35,9%	32,2%	1155
ESTUDIOS					
ningún	15,9%	59,1%	22,7%	2,3%	44
primarios	8,8%	34,1%	38,7%	18,4%	548
medios	2,2%	17,8%	37,0%	43,0%	270
universitarios	3,3%	12,2%	31,0%	53,5%	271
outros	9,1%	9,1%	40,9%	40,9%	22
Santiago					
Total sector	8,2%	30,2%	30,8%	30,9%	1114
ESTUDIOS					
ningún	32,0%	64,0%	4,0%		25
primarios	12,5%	43,8%	28,8%	15,0%	473
medios	3,8%	21,3%	33,8%	41,1%	263
universitarios	3,8%	16,3%	33,1%	46,8%	344
outros	11,1%	11,1%	33,3%	44,4%	9
Lugo-2					
Total sector	14,6%	45,0%	34,2%	6,1%	1046
ESTUDIOS					
ningún	50,0%	42,9%	7,1%		14
primarios	16,1%	49,3%	30,7%	3,9%	745
medios	9,4%	34,4%	46,9%	9,4%	192
universitarios	6,7%	32,6%	41,6%	19,1%	89
outros	33,3%	50,0%	16,7%		6
Lugo-5					
Total sector	7,2%	45,8%	30,8%	16,3%	1739
ESTUDIOS					
ningún	10,0%	80,0%	9,0%	1,0%	100
primarios	8,2%	51,2%	32,3%	8,2%	1286
medios	2,9%	19,3%	33,6%	44,1%	238
universitarios	1,9%	6,7%	24,8%	66,7%	105
outros		50,0%	40,0%	10,0%	10
Ourense-4					
Total sector	24,3%	46,5%	23,0%	6,1%	913
ESTUDIOS					
ningún	20,0%	80,0%			85
primarios	30,8%	45,4%	20,1%	3,6%	636
medios	6,2%	38,0%	40,3%	15,5%	129
universitarios	1,7%	28,8%	47,5%	22,0%	59
outros		50,0%	50,0%		4
Pontevedra					
Total sector	14,9%	33,6%	33,8%	17,7%	1128
ESTUDIOS					
ningún	50,0%	50,0%			8
primarios	19,8%	42,0%	30,3%	7,9%	610
medios	8,3%	26,3%	39,1%	26,3%	266
universitarios	9,0%	20,1%	38,0%	32,9%	234
outros		20,0%	30,0%	50,0%	10

Polo que se refire á clase social, os índices de competencia máis elevados aparecen nas clases media e media-alta (véxase gráfico 4.13). Sen embargo, pode apreciarse tamén que as maiores diferencias xorden entre a clase media-baixa e a media, agás na Coruña onde estas son cativas (17.6 puntos entre a clase máis baixa e a máis alta, fronte ós 37 de Ourense-4 ou os 33.4 de Santiago). Na clase media alta dos sectores vilegos ronda o 50%, e nos demais supera o 60%. Para os casos de Lugo-2 e Pontevedra, téñase en conta que o número de persoas que se inclúen nas clases baixa e media-alta é moi reducido, polo que probablemente as cifras que rompen a tendencia á suba progresiva conforme aumenta a clase social respondan máis a ese feito ca a un comportamento diferencial. Hai que reparar tamén no caso de Santiago, pola diferencia tan ampla entre, por unha banda, as clases baixa e media baixa, e por outra a media e media-alta. Sen embargo, débese ter en conta que o nivel de estudios e a idade dos individuos de cada clase é moi distinto: mentres nas clases media e media-alta o 65.4% ten estudios medios e universitarios e o 60.4% menos de 41 anos, na baixa e media-baixa as porcentaxes son, respectivamente, o 29% e o 32%. Se temos en conta a forte asociación do dominio da lectura en galego coa idade e os estudios probablemente comprendamos esta particularidade de Santiago.

Gráfico 4.13

Dominio efectivo da lectura en galego segundo a clase social por sectores



Segundo a actividade profesional, son os docentes, estudiantes e titulados superiores e medios os que afirman ter unha maior competencia lectora, mentres os que menos dominan esta destreza son os labregos, obreiros, autónomos, empresarios e amas de casa. Ademais, todos eles declaran ter máis competencia na lectura ca na escritura.

Gráfico 4.14

Dominio efectivo da lectura en galego segundo o sexo por sectores



Malia a non se-lo sexo unha variable que presente habitualmente asociacións significativas coas destrezas lingüísticas, nesta competencia constatamos que os homes se estiman máis competentes para ler en galego cás mulleres en tódolos sectores -véxase gráfico 4.14. Esta mellor avaliación pode ser consecuencia tanto das distintas oportunidades que homes e mulleres tiveron tradicionalmente para accederen á cultura como das diferentes pautas de valoración duns e doutras. Os índices de lectura máis baixos aparecen nas vilas, tanto nas mulleres coma nos homes, con diferencia clara sobre todo respecto ás cidades pero tamén en relación ó rural. Observando o gráfico 4.14 ou as táboas da serie 4 pode verse, en efecto, que nos sectores vilegos a competencia efectiva na lectura é menor ca nos demais, mentres que no rural Lugo-5 volve a aumentar, como acontecía ó realiza-lo contraste coas variables precedentes. Polo que respecta ás cidades, mentres que na Coruña a lectura efectiva en galego dos homes é 12.4 puntos superior á das mulleres, en Pontevedra esta diferencia non supera os 5.2 puntos.

Gráfico 4.15

Dominio efectivo da lectura en galego segundo a lingua inicial por sectores



	Coruña	Pontevedra	Santiago	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
galego	61,4%	43,8%	55%	39,6%	28,3%	44,4%
castelán	70,3%	55,8%	67,8%	40,5%	37,9%	67,2%
bilingües iniciais	79%	59,6%	70,8%	45,1%	25,6%	54,1%

No tocante á lingua inicial (véxase gráfico 4.15), son normalmente os bilingües quen se senten mellor capacitados para ler en galego (sirva como exemplo a cidade da Coruña, onde só un 21% deste grupo di ter unha escasa competencia na lectura), coas excepcións de Ourense-4[10] e Lugo-5. Estas excepcións teñen sen dúbida moito que ver co feito de que nestes dous sectores, os menos urbanos dos seis, os que aprenderon a falar nas dúas linguas presentan porcentaxes de estudios medios ou universitarios sensiblemente máis baixas ca nos demais. Obsérvese, comparando o gráfico 4.15 co cadro 4.2, que a competencia de lectura de cada grupo de bilingües aumenta a medida que neste grupo hai máis persoas con estudios medios ou universitarios. Como contrapartida, en Ourense-4 e Lugo-5 aumenta substancialmente a porcentaxe de

[10] *Neste sector, ademais, a lingua inicial non implica unha distribución estatisticamente significativa. Por outra banda, en Lugo-2 só é significativa na medida en que os monolingües iniciais en castelán sen dominio efectivo da lectura en galego son máis tallantes nas súas respostas, inclinándose en maior medida a declarar que non saben ler 'nada' nesta lingua.*

castelanfalantes iniciais que teñen estudios medios ou universitarios, e con ela o seu dominio da lectura.

Cadro 4.2. *Índices de estudios medios ou universitarios segundo a lingua inicial*

Lingua inicial	galego	castelán	as dúas
A Coruña	18,1%	62,3%	63,3%
Santiago	27,4%	85,5%	68,0%
Pontevedra	13,6%	70,0%	50,9%
Lugo-2	13,4%	58,1%	49,1%
Ourense-4	13,1%	49,6%	30,4%
Lugo-5	14,1%	60,9%	33,9%

Acabamos de ver que o paradoxo de seren os que aprenderon a falar en galego quen menos dominan a lectura nesta lingua está fortemente asociado a seren tamén quen realizaron menos estudios. Tratemos, por tanto, de minimizar este factor distorsionador traballando só con individuos que, en principio, tiveron oportunidade de estudiar. Para iso analizámo-lo cruzamento nos menores de 26 anos (que, ademais, tiveron que recibir ensino de galego na escola). En efecto, ó quedarnos con este grupo de idade (cadro 4.3) son os galegofalantes iniciais quen estiman ter un maior dominio efectivo da lectura en galego e non os castelanfalantes iniciais nin os bilingües das mesmas idades. Vexámo-los datos concretos en cada sector:

Cadro 4.3. *Dominio efectivo da lectura en galego nos menores de 26 anos segundo a lingua inicial*

Lingua inicial	galego	castelán	as dúas
A Coruña	95,5%	86,4%	89,2%
Santiago	83,3%	78,7%	73,5%
Lugo-2	70,6%	53,7%	61,5%
Lugo-5	77,5%	72,5%	72,4%
Ourense-4	65,5%	60,0%	51,2%
Pontevedra	79,4%	72,0%	82,4%

As superiores porcentaxes neste grupo de idade dos galegofalantes iniciais probablemente causen xa menos estrañeza. Efectivamente, como suxerimos máis arriba, no momento en que os galegofalantes teñen oportunidade de estudiar presentan niveis de lectura superiores ós que aprenderon a falar en castelán.

Con todo, segue manténdose -coma noutras variables- a tendencia a que, canto máis urbano é o hábitat do sector, mellor avalíen o seu dominio, o que reflicte o carácter actitudinal da estimación da competencia. Canto máis urbano é o hábitat máis seguro se encontra o individuo das destrezas que tanto necesita para moverse no medio en que vive, inevitablemente cheo de información visual e gráfica, que un individuo rural, aínda con estudios, non necesita nin -como estamos vendo- valora na mesma medida.

4.2.4. *Competencia escrita.*

A escritura en galego é a destreza que menos domina a poboación do noso país. En ningún dos 6 sectores que analizamos (ou en calquera dos 34 de toda Galicia, como se aprecia no mapa 9) os que dominan ben esta destreza superan o 40%. Con todo, o grao de ruralidade do sector fai de novo que diminúa o dominio efectivo, como acontecía no caso da lectura. Como se observa no cadro 4.4, Lugo-5 volve a rachala tendencia descendente, situándose lixeiramente por riba dos sectores vilegos (cfr. nota 9).

Cadro 4.4. *Dominio efectivo da escritura en galego por sectores*

A Coruña	35,4%
Santiago	36,6%
Lugo-2	26,6%
Lugo-5	26,2%
Ourense-4	15,8%
Pontevedra	29,9%

Os galegofalantes iniciais (gráfico 4.16) son os que presentan as porcentaxes máis baixas, salvo en Lugo-2, onde un 25.3% dos galegofalantes iniciais afirma ter un bo dominio da escrita, contra un 24.7% nos que tiveron o castelán como primeira lingua. O sector Ourense-4 destaca por presenta-las porcentaxes máis baixas entre os galegofalantes iniciais, xa que é o único que a penas chega ó 15% de dominio efectivo. Os bilingües iniciais son, igual que acontecía coa lectura en galego, os que presentan as porcentaxes máis altas no dominio da escritura, aínda que nos sectores menos urbanos (Ourense-4 e Lugo-2) este posto é ocupado polos castelanfalantes iniciais. Non imos repeti-lo dito para a lectura a

propósito do acceso ós estudios de cada grupo de lingua inicial, pero é evidente que os que tiveron a posibilidade de realizar estudios medios ou universitarios son de novo os que presentan un maior dominio efectivo. Os castelanfalantes iniciais, pola súa banda, presentan porcentaxes máis altas deste tipo de dominio na maior parte dos sectores, oscilando entre o 24.7% de Lugo-2 e o 43.3% de Santiago.

Gráfico 4.16

Dominio efectivo da escritura en galego segundo a lingua inicial por sectores



Nos gráficos 4.17, 4.18 e 4.19 compárase o dominio da lectura e da escritura dos monolingües iniciais en galego, en castelán e dos bilingües iniciais. Como pode verse, as diferencias entre o dominio da lectura e da escritura son maiores nas cidades e diminúen nas vilas para despois volver a aumentar, aínda que sen situárense ó nivel das cidades, no hábitat máis rural. Este efecto, que aparece en calquera dos grupos de lingua inicial (cfr. cadro 4.4), pode apreciarse nos monolingües en galego na transición entre os 36.3 puntos de diferencia da Coruña (dominio da lectura/dominio da escritura) ós 14.3 puntos en Lugo-2 e a nova subida en Lugo-5 ata os 20.5 puntos (cfr. de novo nota 9).

Cadro 4.4. *Diferencias (en puntos) entre as porcentaxes de dominio efectivo da lectura e escritura segundo a lingua inicial*

	A Coruña	Pontevedra	Santiago	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
galego	36,3	21,7	27,0	14,3	14,7	20,5
castelán	31,5	21,2	24,5	15,8	22,9	25,9
as dúas	27,8	23,4	19,2	5,9	4,3	18,6

Gráfico 4.17

Dominio efectivo das destrezas de escritura nos monolingües iniciais en galego por sectores



Gráfico 4.18

Dominio efectivo das destrezas de escritura nos monolingües iniciais en castelán



Gráfico 4.19

Dominio efectivo das catro destrezas de escritura nos bilingües iniciais por sectores



Se cruzámo-la competencia escrita coa lingua habitual do entrevistado, observamos que os que manifestan ter unha mellor competencia escrita son, polo xeral, os individuos que falan máis en castelán ca en galego. O grupo que fala unicamente en galego adoita presenta-las porcentaxes de dominio efectivo máis baixas, excepto nos casos xa comentados, e os que falan só castelán amosan os índices máis baixos de todos en sectores constituídos por vilas grandes e en Santiago e Pontevedra.

Gráfico 4.20

Dominio efectivo da escritura en galego segundo a idade por sectores



A medida que diminúe a idade prodúcese un aumento progresivo da capacidade para escribir en galego. A tipoloxía do sector (rural, vilas ou urbano) ten importancia, na medida que as diferencias entre tramos de idade adoitan ser máis pronunciadas nos rurais (gráfico 4.20). Por tanto, parece claro que, fronte a maiores índices de competencia oral nos individuos que viven en espacios rurais ou a medida que a idade vai aumentando, a competencia escrita en galego presenta unha distribución completamente inversa.

Gráfico 4.21

Dominio efectivo da escritura en galego segundo o grao de estudios por sectores



O gráfico 4.21 reflicte o dominio efectivo da escritura segundo o grao de estudios dos entrevistados nos diferentes sectores. Nel pode verse como, por unha banda, igual que acontecía no caso da lectura, existe unha diferencia cualitativamente importante entre o dominio da destreza das persoas con estudios medios ou universitarios e o dos que non teñen ningún estudio ou só estudios primarios. Por outra, as porcentaxes de dominio efectivo da escritura en galego nas persoas sen estudios nunca acadan o 3%, a diferencia do que ocorría coa lectura en sectores como A Coruña, onde chegaba ó 25%. Ademais, as porcentaxes dos que teñen estudios medios e universitarios son certamente moi parellas, coincidindo parcial ou totalmente en sectores como A Coruña ou Pontevedra.

A seguinte táboa mostra o cruzamento da competencia escrita cos estudios recodificados segundo a agrupación estándar:

	sabe escribi-lo galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
A Coruña					
Total sector	26,9%	37,6%	19,7%	15,7%	1156
ESTUDIOS					
ningún	48,9%	48,9%	2,2%		45
primarios	36,1%	47,1%	13,5%	3,3%	548
medios	14,8%	27,4%	31,9%	25,9%	270
universitarios	16,2%	27,3%	23,2%	33,2%	271
outros	31,8%	31,8%	18,2%	18,2%	22
Santiago					
Total sector	26,7%	36,8%	19,4%	17,2%	1110
ESTUDIOS					
ningún	69,6%	30,4%			23
primarios	40,6%	44,6%	12,1%	2,8%	471
medios	14,1%	35,4%	26,2%	24,3%	263
universitarios	14,5%	27,9%	25,0%	32,6%	344
outros	22,2%	22,2%	33,3%	22,2%	9
Lugo-2					
Total sector	30,9%	42,6%	21,9%	4,7%	1048
ESTUDIOS					
ningún	71,4%	28,6%			14
primarios	33,9%	45,0%	18,5%	2,7%	747
medios	19,3%	39,6%	32,3%	8,9%	192
universitarios	23,6%	31,5%	31,5%	13,5%	89
outros	50,0%	33,3%	16,7%		6
Lugo-5					
Total sector	26,5%	47,2%	16,0%	10,2%	1738
ESTUDIOS					
ningún	14,1%	84,8%	1,0%		99
primarios	32,2%	50,0%	14,3%	3,5%	1286
medios	9,7%	29,4%	27,3%	33,6%	238
universitarios	8,6%	16,2%	24,8%	50,5%	105
outros	10,0%	70,0%	20,0%		10
Ourense-4					
Total sector	46,3%	37,9%	10,8%	5,0%	905
ESTUDIOS					
ningún	65,9%	34,1%			82
primarios	53,2%	38,0%	5,9%	2,9%	631
medios	18,6%	37,2%	30,2%	14,0%	129
universitarios	6,8%	40,7%	37,3%	15,3%	59
outros	25,0%	75,0%			4
Pontevedra					
Total sector	38,8%	31,3%	18,5%	11,4%	1126
ESTUDIOS					
ningún	75,0%	25,0%			8
primarios	52,3%	31,6%	12,7%	3,5%	608
medios	22,2%	31,2%	27,4%	19,2%	266
universitarios	23,1%	30,3%	24,8%	21,8%	234
outros		50,0%		50,0%	10

A estimación da competencia escrita tamén mellora a medida que aumenta a clase social. Como pode verse no gráfico 4.22, na clase media-alta o dominio efectivo ronda o 50% salvo nos sectores vilegos, nos que non chega ó 35%. Só nas cidades de Santiago e Pontevedra se rompe a sistematicidade da progresión, con leves caídas entre a clase baixa e a media-baixa. Cómpre salientar o cativo dominio efectivo da clase baixa en Ourense-4 (4.5%), así como a grande diferencia entre a media-baixa e a media en Santiago (20.5 puntos)[11] e entre a media e media-alta en Lugo-5 (18.5 puntos).

Gráfico 4.22

Dominio efectivo da escritura en galego segundo a clase social por sectores



En canto ó habitat de residencia, o cruzamento non é significativo en dúas das cidades (A Coruña e Pontevedra), mentres que a maior relevancia se produce nos sectores clasificados como vilas. Os habitantes do rural, polo xeral, manifestan ter máis competencia para escribir en galego cós das vilas, e os do urbano máis cós do periurbano[12].

---

[11] *Lémbrese o comentado en relación con este mesmo efecto para a lectura en 4.2.3.*

[12] *O sexo do entrevistado non introduce variabilidade na competencia escrita en galego. En tódolos sectores, os homes presentan porcentaxes máis altas de dominio do galego cás mulleres, probablemente como consecuencia dunha realidade social subxacente, igual ca no caso da competencia na lectura, de maior oportunidade de acceso á cultura nas mulleres, pero que en calquera caso non posúe a suficiente significatividade estatística.*

4.3. Síntese.

O grao de comprensión do galego é practicamente total en Galicia. O dominio **efectivo** desta destreza supera o 97% dos casos e o **real** o 99%.

Declaran saber falar galego máis do 85% da poboación. Aínda que loxicamente esta capacidade está moi relacionada coa lingua que se usa habitualmente, as porcentaxes son moi elevadas, salvo cando esta é exclusivamente o castelán.

O dominio da lectura e da escritura é moito menor có das destrezas orais. Con todo, nas xeracións máis novas apréciase unha recuperación moi importante destas capacidades, efecto parello ó que se produce nas persoas con estudios medios ou universitarios.

Mentres nas destrezas orais (comprensión e capacidade para falar) as asociacións máis importantes prodúcense coa lingua inicial e a habitual, nas destrezas escritas as variables que cumpren esta función son a idade, os estudios e, en menor medida, a clase social.

Táboa 4.1. *Dominio da comprensión do galego. Galicia*

	entende o galego			
	nada	pouco	bastante	moito
TOTAL GALICIA	*,1%*	*2,8%*	*48,4%*	*48,7%*
LINGUA INICIAL				
galego		,6%	49,6%	49,7%
castelán	,4%	7,9%	44,7%	47,0%
as dúas		2,7%	49,8%	47,5%
outras		7,8%	50,6%	41,6%
LINGUA HABITUAL				
só castelán	1,0%	15,5%	44,2%	39,3%
máis castelán		4,2%	45,7%	50,1%
máis galego		1,4%	49,5%	49,1%
só galego		,1%	49,9%	50,0%
IDADE				
16 a 25 anos	,0%	2,5%	44,5%	53,0%
26 a 40 anos	,2%	3,1%	47,3%	49,4%
41 a 65 anos	,1%	2,8%	49,2%	47,9%
máis de 65 anos	,0%	2,5%	52,6%	44,9%
ESTUDIOS				
ningún		1,5%	60,8%	37,7%
primarios incompletos	,1%	2,4%	51,9%	45,7%
primarios completos	,2%	3,2%	50,9%	45,7%
formación profesional	,1%	2,6%	45,6%	51,7%
bacharelato	,1%	3,5%	43,2%	53,2%
carreira de grao medio	,2%	2,7%	33,0%	64,1%
carreira de grao superior	,0%	3,3%	30,8%	65,9%
outros estudios		3,7%	44,0%	52,3%
CLASE SOCIAL				
baixa		2,8%	51,6%	45,6%
media-baixa	,1%	2,7%	55,1%	42,1%
media	,2%	2,7%	41,8%	55,3%
media-alta	,1%	4,0%	34,2%	61,7%
PROFESIÓN				
empresarios	,0%	2,8%	46,4%	50,8%
titulados superior ou media		3,3%	34,5%	62,2%
profesionais liberais		7,3%	33,4%	59,3%
docentes	,1%	2,6%	25,8%	71,4%
forzas armadas	,4%	5,4%	41,6%	52,6%
administración subalternos	,2%	3,4%	44,3%	52,1%
persoal servicios	,2%	4,8%	50,1%	45,0%
autónomos		2,6%	51,3%	46,1%
labradores		,2%	54,1%	45,7%
mariñeiros	,1%	1,2%	56,6%	42,1%
obreiros	,1%	2,9%	51,3%	45,8%
estudiantes	,0%	1,9%	40,4%	57,7%
amas de casa	,2%	3,9%	52,5%	43,4%
persoas sen primeiro emprego		5,4%	40,3%	54,3%
SEXO				
home	,1%	2,0%	47,2%	50,7%
muller	,1%	3,4%	49,5%	47,0%
HÁBITAT DE RESIDENCIA				
urbano	,3%	5,5%	41,5%	52,7%
periurbano	,0%	4,5%	49,3%	46,2%
vilas	,1%	3,1%	48,3%	48,5%
rural-1	,1%	2,0%	49,7%	48,2%
rural-2	,0%	1,0%	52,1%	46,9%

Táboa 4.2. *Dominio do galego falado .Galicia*

	sabe fala-lo galego			
	nada	pouco	bastante	moito
TOTAL GALICIA	*2,1%*	*11,4%*	*45,1%*	*41,3%*
LINGUA INICIAL				
galego		2,1%	48,6%	49,3%
castelán	8,1%	33,1%	35,0%	23,7%
as dúas		12,7%	49,4%	37,9%
outras	6,8%	25,1%	42,4%	25,6%
LINGUA HABITUAL				
só castelán	21,5%	48,1%	19,9%	10,5%
máis castelán		28,4%	43,3%	28,3%
máis galego		2,2%	52,1%	45,7%
só galego		1,2%	47,1%	51,7%
IDADE				
16 a 25 anos	1,5%	18,2%	40,3%	40,0%
26 a 40 anos	3,0%	14,5%	43,2%	39,3%
41 a 65 anos	2,1%	8,3%	47,1%	42,5%
máis de 65 anos	1,6%	6,0%	49,2%	43,2%
ESTUDIOS				
ningún	,3%	3,3%	57,6%	38,8%
primarios incompletos	1,1%	6,2%	48,4%	44,2%
primarios completos	2,3%	10,9%	47,0%	39,8%
formación profesional	2,3%	16,5%	40,2%	40,9%
bacharelato	3,4%	20,5%	39,2%	36,8%
carreira de grao medio	3,9%	19,3%	33,5%	43,3%
carreira de grao superior	4,2%	21,2%	31,4%	43,1%
outros estudios	5,7%	14,8%	38,6%	40,9%
CLASE SOCIAL				
baixa	1,2%	8,3%	49,6%	40,8%
media-baixa	1,2%	8,9%	51,0%	38,9%
media	3,0%	13,6%	39,4%	44,1%
media-alta	5,2%	23,0%	30,1%	41,7%
PROFESIÓN				
empresarios	1,6%	8,2%	44,2%	46,0%
titulados superior ou media	4,3%	24,5%	34,6%	36,6%
profesionais liberais	7,0%	27,1%	27,9%	38,1%
docentes	2,9%	16,5%	29,6%	50,9%
forzas armadas	6,1%	15,4%	39,2%	39,4%
administración subalternos	3,0%	15,0%	41,7%	40,3%
persoal servicios	3,1%	18,4%	43,3%	35,3%
autónomos	1,7%	9,0%	47,3%	42,0%
labradores	,1%	2,3%	50,0%	47,7%
mariñeiros	,3%	2,8%	54,7%	42,2%
obreiros	1,6%	8,8%	49,2%	40,4%
estudiantes	1,4%	21,9%	36,6%	40,2%
amas de casa	3,4%	11,0%	47,9%	37,7%
persoas sen primeiro emprego	3,3%	17,4%	36,9%	42,5%
SEXO				
home	1,4%	9,2%	45,5%	43,8%
muller	2,8%	13,4%	44,8%	39,1%
HÁBITAT DE RESIDENCIA				
urbano	4,8%	22,0%	39,1%	34,1%
periurbano	1,4%	13,3%	47,4%	37,9%
vilas	2,6%	13,9%	45,2%	38,4%
rural-1	1,2%	8,7%	44,5%	45,6%
rural-2	,7%	4,7%	48,7%	45,9%

Táboa 4.3. *Dominio da lectura en galego .Galicia*

	sabe le-lo galego			
	nada	pouco	bastante	moito
TOTAL GALICIA	*11,8%*	*42,4%*	*31,1%*	*14,8%*
LINGUA INICIAL				
galego	12,5%	47,5%	29,0%	11,1%
castelán	12,0%	31,9%	34,9%	21,2%
as dúas	7,3%	39,1%	33,5%	20,2%
outras	12,6%	40,4%	32,3%	14,7%
LINGUA HABITUAL				
só castelán	19,2%	35,7%	28,6%	16,5%
máis castelán	8,0%	32,8%	36,6%	22,6%
máis galego	8,1%	41,8%	34,7%	15,4%
só galego	14,5%	49,3%	26,2%	10,0%
IDADE				
16 a 25 anos	3,0%	24,1%	42,7%	30,2%
26 a 40 anos	7,6%	38,3%	36,2%	17,9%
41 a 65 anos	14,2%	50,4%	26,5%	8,9%
máis de 65 anos	23,8%	52,8%	18,9%	4,5%
ESTUDIOS				
ningún	30,5%	61,5%	7,2%	,8%
primarios incompletos	17,8%	56,1%	22,1%	3,9%
primarios completos	8,8%	42,7%	37,0%	11,4%
formación profesional	3,7%	27,6%	41,6%	27,1%
bacharelato	4,7%	26,7%	41,4%	27,3%
carreira de grao medio	4,5%	19,3%	39,2%	37,0%
carreira de grao superior	3,9%	19,3%	35,2%	41,5%
outros estudios	8,6%	33,4%	39,4%	18,6%
CLASE SOCIAL				
baixa	19,1%	50,0%	23,5%	7,4%
media-baixa	13,5%	47,6%	29,9%	9,0%
media	9,4%	37,5%	32,9%	20,2%
media-alta	7,0%	24,9%	34,8%	33,3%
PROFESIÓN				
empresarios	11,0%	46,9%	31,3%	10,8%
titulados superior ou media	4,6%	25,6%	35,1%	34,7%
profesionais liberais	6,6%	27,3%	40,9%	25,2%
docentes	2,5%	14,7%	36,1%	46,7%
forzas armadas	12,4%	37,6%	33,2%	16,8%
administración subalternos	7,3%	35,3%	37,3%	20,0%
persoal servicios	11,7%	36,5%	35,3%	16,5%
autónomos	11,8%	49,1%	30,1%	9,0%
labradores	20,3%	58,2%	18,8%	2,8%
mariñeiros	10,8%	49,1%	31,7%	8,4%
obreiros	10,2%	45,5%	32,7%	11,6%
estudiantes	1,9%	19,0%	43,3%	35,8%
amas de casa	17,6%	49,7%	25,9%	6,8%
persoas sen primeiro emprego	6,1%	30,1%	36,2%	27,6%
SEXO				
home	8,6%	40,5%	33,9%	17,0%
muller	14,6%	44,1%	28,5%	12,8%
HÁBITAT DE RESIDENCIA				
urbano	9,2%	32,8%	35,3%	22,7%
periurbano	10,9%	41,5%	32,9%	14,7%
vilas	14,1%	41,1%	30,6%	14,3%
rural-1	10,2%	45,1%	30,7%	13,9%
rural-2	13,1%	48,0%	28,5%	10,4%

Táboa 4.4. *Dominio da escritura en galego .Galicia*

	sabe escribi-lo galego			
	nada	pouco	bastante	moito
TOTAL GALICIA	*32,6%*	*40,3%*	*17,8%*	*9,3%*
LINGUA INICIAL				
galego	33,8%	44,0%	15,2%	7,0%
castelán	33,3%	32,3%	21,5%	12,9%
as dúas	24,8%	38,8%	23,0%	13,3%
outras	34,1%	37,1%	19,1%	9,8%
LINGUA HABITUAL				
só castelán	48,0%	27,7%	15,4%	8,9%
máis castelán	25,6%	35,6%	24,8%	14,0%
máis galego	29,2%	42,7%	18,7%	9,4%
só galego	34,9%	44,0%	14,2%	6,9%
IDADE				
16 a 25 anos	6,5%	29,5%	38,7%	25,4%
26 a 40 anos	25,5%	44,2%	20,4%	9,9%
41 a 65 anos	41,8%	44,5%	10,1%	3,6%
máis de 65 anos	55,3%	37,4%	5,7%	1,6%
ESTUDIOS				
ningún	55,5%	43,4%	1,1%	,1%
primarios incompletos	47,3%	43,6%	7,7%	1,5%
primarios completos	29,4%	45,9%	19,2%	5,6%
formación profesional	12,2%	35,1%	33,5%	19,2%
bacharelato	17,2%	32,2%	30,7%	19,9%
carreira de grao medio	15,7%	29,1%	29,7%	25,4%
carreira de grao superior	16,2%	26,9%	28,0%	29,0%
outros estudios	31,8%	37,8%	20,5%	9,9%
CLASE SOCIAL				
baixa	43,1%	40,8%	12,6%	3,5%
media-baixa	35,2%	43,2%	16,0%	5,6%
media	29,5%	37,8%	19,8%	12,9%
media-alta	23,7%	32,8%	23,2%	20,3%
PROFESIÓN				
empresarios	37,6%	44,8%	12,6%	5,0%
titulados superior ou media	23,4%	36,4%	22,5%	17,7%
profesionais liberais	30,4%	35,1%	22,2%	12,2%
docentes	11,9%	23,4%	31,0%	33,8%
forzas armadas	36,2%	44,0%	13,1%	6,6%
administración subalternos	27,6%	40,5%	20,9%	11,0%
persoal servicios	30,9%	40,9%	20,4%	7,9%
autónomos	37,7%	42,2%	15,7%	4,4%
labradores	45,3%	46,1%	7,2%	1,4%
mariñeiros	33,2%	45,5%	17,5%	3,9%
obreiros	32,2%	44,9%	17,0%	5,8%
estudiantes	4,3%	23,5%	41,2%	31,0%
amas de casa	44,6%	42,3%	10,1%	3,0%
persoas sen primeiro emprego	12,6%	35,8%	29,8%	21,9%
SEXO				
home	27,6%	41,6%	20,2%	10,6%
muller	37,2%	39,0%	15,6%	8,1%
HÁBITAT DE RESIDENCIA				
urbano	32,4%	35,9%	19,6%	12,1%
periurbano	34,4%	37,7%	19,1%	8,8%
vilas	34,9%	36,1%	19,5%	9,4%
rural-1	31,8%	41,9%	17,2%	9,1%
rural-2	31,9%	44,4%	16,0%	7,6%

Táboa 4.5. *Capacidade para entende-lo galego. A Coruña*

	entende o galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*,3%*	*4,5%*	*29,6%*	*65,6%*	*1170*
LINGUA INICIAL					
galego		1,0%	28,2%	70,8%	408
castelán	,5%	7,7%	29,6%	62,3%	636
as dúas			33,3%	66,7%	120
outras			50,0%	50,0%	6
LINGUA HABITUAL					
só castelán	,9%	10,6%	36,9%	51,7%	331
máis castelán		3,5%	25,2%	71,3%	428
máis galego		1,0%	25,7%	73,3%	288
só galego			34,1%	65,9%	123
IDADE					
16 a 25 anos		4,2%	26,6%	69,2%	237
26 a 40 anos	,6%	3,4%	36,1%	59,9%	324
41 a 65 anos	,2%	6,0%	25,1%	68,7%	447
máis de 65 anos		3,1%	33,3%	63,6%	162
ESTUDIOS					
ningún		1,7%	47,5%	50,8%	59
primarios incompletos	,4%	4,0%	25,8%	69,8%	248
primarios completos	,7%	7,7%	36,3%	55,3%	300
formación profesional		2,4%	34,5%	63,1%	84
bacharelato		4,3%	27,4%	68,3%	186
carreira de grao medio		3,3%	25,0%	71,7%	120
carreira de grao superior		2,6%	19,9%	77,5%	151
outros estudios		4,5%	22,7%	72,7%	22
CLASE SOCIAL					
baixa		8,1%	17,6%	74,3%	74
media-baixa		5,2%	31,0%	63,8%	326
media	,5%	3,8%	30,7%	65,0%	657
media-alta		4,4%	26,5%	69,0%	113
PROFESIÓN					
empresarios		4,3%	27,7%	68,1%	47
titulados superior ou media		1,9%	27,8%	70,4%	54
profesionais liberais				100,0%	10
docentes		3,5%	26,3%	70,2%	57
forzas armadas			30,0%	70,0%	20
administración subalternos		4,5%	29,0%	66,5%	155
persoal servicios		4,7%	31,3%	64,1%	64
autónomos		3,3%	35,0%	61,7%	60
labradores			45,5%	54,5%	11
mariñeiros		5,0%	20,0%	75,0%	20
obreiros		5,9%	27,3%	66,8%	205
estudiantes		2,7%	21,9%	75,4%	187
amas de casa	1,1%	5,9%	37,9%	55,0%	269
persoas sen primeiro emprego		18,2%	27,3%	54,5%	11
SEXO					
home		3,5%	24,0%	72,5%	538
muller	,5%	5,4%	34,3%	59,8%	632
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	,3%	4,6%	29,9%	65,2%	1156
periurbano				100,0%	14

Táboas 4.6. *Capacidade para entende-lo galego. Santiago*

	entende o galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*,2%*	*2,3%*	*27,1%*	*70,4%*	*1153*
LINGUA INICIAL					
galego			26,3%	73,7%	598
castelán	,5%	5,5%	27,6%	66,4%	381
as dúas		1,9%	29,2%	68,9%	161
outras		23,1%	23,1%	53,8%	13
LINGUA HABITUAL					
só castelán	1,5%	13,1%	30,8%	54,6%	130
máis castelán		2,1%	27,3%	70,6%	326
máis galego		,8%	29,4%	69,7%	357
só galego			22,9%	77,1%	340
IDADE					
16 a 25 anos		3,4%	27,4%	69,2%	237
26 a 40 anos		2,4%	25,0%	72,6%	372
41 a 65 anos	,5%	2,1%	27,1%	70,4%	388
máis de 65 anos		1,3%	31,4%	67,3%	156
ESTUDIOS					
ningún			39,7%	60,3%	63
primarios incompletos		,5%	25,7%	73,9%	222
primarios completos	,8%	3,2%	31,0%	65,1%	252
formación profesional		3,8%	25,6%	70,5%	78
bacharelato		3,8%	29,2%	67,0%	185
carreira de grao medio		1,7%	25,9%	72,4%	116
carreira de grao superior		2,6%	21,1%	76,3%	228
outros estudios				100,0%	9
CLASE SOCIAL					
baixa		1,8%	14,5%	83,6%	55
media-baixa		3,6%	38,6%	57,8%	251
media	,3%	2,0%	23,7%	74,0%	712
media-alta		2,2%	28,1%	69,6%	135
PROFESIÓN					
empresarios		1,7%	29,3%	69,0%	58
titulados superior ou media		2,6%	20,5%	76,9%	78
profesionais liberais			6,3%	93,8%	16
docentes		2,2%	15,2%	82,6%	92
forzas armadas				100,0%	12
administración subalternos	,9%	2,7%	23,6%	72,7%	110
persoal servicios		4,0%	36,0%	60,0%	50
autónomos		1,9%	26,9%	71,2%	52
labradores			39,6%	60,4%	53
mariñeiros				100,0%	4
obreiros		1,9%	28,1%	70,0%	160
estudiantes		2,6%	29,1%	68,3%	189
amas de casa	,4%	2,4%	29,8%	67,5%	255
persoas sen primeiro emprego		8,3%	37,5%	54,2%	24
SEXO					
home	,2%	1,9%	27,1%	70,8%	520
muller	,2%	2,7%	27,0%	70,1%	633
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	,2%	2,6%	26,4%	70,8%	819
periurbano		1,8%	28,7%	69,5%	334

Táboa 4.7. *Capacidade para entende-lo galego. Lugo-2*

	entende o galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*,1%*	*2,6%*	*48,1%*	*49,2%*	*1068*
LINGUA INICIAL					
galego		,3%	48,8%	51,0%	732
castelán	,4%	10,5%	52,2%	36,8%	228
as dúas		2,0%	34,3%	63,7%	102
outras			50,0%	50,0%	6
LINGUA HABITUAL					
só castelán	1,2%	20,9%	46,5%	31,4%	86
máis castelán		3,7%	53,2%	43,1%	188
máis galego		,9%	44,7%	54,4%	338
só galego			48,9%	51,1%	456
IDADE					
16 a 25 anos		4,0%	45,7%	50,3%	175
26 a 40 anos	,4%	5,5%	45,1%	49,0%	253
41 a 65 anos		1,0%	48,4%	50,6%	413
máis de 65 anos		1,3%	52,9%	45,8%	227
ESTUDIOS					
ningún			46,7%	53,3%	30
primarios incompletos		1,1%	46,9%	51,9%	360
primarios completos	,3%	1,5%	50,4%	47,8%	391
formación profesional		6,6%	40,8%	52,6%	76
bacharelato		6,9%	52,6%	40,5%	116
carreira de grao medio		5,7%	43,4%	50,9%	53
carreira de grao superior		5,6%	41,7%	52,8%	36
outros estudios			66,7%	33,3%	6
CLASE SOCIAL					
baixa		1,8%	56,1%	42,1%	57
media-baixa	,1%	2,5%	49,1%	48,3%	758
media		3,0%	43,5%	53,4%	232
media-alta		4,8%	42,9%	52,4%	21
PROFESIÓN					
empresarios		1,3%	74,7%	24,1%	79
titulados superior ou media		7,1%	21,4%	71,4%	14
profesionais liberais			100,0%		2
docentes			31,3%	68,8%	32
forzas armadas			62,5%	37,5%	16
administración subalternos		5,4%	43,2%	51,4%	111
persoal servicios		8,3%	58,3%	33,3%	24
autónomos		8,5%	47,5%	44,1%	59
labradores			51,7%	48,3%	89
mariñeiros			52,2%	47,8%	23
obreiros	,7%	1,4%	42,3%	55,6%	142
estudiantes		2,9%	43,7%	53,4%	103
amas de casa		2,0%	46,5%	51,6%	353
persoas sen primeiro emprego		4,8%	61,9%	33,3%	21
SEXO					
home	,2%	2,0%	51,9%	45,8%	493
muller		3,1%	44,9%	52,0%	575
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
vilas	,1%	3,3%	48,1%	48,5%	720
rural-2		1,1%	48,3%	50,6%	348

Táboa 4.8. *Capacidade para entende-lo galego. Lugo-5*

	entende o galego			
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR		*,9%*	*39,3%*	*59,8%*	*1775*
LINGUA INICIAL					
galego		,4%	39,4%	60,2%	1501
castelán		2,8%	31,5%	65,7%	143
as dúas		4,8%	48,4%	46,8%	126
outras			20,0%	80,0%	5
LINGUA HABITUAL					
só castelán		10,0%	30,0%	60,0%	20
máis castelán		6,4%	33,0%	60,6%	94
máis galego		1,4%	50,8%	47,9%	583
só galego			33,9%	66,1%	1078
IDADE					
16 a 25 anos		,4%	28,5%	71,1%	263
26 a 40 anos		,9%	34,6%	64,6%	347
41 a 65 anos		1,3%	42,9%	55,9%	714
máis de 65 anos		,7%	43,7%	55,7%	451
ESTUDIOS					
ningún		2,3%	75,9%	21,8%	133
primarios incompletos		,9%	42,2%	57,0%	816
primarios completos		,6%	36,2%	63,2%	473
formación profesional			23,2%	76,8%	82
bacharelato		1,3%	26,9%	71,8%	156
carreira de grao medio		1,8%	14,5%	83,6%	55
carreira de grao superior			16,0%	84,0%	50
outros estudios			50,0%	50,0%	10
CLASE SOCIAL					
baixa		,7%	17,5%	81,8%	137
media-baixa		,8%	36,8%	62,5%	1060
media		1,4%	51,5%	47,1%	518
media-alta			28,3%	71,7%	60
PROFESIÓN					
empresarios		,6%	37,7%	61,7%	175
titulados superior ou media		6,3%	12,5%	81,3%	16
profesionais liberais			15,4%	84,6%	13
docentes		3,4%	13,8%	82,8%	29
forzas armadas		4,5%	40,9%	54,5%	22
administración subalternos		1,0%	34,0%	65,0%	100
persoal servicios		2,2%	33,3%	64,4%	45
autónomos			36,7%	63,3%	90
labradores		,6%	48,6%	50,9%	690
mariñeiros				100,0%	11
obreiros		1,2%	38,8%	60,0%	170
estudiantes		,8%	19,7%	79,5%	122
amas de casa		,7%	38,6%	60,7%	267
persoas sen primeiro emprego		4,0%	20,0%	76,0%	25
SEXO					
home		,6%	37,2%	62,2%	874
muller		1,2%	41,4%	57,4%	901
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
rural-1		1,3%	39,8%	58,9%	671
rural-2		,6%	39,0%	60,3%	1104

Táboa 4.9. *Capacidade para entende-lo galego. Ourense-4*

	entende o galego			
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR		*1,6%*	*54,5%*	*44,0%*	*964*
LINGUA INICIAL					
galego			50,3%	49,7%	717
castelán		8,2%	70,0%	21,8%	110
as dúas		3,5%	63,5%	33,0%	115
outras		9,1%	63,6%	27,3%	22
LINGUA HABITUAL					
só castelán		17,4%	60,9%	21,7%	23
máis castelán		4,7%	67,9%	27,4%	106
máis galego		1,6%	55,5%	42,9%	380
só galego		50,1%	49,9%	455	
IDADE					
16 a 25 anos		1,7%	54,7%	43,6%	172
26 a 40 anos		2,8%	48,8%	48,4%	215
41 a 65 anos		,5%	56,4%	43,1%	376
máis de 65 anos		2,0%	56,7%	41,3%	201
ESTUDIOS					
ningún		3,3%	86,2%	10,6%	123
primarios incompletos		,3%	49,4%	50,3%	340
primarios completos		1,9%	50,2%	47,9%	309
formación profesional		1,6%	50,0%	48,4%	64
bacharelato		1,5%	55,4%	43,1%	65
carreira de grao medio		6,1%	42,4%	51,5%	33
carreira de grao superior			38,5%	61,5%	26
outros estudios				100,0%	4
CLASE SOCIAL					
baixa		3,9%	70,6%	25,5%	51
media-baixa		1,7%	68,9%	29,4%	469
media		,5%	38,2%	61,3%	421
media-alta		13,0%	21,7%	65,2%	23
PROFESIÓN					
empresarios			43,9%	56,1%	41
titulados superior ou media			42,9%	57,1%	7
profesionais liberais				100,0%	3
docentes			41,7%	58,3%	12
forzas armadas				100,0%	2
administración subalternos		2,0%	34,7%	63,3%	49
persoal servicios			43,8%	56,3%	16
autónomos			59,5%	40,5%	42
labradores			50,0%	50,0%	160
obreiros		1,5%	56,7%	41,9%	203
estudiantes		1,1%	52,8%	46,1%	89
amas de casa		2,8%	62,8%	34,4%	317
persoas sen primeiro emprego		4,3%	39,1%	56,5%	23
SEXO					
home		,6%	51,7%	47,7%	470
muller		2,4%	57,1%	40,5%	494
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
vilas		2,8%	61,8%	35,3%	317
rural-1		2,5%	65,0%	32,5%	120
rural-2		,6%	47,6%	51,8%	527

Táboa 4.10. *Capacidade para entende-lo galego. Pontevedra*

	entende o galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*,2%*	*3,9%*	*52,5%*	*43,4%*	*1146*
LINGUA INICIAL					
galego		,2%	51,0%	48,8%	465
castelán	,4%	7,6%	53,6%	38,4%	502
as dúas		2,3%	56,1%	41,5%	171
outras		25,0%		75,0%	8
LINGUA HABITUAL					
só castelán	,6%	9,9%	52,8%	36,6%	322
máis castelán		3,5%	53,3%	43,3%	289
máis galego		1,1%	52,1%	46,8%	280
só galego			51,8%	48,2%	255
IDADE					
16 a 25 anos		5,2%	49,4%	45,4%	251
26 a 40 anos	,3%	3,8%	53,0%	42,9%	338
41 a 65 anos	,2%	3,2%	52,8%	43,7%	405
máis de 65 anos		3,9%	55,9%	40,1%	152
ESTUDIOS					
ningún			52,2%	47,8%	23
primarios incompletos		3,1%	53,1%	43,8%	256
primarios completos		4,8%	58,5%	36,7%	357
formación profesional		6,8%	46,6%	46,6%	88
bacharelato	1,1%	5,1%	54,5%	39,3%	178
carreira de grao medio		2,4%	46,0%	51,6%	124
carreira de grao superior		1,8%	41,8%	56,4%	110
outros estudios			40,0%	60,0%	10
CLASE SOCIAL					
baixa			30,8%	69,2%	13
media-baixa		3,7%	56,0%	40,2%	562
media	,4%	4,3%	50,0%	45,3%	554
media-alta			35,3%	64,7%	17
PROFESIÓN					
empresarios		3,7%	57,4%	38,9%	54
titulados superior ou media		4,4%	53,3%	42,2%	45
profesionais liberais			57,1%	42,9%	14
docentes		1,4%	36,1%	62,5%	72
forzas armadas		5,9%	58,8%	35,3%	17
administración subalternos	,9%	,9%	52,3%	45,9%	111
persoal servicios		2,7%	59,5%	37,8%	37
autónomos		7,9%	50,8%	41,3%	63
labradores			65,6%	34,4%	61
mariñeiros		5,9%	64,7%	29,4%	17
obreiros		4,1%	52,0%	43,9%	221
estudiantes		3,6%	53,0%	43,5%	168
amas de casa	,4%	6,3%	52,0%	41,3%	252
persoas sen primeiro emprego			35,7%	64,3%	14
SEXO					
home		3,3%	54,3%	42,4%	512
muller	,3%	4,4%	51,1%	44,2%	634
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	,4%	4,5%	50,3%	44,9%	555
periurbano		3,4%	54,7%	42,0%	591

Táboa 4.11. *Capacidade para fala-lo galego. A Coruña*

	sabe fala-lo galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*4,5%*	*18,7%*	*32,1%*	*44,6%*	*1170*
LINGUA INICIAL					
galego		2,2%	35,8%	62,0%	408
castelán	8,2%	30,8%	29,7%	31,3%	636
as dúas		10,0%	32,5%	57,5%	120
outras	16,7%	33,3%	33,3%	16,7%	6
LINGUA HABITUAL					
só castelán	16,0%	42,6%	23,0%	18,4%	331
máis castelán		17,3%	35,0%	47,7%	428
máis galego		1,4%	36,8%	61,8%	288
só galego			35,8%	64,2%	123
IDADE					
16 a 25 anos	1,3%	20,7%	33,8%	44,3%	237
26 a 40 anos	5,9%	24,1%	33,3%	36,7%	324
41 a 65 anos	6,0%	16,6%	29,3%	48,1%	447
máis de 65 anos	2,5%	11,1%	35,2%	51,2%	162
ESTUDIOS					
ningún		1,7%	44,1%	54,2%	59
primarios incompletos	2,8%	11,3%	29,4%	56,5%	248
primarios completos	5,7%	21,0%	38,3%	35,0%	300
formación profesional	2,4%	15,5%	38,1%	44,0%	84
bacharelato	4,3%	28,0%	28,0%	39,8%	186
carreira de grao medio	7,5%	20,0%	25,0%	47,5%	120
carreira de grao superior	4,6%	23,2%	28,5%	43,7%	151
outros estudios	9,1%	18,2%	22,7%	50,0%	22
CLASE SOCIAL					
baixa	2,7%	14,9%	40,5%	41,9%	74
media-baixa	1,5%	16,0%	37,1%	45,4%	326
media	5,2%	18,6%	30,7%	45,5%	657
media-alta	10,6%	30,1%	20,4%	38,9%	113
PROFESIÓN					
empresarios	6,4%	23,4%	21,3%	48,9%	47
titulados superior ou media	11,1%	20,4%	33,3%	35,2%	54
profesionais liberais		20,0%	10,0%	70,0%	10
docentes	3,5%	28,1%	26,3%	42,1%	57
forzas armadas	5,0%	10,0%	35,0%	50,0%	20
administración subalternos	2,6%	21,3%	32,3%	43,9%	155
persoal servicios	6,3%	26,6%	28,1%	39,1%	64
autónomos	6,7%	15,0%	31,7%	46,7%	60
labradores		9,1%	36,4%	54,5%	11
mariñeiros		5,0%	25,0%	70,0%	20
obreiros	2,9%	10,7%	34,1%	52,2%	205
estudiantes	,5%	20,9%	30,5%	48,1%	187
amas de casa	7,4%	19,7%	36,1%	36,8%	269
persoas sen primeiro emprego	18,2%	18,2%	45,5%	18,2%	11
SEXO					
home	2,4%	13,9%	31,2%	52,4%	538
muller	6,3%	22,8%	32,9%	38,0%	632
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	4,6%	18,8%	32,4%	44,2%	1156
periurbano		14,3%	7,1%	78,6%	14

Táboa 4.12. *Capacidade para fala-lo galego. Santiago*

	sabe fala-lo galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*1,9%*	*12,7%*	*31,1%*	*54,2%*	*1153*
LINGUA INICIAL					
galego		,8%	30,1%	69,1%	598
castelán	5,5%	32,5%	29,7%	32,3%	381
as dúas		8,1%	39,8%	52,2%	161
outras	7,7%	38,5%	15,4%	38,5%	13
LINGUA HABITUAL					
só castelán	16,9%	50,8%	19,2%	13,1%	130
máis castelán		23,6%	39,9%	36,5%	326
máis galego		1,1%	34,7%	64,1%	357
só galego			23,5%	76,5%	340
IDADE					
16 a 25 anos	1,3%	21,5%	31,6%	45,6%	237
26 a 40 anos	2,4%	14,5%	30,1%	53,0%	372
41 a 65 anos	2,1%	8,2%	30,9%	58,8%	388
máis de 65 anos	1,3%	6,4%	33,3%	59,0%	156
ESTUDIOS					
ningún		1,6%	44,4%	54,0%	63
primarios incompletos	,5%	2,7%	27,0%	69,8%	222
primarios completos	2,8%	5,6%	32,5%	59,1%	252
formación profesional	2,6%	16,7%	21,8%	59,0%	78
bacharelato	2,7%	20,5%	36,8%	40,0%	185
carreira de grao medio	,9%	17,2%	35,3%	46,6%	116
carreira de grao superior	2,6%	24,1%	26,3%	46,9%	228
outros estudios			33,3%	66,7%	9
CLASE SOCIAL					
baixa		3,6%	16,4%	80,0%	55
media-baixa	1,6%	8,0%	39,8%	50,6%	251
media	2,2%	12,8%	29,8%	55,2%	712
media-alta	1,5%	25,2%	28,1%	45,2%	135
PROFESIÓN					
empresarios		6,9%	31,0%	62,1%	58
titulados superior ou media	3,8%	21,8%	29,5%	44,9%	78
profesionais liberais		25,0%		75,0%	16
docentes	2,2%	15,2%	31,5%	51,1%	92
forzas armadas			16,7%	83,3%	12
administración subalternos	2,7%	10,0%	33,6%	53,6%	110
persoal servicios	2,0%	18,0%	32,0%	48,0%	50
autónomos		17,3%	32,7%	50,0%	52
labradores			43,4%	56,6%	53
mariñeiros				100,0%	4
obreiros	1,9%	6,3%	28,8%	63,1%	160
estudiantes	1,6%	22,8%	34,4%	41,3%	189
amas de casa	2,0%	7,5%	30,2%	60,4%	255
persoas sen primeiro emprego	8,3%	29,2%	25,0%	37,5%	24
SEXO					
home	1,2%	10,4%	32,5%	56,0%	520
muller	2,5%	14,7%	30,0%	52,8%	633
HÁBITAT DE RESIDENCIA					
urbano	2,3%	15,5%	31,4%	50,8%	819
periurbano	,9%	6,0%	30,5%	62,6%	334

Táboa 4.13. *Capacidade para fala-lo galego. Lugo-2*

	sabe fala-lo galego				
	nada	pouco	bastante	moito	N
TOTAL SECTOR	*2,1%*	*13,9%*	*48,0%*	*36,0%*	*1068*
LINGUA INICIAL					
galego		1,4%	53,0%	45,6%	732
castelán	9,6%	47,4%	30,7%	12,3%	228
as dúas		26,5%	51,0%	22,5%	102
outras		50,0%	50,0%		6
LINGUA HABITUAL					
só castelán	25,6%	57,0%	15,1%	2,3%	86
máis castelán		48,9%	39,4%	11,7%	188
máis galego		1,8%	59,2%	39,1%	338
só galego		,2%	49,6%	50,2%	456
IDADE					
16 a 25 anos	1,1%	30,9%	42,3%	25,7%	175
26 a 40 anos	4,7%	19,8%	43,1%	32,4%	253
41 a 65 anos	1,5%	8,0%	50,1%	40,4%	413
máis de 65 anos	,9%	4,8%	54,2%	40,1%	227
ESTUDIOS					
ningún		6,7%	50,0%	43,3%	30
primarios incompletos	1,4%	6,7%	51,4%	40,6%	360
primarios completos	1,0%	11,0%	49,6%	38,4%	391
formación profesional	5,3%	27,6%	36,8%	30,3%	76
bacharelato	4,3%	32,8%	42,2%	20,7%	116
carreira de grao medio	5,7%	20,8%	39,6%	34,0%	53
carreira de grao superior	2,8%	25,0%	44,4%	27,8%	36
O aumento das competencias escritas neste período de tempo debe ser visto á luz do incremento do nivel de alfabetización e da implantación da escolarización obrigatoria. Aínda que o galego non foi incorporado de forma xeral ó ensino ata 1983, a facilidade para ler e escribir en castelán pode beneficiar nalgunha medida a apreciación que o entrevistado ten sobre a súa capacidade para facelo en galego, xa que estas dúas linguas poden sentirse o suficientemente próximas entre si. Cando máis aumentou a competencia escrita foi, sen embargo, nas xeracións que recibiron ensino do galego, onde se aprecia un considerable dominio de lectura e escritura nesta lingua, especialmente nos entrevistados que ademais o entenden e falan.

5.3. *Competencia lingüística dos ascendentes dos entrevistados por sectores.*

Dado que a agrupación sectorial dos concellos obedeceu a criterios demográficos e socioeconómicos, é comprensible que a capacidade para entender, falar, ler e escribir o galego varíe de acordo co sector. Isto é o que se reflicte nos gráficos 5.6 e 5.7.

Gráfico 5.6

Dominio do galego da nai por sectores



	A Coruña	Santiago	Pontevedra	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
1	2,2%	1,7%	2,7%	1,2%	1,4%	0,2%
2	7,8%	3,7%	6%	4,2%	0,6%	1,1%
3	34%	60,1%	53,3%	79,6%	82%	62,8%
4	35,2%	21,4%	18,4%	10,3%	11,6%	13,9%
5	20,9%	13,1%	19,6%	4,7%	4,3%	21,9%

1 'ningún' 2 'enténdeo' 3 'enténdeo e fálao' 4 'enténdeo, fálao e leo'
5 'enténdeo, fálao, leo e escríbeo'

Tal como sucedía na totalidade de Galicia, hai unhas porcentaxes moi baixas de nais que non teñan ningún coñecemento do galego ou só posúan competencia oral pasiva. Neste último caso, sen embargo, as porcentaxes das que soamente poden entende-lo galego son superiores nalgúns sectores ó total de Galicia, como sucede na Coruña e Pontevedra capital, onde un 10% e un 8.7% respectivamente de entrevistados afirman que súas nais non son (ou non eran) capaces de fala-lo galego. Lugo-5 e Ourense-4 que, por outra parte, son os sectores menos urbanos de todos cos que traballamos neste estudio, presentan os índices máis baixos de nais que non saben fala-lo galego (algo máis do 1%).

En tódolos sectores hai unha maioría de suxeitos con só competencia oral (número 3 no gráfico), pese ó cal na Coruña, Pontevedra, Lugo-5 e Santiago, temos porcentaxes considerables de nais con dominio da lectura e escritura (comprendidas entre o 21.9% de Lugo-5 e o 13.1% de Santiago).

Para elabora-lo gráfico 5.7, no que mostrámo-lo dominio do galego da avoa por sectores, prescindimos das que non teñen ningunha

competencia lingüística en galego e das que só poden entendelo, xa que as súas porcentaxes eran inapreciables, e deste xeito a información resulta máis sinxela.

Gráfico 5.7

Dominio do galego da avoa por sectores



3 'enténdeo e fálao' 4 'enténdeo, fálao e leo' 5 'enténdeo, fálao, leo e escríbeo'

Coma no gráfico anterior, aquí tamén hai unhas elevadas porcentaxes de avoas que poden entender e fala-lo galego, pero o número das que ademais poden lelo e, sobre todo, lelo e escribilo é considerablemente inferior á das nais. Se ás porcentaxes das que só teñen competencia oral lles sumámo-las das que ademais teñen competencia escrita, obtemos que máis dun 94% das avoas dos entrevistados entenden e falan o galego en tódolos sectores; as diferencias introducidas polo tipo de actividade económica predominante en cada sector son, polo tanto, practicamente imperceptibles nesta destreza. Sen embargo, as porcentaxes das que, ademais da lectura, posúen a destreza da escritura, non chegan, nin nos sectores que presentan índices de alfabetización máis altos, ó 14%. A Coruña e Pontevedra son os sectores que máis destacan neste sentido: óbservese que a barra que representa a capacidade para fala-lo galego (nº 3) descende nestas dúas cidades ó tempo que ascenden as que representan por unha parte a capacidade para falalo e lelo e, pola outra, para falalo, lelo e escribilo. Lugo-2 e Ourense-4, amosan os índices máis baixos de lectura e escritura.

Se contrastámo-los dous gráficos anteriores, vemos que non se produciu un descenso nas competencias orais de avoas a nais pois, aínda que as porcentaxes de nais que só poden entender e fala-lo galego son máis baixas cás das avoas, aumentan as das que tamén o len e o len e escriben. Sen embargo, apréciase un aumento interxeracional das competencias escritas que confirma a tendencia que vimos comentando páxinas atrás. Dito aumento faise máis palpable nas cidades, especialmente na Coruña e Pontevedra, ca no resto dos sectores.

A continuación veremos como a competencia lingüística dos ascendentes do entrevistado varía segundo a idade do mesmo, posto que as diferencias interxeracionais entre entrevistados supoñen diferencias interxeracionais entre os seus ascendentes. A continuación observaremo-la competencia lingüística da nai e da avoa segundo a idade dos entrevistados e segundo o tipo de sector de que se trate.

Como viñemos observando en epígrafes anteriores, o dominio oral do galego está tan xeneralizado á poboación que a súa variación, tanto por sectores como a través dos distintos grupos de idade, é case inexistente. Máis do 90% dos entrevistados declaran que as súas avoas teñen (ou tiñan) alomenos competencia oral en galego, competencia que non decae nas cidades. No caso das nais, estas porcentaxes mantéñense polo xeral, descendendo só lixeiramente nalgúns grupos de idade nas cidades.

Onde realmente existen diferencias importantes tanto entre xeracións como por sectores é nas competencias escritas, feito que tamén se reflectía nos gráficos xa comentados. Hai unha tendencia a que o dominio da lectura e escritura descenda nos sectores menos urbanos e nos grupos de maior idade. Por exemplo, na cidade da Coruña, onde se rexistra o maior índice de dominio escrito do galego, hai un 60.5% de nais de individuos maiores de 65 anos que non saben ler nin escribir nesta lingua, pero esta porcentaxe descende progresivamente ata chegar ó 18.4% no caso dos entrevistados de 16 a 25 anos (véxase a táboa 4.11.)[6]. Isto ocorre en tódolos demais sectores, pero entre eles varían as diferencias intergrupais no nivel de alfabetización en galego. Así, mentres nas cidades as diferencias no dominio das destrezas escritas entre o grupo de idade máis novo e o maior están comprendidas entre os 31.7 puntos de Pontevedra e os 42.1 da Coruña, nun

[6] *Estas porcentaxes son o resultado de suma-los valores da totalidade dos que non teñen ningún coñecemento do galego, os que poden entendelo e os que, ademais de entendelo, poden falalo.*

sector primordialmente vilego como Ourense-4 estas diferencias redúcense a 17.4 puntos. Isto significa que o nivel de alfabetización en galego non avanzou homoxeneamente na totalidade de Galicia, senón que o fixo de forma máis acelerada nos espacios urbanos ca nos rurais ou nas vilas. En Ourense-4 e Lugo-2 un 75.9% e un 65.5% respectivamente de nais dos entrevistados de 16 a 25 anos son incapaces de ler e escribir en galego, pero en Santiago descenden ata un 42.6% e en Pontevedra ata un 40.7%. O caso máis marcado neste sentido represéntano A Coruña e Lugo-5, a primeira por sela cidade que ten un maior número de nais neste grupo de idade que poden ler ou incluso escribi-lo galego, o segundo porque presenta unha conducta desviada dos demais sectores rurais, cun nivel de coñecemento do galego oral e escrito moi superior ós outros sectores deste tipo (véxase a táboa 5.14).

As competencias escritas da avoa varían tamén segundo a idade do entrevistado e o tipo de sector. Son moi poucas as que dominan a lectura e escritura do galego nos sectores vilegos ou rurais, independentemente da idade. Sen embargo nas cidades estas destrezas aumentan, especialmente nos dous grupos máis novos (véxase por exemplo o que sucede na Coruña ou Pontevedra). De calquera xeito, hai que salientar algúns sectores nos que, nos grupos de menor idade, aparecen porcentaxes importantes de avoas capaces de ler en galego. Nos cadros 5.1 e 5.2 presentámo-los índices de lectura totais de tódolos sectores por grupos de idade. Vemos como nas cidades da Coruña, Pontevedra e Santiago hai un nivel de lectura considerable nas avoas dos entrevistados de 16 a 25 anos, e na primeira incluso un 44% de entrevistados de 26 a 40 anos declaran que as súas avoas teñen esta competencia lingüística, a cal descende nos sectores rurais.

Cadro 5.1. *Capacidade da nai para ler e escribi-lo galego segundo a idade do entrevistado*

	A Coruña	Santiago	Pontevedra	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
de 16 a 25	81,6%	57,4%	59,3%	34,5%	24,1%	64,7%
de 26 a 40	63,0%	34,0%	39,5%	16,3%	22,4%	47,3%
de 41 a 65	42,6%	29,5%	26,6%	11,2%	13,5%	29,2%
máis de 65	39,5%	11,5%	27,6%	5,8%	6,7%	20,6%

Cadro 5.2. *Capacidade da avoa para ler e escribi-lo galego segundo a idade do entrevistado*

	A Coruña	Santiago	Pontevedra	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
de 16 a 25	58,3%	34,5%	43,9%	11,2%	11,7%	28,9%
de 26 a 40	44,0%	16,9%	25,5%	9,5%	14,3%	15,9%
de 41 a 65	28,6%	15,8%	18,4%	6,2%	10,7%	13,7%
máis de 65	24,0%	8,0%	12,8%	4,0%	4,0%	7,6%

No caso da nai, as porcentaxes de lectura aumentan en relación coas da avoa incluso nos sectores rurais e vilegos, pero seguen as mesmas pautas de variación. Nas cidades, sobre todo na Coruña, e nos dous grupos de menor idade aparecen as porcentaxes de lectura máis altas. Dentro dos demais sectores volve a sorprender Lugo-5 co seu elevado nivel de lectura, que nos dous grupos de idade máis novos está incluso moi por riba de Santiago ou Pontevedra.

Nos gráficos 5.8 e 5.9 podemos ver de forma máis plástica a evolución da competencia lingüística desde a avoa ata a nai, centrándonos nos entrevistados de 16 a 25 anos, así como a súa variación por sectores.

Gráfico 5.8

Dominio do galego da nai dos entrevistados de 16 a 25 anos por sectores



	A Coruña	Santiago	Pontevedra	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
1	1,7%	1,3%	2%	0,6%	0,6%	0,4%
2	5,6%	4,3%	7,7%	9,4%	2,4%	2,3%
3	11,1%	37%	31%	55,6%	72,9%	32,7%
4	36,3%	26,8%	19%	17,5%	14,7%	19,8%
5	45,3%	30,6%	40,3%	17%	9,4%	44,9%

1 'ningún' 2 'enténdeo' 3 'enténdeo e fálao' 4 'enténdeo, fálao e leo'
5 'enténdeo, fálao, leo e escríbeo'

Gráfico 5.9

Dominio do galego da avoa dos entrevistados de 16 a 25 anos por sectores



	A Coruña	Santiago	Pontevedra	Lugo-2	Ourense-4	Lugo-5
1	0,9%	2,9%	1,3%	0,6%	1,2%	0,4%
2	4,7%	2,4%	3,9%	5,6%	0,6%	0,8%
3	36%	60,3%	50,9%	82,7%	86,4%	70%
4	32,2%	20,6%	17,4%	5,6%	8%	8,1%
5	26,1%	13,9%	26,5%	5,6%	3,7%	20,8%

1 'ningún' 2 'enténdeo' 3 'enténdeo e fálao' 4 'enténdeo, fálao e leo'
5 'enténdeo, fálao, leo e escríbeo'

O primeiro destes gráficos amósanos como en dous sectores vilegos (Lugo-2 e Ourense-4), unha grande maioría das nais non posúen máis ca competencia oral en galego. Na Coruña, sen embargo, unicamente un 18.4% das mesmas non poden lelo nin escribilo. Nesta cidade as frecuencias máis numerosas son as das que dominan as catro destrezas. En Pontevedra, a situación é parecida: o número de nais que ademais de entender e fala-lo galego pode lelo e escribilo é superior ó das que só teñen competencia oral. Dos sectores non urbanos volve desmarcarse Lugo-5, que presenta un dominio das catro destrezas tan alto coma A Coruña, e ten unha porcentaxe de nais con só competencia oral semellante ás cidades de Santiago e Pontevedra (lémbrese o que se dicía no capítulo anterior da capacidade para ler e escribi-lo galego dos entrevistados).

Comparando o gráfico 5.9 co anterior, obsérvase que a grande maioría das avoas non poden ler nin escribi-lo galego, se exceptuamos a cidade da Coruña. Este feito é moito máis palpable nos sectores rurais e vilegos ca nas cidades: mentres nestas oscila entre o

41.6% da Coruña e un 56.1% de Pontevedra, en Lugo-2 e Ourense-4 chega ó 88.9% e o 88.2% respectivamente e en Lugo-5 acada un 71.2%. A Coruña e Pontevedra son, por outra parte, os sectores nos que un número importante de avoas dominan as catro destrezas, que descende nos demais, especialmente nos vilegos (e volve a subir novamente en Lugo-5).

5.4. *Síntese.*

Sintetizando o dito nas páxinas anteriores, debemos salientar, en primeiro lugar, a elevada competencia oral en galego que existe en toda a poboación, independentemente das diferencias xeracionais e de sexo, variable que non provocou diferencias importantes en ningún caso. Sen embargo, as competencias escritas en galego non están tan xeneralizadas entre a poboación coma as anteriores, mostrando diferencias interxeracionais.

En segundo lugar, o dominio das catro destrezas aumenta de avós a pais, a medida que descende a idade e segundo nos desprazamos do rural ó urbano. Por outra parte, houbo un aumento considerable da lectura e escritura no último século, mentres as destrezas orais non minguaron. Tamén destacan as diferencias entre estas dúas destrezas, posto que se ata o primeiro cuarto do presente século estaba máis xeneralizada a capacidade para le-lo galego, pero non para escribilo, aproximadamente a partir de aquí a maior parte dos individuos con competencia na lectura tamén posúen competencia na escritura.

Finalmente, ó ter en conta a variación por sectores, temos que nos máis rurais as competencias orais son algo máis altas ca nos urbanos, pero onde se producen diferencias realmente relevantes é nas escritas, que aumentan nestes últimos con respecto ós primeiros. Como sucedía na totalidade de Galicia, hai tamén diferencias interxeracionais na capacidade para ler e escribi-lo galego, xa que estas aumentan nos pais respecto dos avós e, tendo en conta a idade, nos grupos máis novos.

***Táboa 5.1**. Dominio de galego do pai [1]. Galicia*

	dominio de galego do pai				
	1[2]	2	3	4	5
TOTAL GALICIA	*1,2%*	*3,4%*	*58,6%*	*19,0%*	*17,8%*
PROFESIÓN DO PAI					
empresarios	2,4%	7,6%	33,9%	28,1%	28,1%
autónomos	1,2%	4,5%	50,1%	22,3%	21,9%
profesionais liberais	7,8%	15,3%	21,1%	19,8%	36,1%
funcionarios	6,4%	11,9%	27,1%	17,7%	36,9%
persoal de servicios	2,8%	9,3%	32,4%	24,9%	30,6%
obreiros cualificados	2,1%	5,3%	49,2%	21,4%	22,0%
obreiros non cualificados	,9%	3,2%	58,3%	20,1%	17,5%
labradores	,1%	,3%	73,6%	15,2%	10,8%
amas de casa			65,0%	35,0%	
estudiantes					100,0%
persoas sen primeiro emprego	4,0%	3,9%	54,5%	25,7%	12,0%
outras profesións	2,7%	6,7%	56,1%	16,4%	18,1%
LINGUA INICIAL					
galego	,0%	,3%	68,6%	17,1%	13,9%
castelán	4,5%	12,0%	37,5%	21,9%	24,1%
as dúas	,5%	2,1%	47,7%	23,3%	26,4%
outras	5,0%	16,0%	43,1%	15,6%	20,3%
IDADE					
16 a 25 anos	,9%	4,3%	35,8%	22,6%	36,5%
26 a 40 anos	1,3%	3,9%	53,0%	24,2%	17,6%
41 a 65 anos	1,3%	3,2%	67,6%	16,5%	11,4%
máis de 65 anos	1,1%	2,2%	74,0%	12,3%	10,3%
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	3,1%	9,4%	37,5%	23,7%	26,4%
periurbano	,7%	2,7%	64,8%	19,1%	12,6%
vilas	,9%	3,6%	54,5%	21,2%	19,8%
rural-1	,6%	1,9%	59,4%	20,9%	17,1%
rural-2	,2%	,7%	67,9%	16,6%	14,6%
nacidos fóra de Galicia	7,4%	13,8%	40,5%	16,6%	21,8%

[1] Nas táboas 5.1 ata a 5.4 as variables fan referencia a datos do propio entrevistado, agás os referidos á profesión do pai e da nai. Das táboas 5.5 en diante, tódalas variables fan referencia ó entrevistado.
[2] Os valores 1, 2, 3, 4 e 5 das variables relacionadas co dominio do galego dos familiares do entrevistado (pai, nai, avó e avoa), correspóndense coas seguintes etiquetas: 1 ningún; 2 pode entendelo; 3 pode entendelo e falalo; 4 pode entendelo, falalo e lelo; 5 pode entendelo, falalo, lelo e escribilo.

Táboa 5.2. *Dominio de galego da nai.Galicia*

	dominio de galego da nai				
	1	2	3	4	5
TOTAL GALICIA	*1,1%*	*3,6%*	*63,0%*	*17,6%*	*14,8%*
PROFESIÓN DA NAI					
empresarios	2,5%	31,0%	27,3%	39,3%	
autónomos	,8%	3,4%	50,7%	22,4%	22,6%
profesionais liberais	14,3%	20,9%	9,8%	55,0%	
funcionarios	4,3%	11,5%	18,2%	16,9%	49,1%
persoal de servicios	2,8%	10,5%	33,4%	20,7%	32,6%
obreiros cualificados	1,4%	4,6%	50,8%	20,8%	22,4%
obreiros non cualificados	,9%	4,2%	57,4%	18,8%	18,6%
labradores	,1%	,2%	78,8%	12,6%	8,3%
amas de casa	1,6%	4,9%	58,2%	19,5%	15,8%
estudiantes	19,9%	80,1%			
persoas sen primeiro emprego	13,5%	6,5%	52,8%	13,2%	14,0%
outras profesións	25,1%		26,2%	29,4%	19,3%
LINGUA INICIAL					
galego	,0%	,3%	73,3%	15,2%	11,2%
castelán	4,4%	13,0%	41,2%	21,3%	20,1%
as dúas	,4%	1,8%	52,0%	22,4%	23,5%
outras	3,7%	12,6%	44,3%	19,7%	19,7%
IDADE					
16 a 25 anos	,9%	4,2%	38,5%	22,3%	34,1%
26 a 40 anos	1,6%	4,6%	56,3%	23,2%	14,3%
41 a 65 anos	1,0%	3,1%	72,5%	14,7%	8,7%
máis de 65 anos	,9%	2,3%	80,1%	10,1%	6,6%
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	2,9%	10,6%	41,4%	22,9%	22,1%
periurbano	,5%	2,1%	70,5%	17,1%	9,8%
vilas	,8%	3,9%	59,5%	19,8%	15,9%
rural-1	,4%	1,6%	63,7%	19,8%	14,6%
rural-2	,1%	,5%	72,4%	14,9%	12,1%
nacidos fóra de Galicia	8,4%	15,0%	41,8%	16,4%	18,3%

Táboa 5.3. *Dominio de galego do avó. Galicia*

	dominio de galego do avó				
	1	2	3	4	5
TOTAL GALICIA	*1,1%*	*1,7%*	*78,8%*	*10,5%*	*8,0%*
LINGUA INICIAL					
galego	,0%	,3%	86,2%	8,0%	5,5%
castelán	4,4%	5,8%	61,4%	15,0%	13,3%
as dúas	,3%	1,2%	71,8%	15,2%	11,5%
outras	3,6%	3,1%	66,8%	15,3%	11,3%
IDADE					
16 a 25 anos	1,1%	2,0%	65,4%	15,4%	16,2%
26 a 40 anos	1,5%	2,1%	76,0%	12,6%	7,7%
41 a 65 anos	,9%	1,4%	83,7%	8,4%	5,5%
máis de 65 anos	,8%	1,3%	88,6%	5,6%	3,8%
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	3,2%	5,1%	60,6%	16,7%	14,4%
periurbano	,4%	1,8%	82,4%	11,2%	4,2%
vilas	1,0%	2,1%	76,6%	10,9%	9,4%
rural-1	,4%	1,3%	79,1%	12,1%	7,1%
rural-2	,1%	,4%	85,8%	7,9%	5,8%
nacidos fóra de Galicia	6,9%	3,2%	66,8%	11,5%	11,7%

Táboa 5.4. *Dominio de galego da avoa. Galicia*

	dominio de galego da avoa				
	1	2	3	4	5
TOTAL GALICIA	*1,1%*	*1,7%*	*80,0%*	*9,9%*	*7,2%*
LINGUA INICIAL					
galego	,0%	,3%	87,6%	7,3%	4,7%
castelán	4,4%	6,1%	62,5%	14,8%	12,3%
as dúas	,3%	1,0%	73,3%	14,4%	11,1%
outras	4,3%	4,4%	69,3%	13,3%	8,6%
IDADE					
16 a 25 anos	1,2%	2,1%	66,7%	14,7%	15,3%
26 a 40 anos	1,6%	2,2%	77,1%	12,1%	7,0%
41 a 65 anos	,8%	1,4%	85,1%	8,0%	4,7%
máis de 65 anos	,8%	1,3%	90,1%	4,9%	2,9%
HÁBITAT DE NACEMENTO					
urbano	3,2%	5,2%	61,8%	16,3%	13,5%
periurbano	,5%	2,1%	83,3%	10,2%	3,9%
vilas	1,0%	2,4%	77,5%	10,5%	8,6%
rural-1	,4%	1,3%	80,6%	11,6%	6,1%
rural-2	,1%	,4%	87,3%	7,2%	5,0%
nacidos fóra de Galicia	7,1%	3,6%	67,6%	10,7%	11,1%

Táboa 5.5. *Dominio do galego do pai. A Coruña*

	dominio de galego do pai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*2,0%*	*7,3%*	*29,5%*	*36,0%*	*25,3%*	*1073*
LINGUA INICIAL						
galego	,3%	,3%	43,4%	35,9%	20,2%	396
castelán	3,4%	13,3%	21,0%	36,4%	25,9%	557
as dúas	,8%	2,5%	22,0%	34,7%	39,8%	118
outras				50,0%	50,0%	2
IDADE						
16 a 25 anos	,9%	8,3%	8,7%	33,5%	48,7%	230
26 a 40 anos	1,7%	5,8%	21,4%	44,9%	26,2%	294
41 a 65 anos	2,7%	8,5%	41,3%	33,6%	13,9%	402
máis de 65 anos	2,0%	5,4%	45,6%	28,6%	18,4%	147
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,8%	10,6%	21,6%	36,1%	28,9%	529
periurbano	6,7%	6,7%	53,3%	20,0%	13,3%	15
vilas	,9%	2,7%	31,8%	48,2%	16,4%	110
rural-1		1,1%	45,6%	35,6%	17,8%	90
rural-2		,8%	41,6%	34,2%	23,3%	257
nacidos fóra de Galicia	5,6%	20,8%	15,3%	26,4%	31,9%	72

Táboa 5.6. *Dominio do galego do pai. Santiago*

	dominio de galego do pai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,9%*	*3,5%*	*57,3%*	*21,1%*	*16,2%*	*1078*
LINGUA INICIAL						
galego		,2%	72,9%	19,5%	7,4%	569
castelán	5,5%	10,1%	38,2%	21,7%	24,6%	346
as dúas	1,3%	43,4%	25,8%	29,6%	159	
outras	25,0%		50,0%		25,0%	4
IDADE						
16 a 25 anos	,4%	4,7%	36,2%	22,0%	36,6%	232
26 a 40 anos	2,6%	4,3%	54,3%	23,9%	14,9%	348
41 a 65 anos	2,0%	2,3%	65,6%	21,4%	8,7%	355
máis de 65 anos	2,1%	2,8%	78,3%	11,9%	4,9%	143
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	1,7%	4,9%	48,8%	21,8%	22,8%	408
periurbano		,5%	78,5%	15,0%	6,0%	200
vilas	3,0%	3,0%	47,8%	28,4%	17,9%	67
rural-1		4,2%	62,5%	16,7%	16,7%	72
rural-2	1,5%	1,1%	61,7%	23,5%	12,1%	264
nacidos fóra de Galicia	10,4%	13,4%	32,8%	22,4%	20,9%	67

Táboa 5.7. *Dominio do galego do pai. Lugo-2*

	dominio de galego do pai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,4%*	*3,1%*	*78,1%*	*11,1%*	*6,3%*	*1023*
LINGUA INICIAL						
galego		,4%	86,6%	10,2%	2,8%	719
castelán	6,9%	13,4%	49,0%	13,4%	17,3%	202
as dúas		2,0%	75,0%	14,0%	9,0%	100
outras			100,0%			2
IDADE						
16 a 25 anos	,6%	5,8%	55,8%	15,1%	22,7%	172
26 a 40 anos	1,7%	4,3%	74,1%	13,8%	6,0%	232
41 a 65 anos	1,3%	2,0%	83,5%	11,3%	2,0%	400
máis de 65 anos	1,8%	1,8%	90,0%	5,0%	1,4%	219
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano		4,8%	61,9%	23,8%	9,5%	42
periurbano			100,0%			3
vilas	2,3%	5,2%	69,1%	14,2%	9,3%	388
rural-1			79,8%	14,1%	6,1%	99
rural-2		,9%	88,5%	6,9%	3,7%	433
nacidos fóra de Galicia	8,6%	10,3%	69,0%	8,6%	3,4%	58

Táboa 5.8. *Dominio do galego do pai. Lugo-5*

	dominio de galego do pai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*,4%*	*1,0%*	*58,7%*	*15,0%*	*24,8%*	*1721*
LINGUA INICIAL						
galego	,1%	,4%	61,2%	14,8%	23,5%	1465
castelán	3,8%	6,1%	42,7%	14,5%	32,8%	131
as dúas	,8%	3,2%	47,6%	17,7%	30,6%	124
outras				100,0%		1
IDADE						
16 a 25 anos	1,1%	1,9%	31,4%	20,7%	44,8%	261
26 a 40 anos	,3%	1,5%	49,3%	21,2%	27,8%	335
41 a 65 anos		,9%	66,4%	12,0%	20,7%	694
máis de 65 anos	,7%	,5%	70,3%	11,8%	16,7%	431
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	3,0%	6,1%	45,5%	27,3%	18,2%	33
periurbano			57,1%	14,3%	28,6%	7
vilas	2,6%	2,6%	47,4%	21,1%	26,3%	38
rural-1	,3%	1,9%	56,4%	13,5%	27,9%	312
rural-2	,1%	,3%	60,7%	14,9%	24,0%	1266
nacidos fóra de Galicia	4,6%	7,7%	46,2%	15,4%	26,2%	65

Táboa 5.9. *Dominio do galego do pai. Ourense-4*

	dominio de galego do pai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,4%*	*1,1%*	*80,8%*	*11,6%*	*5,1%*	*904*
LINGUA INICIAL						
galego		,1%	83,2%	11,8%	4,9%	697
castelán	10,8%	8,4%	59,0%	16,9%	4,8%	83
as dúas	2,6%	,9%	85,2%	7,0%	4,3%	115
outras	11,1%	11,1%	33,3%	11,1%	33,3%	9
IDADE						
16 a 25 anos	,6%	2,4%	71,9%	13,8%	11,4%	167
26 a 40 anos	1,0%	1,6%	74,5%	16,7%	6,3%	192
41 a 65 anos	2,2%	,3%	83,7%	10,1%	3,7%	356
máis de 65 anos	1,1%	1,1%	89,4%	7,4%	1,1%	189
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	4,5%		68,2%	15,9%	11,4%	44
periurbano			100,0%			6
vilas	3,6%	3,0%	69,7%	20,6%	3,0%	165
rural-1		,9%	83,0%	10,7%	5,4%	112
rural-2		,2%	86,6%	8,1%	5,1%	530
nacidos fóra de Galicia	10,6%	6,4%	57,4%	19,1%	6,4%	47

Táboa 5.10. *Dominio do galego do pai. Pontevedra*

	dominio de galego do pai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*2,7%*	*7,2%*	*48,3%*	*18,4%*	*23,4%*	*1031*
LINGUA INICIAL						
galego		,5%	60,5%	18,7%	20,3%	423
castelán	5,9%	14,9%	38,4%	16,2%	24,5%	437
as dúas	1,2%	4,2%	42,5%	24,0%	28,1%	167
outras	75,0%	25,0%	4			
IDADE						
16 a 25 anos	2,4%	7,3%	32,5%	17,9%	39,8%	246
26 a 40 anos	2,3%	7,8%	46,6%	23,0%	20,4%	309
41 a 65 anos	2,2%	7,5%	58,4%	15,5%	16,3%	361
máis de 65 anos	6,1%	4,3%	54,8%	16,5%	18,3%	115
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	4,6%	13,3%	35,0%	18,8%	28,3%	346
periurbano	,5%	2,2%	60,2%	18,2%	19,0%	369
vilas	1,1%	6,7%	58,9%	18,9%	14,4%	90
rural-1	1,8%	3,6%	41,8%	18,2%	34,5%	55
rural-2	1,7%	3,3%	53,7%	19,0%	22,3%	121
nacidos fóra de Galicia	12,0%	16,0%	28,0%	16,0%	28,0%	50

Táboa 5.11. *Dominio do galego da nai. A Coruña*

	dominio de galego da nai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*2,2%*	*7,8%*	*34,0%*	*35,2%*	*20,9%*	*1098*
LINGUA INICIAL						
galego		,5%	49,5%	32,7%	17,3%	404
castelán	4,0%	14,0%	25,2%	36,7%	20,1%	572
as dúas	,8%	3,3%	24,2%	35,8%	35,8%	120
outras				50,0%	50,0%	2
IDADE						
16 a 25 anos	1,7%	5,6%	11,1%	36,3%	45,3%	234
26 a 40 anos	3,4%	9,1%	24,6%	42,8%	20,2%	297
41 a 65 anos	1,7%	8,9%	46,7%	32,0%	10,6%	415
máis de 65 anos	2,0%	5,9%	52,6%	27,0%	12,5%	152
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,4%	11,7%	26,4%	36,1%	23,4%	546
periurbano	6,7%		66,7%	13,3%	13,3%	15
vilas	1,8%	4,4%	35,1%	44,7%	14,0%	114
rural-1			48,9%	34,8%	16,3%	92
rural-2			47,3%	32,8%	19,8%	262
nacidos fóra de Galicia	11,6%	24,6%	14,5%	26,1%	23,2%	69

Táboa 5.12. *Dominio do galego da nai. Santiago*

	dominio de galego da nai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,7%*	*3,7%*	*60,1%*	*21,4%*	*13,1%*	*1108*
LINGUA INICIAL						
galego		,2%	75,5%	18,5%	5,7%	593
castelán	5,1%	10,3%	40,3%	24,0%	20,3%	350
as dúas		1,9%	46,9%	26,3%	25,0%	160
outras	20,0%	20,0%	40,0%	20,0%		5
IDADE						
16 a 25 anos	1,3%	4,3%	37,0%	26,8%	30,6%	235
26 a 40 anos	2,3%	5,4%	58,4%	22,7%	11,3%	353
41 a 65 anos	1,3%	1,9%	67,2%	22,0%	7,5%	372
máis de 65 anos	2,0%	3,4%	83,1%	8,1%	3,4%	148
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,2%	5,5%	52,8%	20,9%	18,7%	417
periurbano		,5%	80,7%	13,7%	5,2%	212
vilas	2,9%	7,1%	45,7%	28,6%	15,7%	70
rural-1	1,4%	1,4%	63,9%	15,3%	18,1%	72
rural-2	1,1%	,7%	64,6%	24,7%	8,9%	271
nacidos fóra de Galicia	6,1%	13,6%	33,3%	34,8%	12,1%	66

Táboa 5.13. *Dominio do galego da nai. Lugo-2*

	dominio de galego da nai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,2%*	*4,2%*	*79,6%*	*10,3%*	*4,7%*	*1037*
LINGUA INICIAL						
galego		1,0%	87,8%	8,9%	2,3%	730
castelán	5,9%	14,7%	54,4%	12,3%	12,7%	204
as dúas		5,9%	71,3%	16,8%	5,9%	101
outras		50,0%	50,0%			2
IDADE						
16 a 25 anos	,6%	9,4%	55,6%	17,5%	17,0%	171
26 a 40 anos	1,7%	4,2%	77,8%	11,3%	5,0%	239
41 a 65 anos	,7%	3,0%	85,1%	9,7%	1,5%	403
máis de 65 anos	1,8%	2,7%	89,7%	4,9%	,9%	224
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano		7,0%	62,8%	20,9%	9,3%	43
periurbano			100,0%			3
vilas	1,8%	5,8%	71,8%	13,7%	6,9%	394
rural-1			83,0%	13,0%	4,0%	100
rural-2		1,4%	89,5%	5,9%	3,2%	437
nacidos fóra de Galicia	8,3%	20,0%	63,3%	8,3%		60

Táboa 5.14. *Dominio do galego da nai. Lugo-5*

	dominio de galego da nai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*,2%*	*1,1%*	*62,8%*	*13,9%*	*21,9%*	*1751*
LINGUA INICIAL						
galego		,1%	65,7%	13,5%	20,7%	1494
castelán	3,1%	10,7%	42,0%	13,7%	30,5%	131
as dúas		3,2%	50,4%	19,2%	27,2%	125
outras				100,0%		1
IDADE						
16 a 25 anos	,4%	2,3%	32,7%	19,8%	44,9%	263
26 a 40 anos	,6%	1,8%	50,4%	21,5%	25,7%	339
41 a 65 anos		,7%	70,1%	11,6%	17,6%	706
máis de 65 anos	,2%	,7%	78,6%	8,4%	12,2%	443
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	3,0%	9,1%	45,5%	21,2%	21,2%	33
periurbano			62,5%	12,5%	25,0%	8
vilas		5,3%	55,3%	15,8%	23,7%	38
rural-1		1,6%	59,0%	14,0%	25,4%	315
rural-2		,2%	65,1%	13,6%	21,0%	1288
nacidos fóra de Galicia	4,3%	10,1%	49,3%	15,9%	20,3%	69

Táboa 5.15. *Dominio do galego da nai. Ourense-4*

	dominio de galego da nai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,4%*	*,6%*	*82,0%*	*11,6%*	*4,3%*	*924*
LINGUA INICIAL						
galego			84,0%	11,4%	4,6%	713
castelán	11,5%	4,6%	63,2%	16,1%	4,6%	87
as dúas	1,7%	,9%	87,8%	8,7%	,9%	115
outras	11,1%	11,1%	33,3%	22,2%	22,2%	9
IDADE						
16 a 25 anos	,6%	2,4%	72,9%	14,7%	9,4%	170
26 a 40 anos	1,0%	1,0%	75,6%	16,8%	5,6%	197
41 a 65 anos	1,9%		84,5%	10,2%	3,3%	362
máis de 65 anos	1,5%		91,8%	6,2%	,5%	195
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,3%	2,3%	72,7%	13,6%	9,1%	44
periurbano			100,0%			7
vilas	3,6%	,6%	72,8%	20,1%	3,0%	169
rural-1			84,2%	13,2%	2,6%	114
rúral-2	,2%	,2%	86,9%	7,9%	4,8%	542
nacidos fóra de Galicia	10,4%	6,3%	60,4%	18,8%	4,2%	48

Táboa 5.16. *Dominio do galego da nai. Pontevedra*

	dominio de galego da nai					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*2,7%*	*6,0%*	*53,3%*	*18,4%*	*19,6%*	*1081*
LINGUA INICIAL						
galego		,2%	67,5%	16,8%	15,5%	459
castelán	6,5%	12,9%	41,4%	18,0%	21,2%	449
as dúas		3,0%	46,2%	24,3%	26,6%	169
outras		25,0%	50,0%		25,0%	4
IDADE						
16 a 25 anos	2,0%	7,7%	31,0%	19,0%	40,3%	248
26 a 40 anos	3,5%	7,3%	49,7%	25,3%	14,2%	316
41 a 65 anos	1,8%	5,0%	66,6%	13,8%	12,8%	383
máis de 65 anos	4,5%	3,0%	64,9%	14,2%	13,4%	134
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	4,8%	13,2%	37,2%	19,4%	25,4%	355
periurbano	,5%	1,0%	67,7%	17,4%	13,4%	402
vilas	1,1%	3,3%	65,2%	16,3%	14,1%	92
rural-1	1,7%	1,7%	44,8%	20,7%	31,0%	58
rural-2		,8%	61,5%	18,9%	18,9%	122
nacidos fóra de Galicia	15,4%	17,3%	21,2%	19,2%	26,9%	52

Táboa 5.17. *Dominio do galego do avó. A Coruña*

	dominio de galego do avó					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,0%*	*4,0%*	*53,1%*	*26,2%*	*15,7%*	*905*
LINGUA INICIAL						
galego		,3%	67,5%	21,4%	10,7%	345
castelán	2,0%	7,1%	45,2%	28,8%	16,9%	451
as dúas		2,8%	40,2%	29,9%	27,1%	107
outras			50,0%	50,0%		2
IDADE						
16 a 25 anos	1,5%	4,0%	32,5%	32,5%	29,5%	200
26 a 40 anos	1,6%	4,4%	46,8%	31,2%	16,0%	250
41 a 65 anos	,6%	4,1%	64,8%	21,7%	8,8%	341
máis de 65 anos		2,6%	68,4%	17,5%	11,4%	114
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	1,4%	6,6%	45,0%	29,6%	17,4%	442
periurbano			88,9%	11,1%		9
vilas	1,0%	3,1%	51,0%	28,1%	16,7%	96
rural-1	1,4%		55,6%	34,7%	8,3%	72
rural-2			70,0%	17,6%	12,4%	233
nacidos fóra de Galicia	1,9%	7,5%	41,5%	22,6%	26,4%	53

Táboa 5.18. *Dominio do galego do avó. Santiago*

	dominio de galego do avó					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,8%*	*1,3%*	*75,5%*	*13,9%*	*7,5%*	*926*
LINGUA INICIAL						
galego			86,6%	10,1%	3,3%	514
castelán	5,8%	3,6%	59,1%	17,4%	14,1%	276
as dúas		1,5%	67,2%	22,1%	9,2%	131
outras	20,0%		60,0%		20,0%	5
IDADE						
16 a 25 anos	1,5%		60,5%	22,0%	16,0%	200
26 a 40 anos	2,7%	2,3%	75,9%	13,7%	5,4%	299
41 a 65 anos	1,6%	1,0%	79,1%	12,7%	5,6%	306
máis de 65 anos	,8%	1,7%	90,1%	4,1%	3,3%	121
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,7%	1,5%	70,3%	15,0%	10,5%	333
periurbano		,5%	87,6%	9,1%	2,7%	186
vilas	3,6%	5,5%	63,6%	16,4%	10,9%	55
rural-1		1,6%	85,2%	9,8%	3,3%	61
rural-2	,9%	,4%	76,2%	16,6%	6,0%	235
nacidos fóra de Galicia	7,1%	1,8%	64,3%	14,3%	12,5%	56

Táboa 5.19. *Dominio do galego do avó. Lugo-2*

	dominio de galego do avó					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,4%*	*3,0%*	*88,2%*	*5,5%*	*1,9%*	*952*
LINGUA INICIAL						
galego	,3%	,7%	93,1%	4,7%	1,2%	677
castelán	5,7%	11,4%	72,2%	6,3%	4,5%	176
as dúas	1,0%	3,1%	84,5%	9,3%	2,1%	97
outras		50,0%	50,0%			2
IDADE						
16 a 25 anos	,6%	5,7%	81,8%	6,3%	5,7%	159
26 a 40 anos	1,4%	2,3%	86,9%	5,9%	3,6%	222
41 a 65 anos	1,1%	2,9%	90,1%	5,6%	,3%	373
máis de 65 anos	2,5%	2,0%	91,4%	4,0%		198
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano		5,0%	80,0%	12,5%	2,5%	40
periurbano			100,0%			3
vilas	2,2%	5,9%	82,9%	6,2%	2,8%	356
rural-1		1,1%	86,5%	10,1%	2,2%	89
rural-2	,2%	,7%	94,4%	3,4%	1,2%	412
nacidos fóra de Galicia	7,7%	3,8%	84,6%	3,8%		52

Táboa 5.20. *Dominio do galego do avó. Lugo-5*

	dominio de galego do avó					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*,3%*	*,5%*	*83,8%*	*5,6%*	*9,8%*	*1714*
LINGUA INICIAL						
galego	,1%	,1%	85,2%	5,3%	9,3%	1469
castelán	2,4%	2,4%	75,8%	5,6%	13,7%	124
as dúas	,8%	3,3%	75,0%	9,2%	11,7%	120
outras			100,0%			1
IDADE						
16 a 25 anos	,4%	1,2%	69,1%	8,1%	21,2%	259
26 a 40 anos	,6%	,3%	82,9%	6,0%	10,2%	333
41 a 65 anos		,6%	85,7%	6,0%	7,7%	686
máis de 65 anos	,5%	,2%	90,1%	3,2%	6,0%	436
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano		6,1%	84,8%	3,0%	6,1%	33
periurbano			87,5%	12,5%		8
vilas		5,4%	75,7%	2,7%	16,2%	37
rural-1		,6%	81,9%	5,2%	12,3%	310
rural-2	,2%	,2%	84,8%	5,9%	8,8%	1266
nacidos fóra de Galicia	5,0%		75,0%	3,3%	16,7%	60

Táboa 5.21. *Dominio do galego do avó. Ourense-4*

	dominio de galego do avó					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,2%*	*,7%*	*87,2%*	*9,2%*	*1,7%*	*868*
LINGUA INICIAL						
galego			88,5%	9,8%	1,6%	671
castelán	9,9%	4,9%	75,3%	7,4%	2,5%	81
as dúas	,9%	1,8%	90,0%	5,5%	1,8%	110
outras	16,7%		50,0%	33,3%		6
IDADE						
16 a 25 anos	1,9%	,6%	85,2%	9,3%	3,1%	162
26 a 40 anos	1,0%	1,0%	82,5%	14,4%	1,0%	194
41 a 65 anos	1,2%	,3%	87,0%	9,3%	2,1%	332
máis de 65 anos	,6%	1,1%	94,4%	3,3%	,6%	180
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	4,7%		81,4%	11,6%	2,3%	43
periurbano			100,0%			7
vilas	3,3%	2,0%	75,0%	16,4%	3,3%	152
rural-1			89,1%	9,9%	1,0%	101
rural-2		,4%	91,7%	6,5%	1,3%	521
nacidos fóra de Galicia	6,8%	2,3%	75,0%	13,6%	2,3%	44

Táboa 5.22. *Dominio do galego do avó. Pontevedra*

	dominio de galego do avó					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,4%*	*2,5%*	*68,7%*	*12,9%*	*14,5%*	*853*
LINGUA INICIAL						
galego		,3%	78,7%	11,2%	9,9%	375
castelán	3,6%	5,2%	62,1%	11,8%	17,3%	330
as dúas		2,1%	57,6%	20,1%	20,1%	144
outras			75,0%		25,0%	4
IDADE						
16 a 25 anos	1,3%	4,4%	51,8%	16,4%	26,1%	226
26 a 40 anos	2,0%	2,4%	69,1%	13,7%	12,9%	249
41 a 65 anos	1,1%	1,1%	77,5%	10,5%	9,8%	285
máis de 65 anos	1,1%	2,2%	81,7%	9,7%	5,4%	93
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,7%	4,7%	56,8%	14,0%	21,8%	257
periurbano		1,5%	79,0%	11,4%	8,2%	343
vilas	1,5%	1,5%	78,5%	7,7%	10,8%	65
rural-1			56,3%	22,9%	20,8%	48
rural-2		1,0%	70,9%	12,6%	15,5%	103
nacidos fóra de Galicia	10,8%	5,4%	48,6%	16,2%	18,9%	37

Táboa 5.23. *Dominio do galego da avoa. A Coruña*

	dominio de galego da avoa					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,0%*	*4,0%*	*56,1%*	*25,4%*	*13,4%*	*953*
LINGUA INICIAL						
galego		,6%	70,8%	19,4%	9,2%	360
castelán	2,1%	7,1%	47,5%	29,6%	13,8%	480
as dúas		1,8%	45,9%	26,1%	26,1%	111
outras			50,0%	50,0%		2
IDADE						
16 a 25 anos	,9%	4,7%	36,0%	32,2%	26,1%	211
26 a 40 anos	1,9%	4,2%	49,8%	29,1%	14,9%	261
41 a 65 anos	,6%	3,9%	66,9%	21,9%	6,7%	360
máis de 65 anos	,8%	2,5%	72,7%	15,7%	8,3%	121
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	1,7%	5,6%	48,2%	30,0%	14,6%	467
periurbano		7,1%	85,7%	7,1%		14
vilas	1,0%	4,0%	55,6%	25,3%	14,1%	99
rural-1	1,3%		59,2%	31,6%	7,9%	76
rural-2			72,2%	16,6%	11,2%	241
nacidos fóra de Galicia		12,5%	42,9%	21,4%	23,2%	56

Táboa 5.24. *Dominio do galego do avoa. Santiago*

	dominio de galego da avoa					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*2,3%*	*2,4%*	*76,0%*	*13,1%*	*6,2%*	*956*
LINGUA INICIAL						
galego			87,8%	9,5%	2,7%	516
castelán	6,8%	6,8%	59,2%	15,8%	11,3%	292
as dúas	,7%	2,1%	67,8%	21,0%	8,4%	143
outras	20,0%		80,0%			5
IDADE						
16 a 25 anos	2,9%	2,4%	60,3%	20,6%	13,9%	209
26 a 40 anos	3,3%	3,3%	76,5%	13,0%	3,9%	307
41 a 65 anos	1,6%	1,6%	81,0%	11,4%	4,4%	315
máis de 65 anos	,8%	2,4%	88,8%	4,8%	3,2%	125
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	3,4%	3,7%	70,0%	14,0%	8,9%	350
periurbano		,5%	89,2%	7,5%	2,7%	186
vilas	4,8%	9,7%	59,7%	17,7%	8,1%	62
rural-1		1,6%	85,5%	11,3%	1,6%	62
rural-2	,8%	,4%	78,9%	14,8%	5,1%	237
nacidos fóra de Galicia	8,5%	1,7%	66,1%	15,3%	8,5%	59

Táboa 5.25. *Dominio do galego da avoa. Lugo-2*

	dominio de galego da avoa					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,4%*	*3,1%*	*88,2%*	*5,4%*	*1,9%*	*958*
LINGUA INICIAL						
galego	,1%	,9%	93,1%	4,7%	1,2%	679
castelán	6,1%	11,1%	72,2%	6,1%	4,4%	180
as dúas	1,0%	3,1%	84,5%	9,3%	2,1%	97
outras		50,0%	50,0%			2
IDADE						
16 a 25 anos	,6%	5,6%	82,7%	5,6%	5,6%	162
26 a 40 anos	1,4%	2,3%	86,9%	5,9%	3,6%	222
41 a 65 anos	,8%	2,9%	90,1%	5,9%	,3%	373
máis de 65 anos	3,0%	2,5%	90,5%	4,0%		201
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano		5,0%	80,0%	12,5%	2,5%	40
periurbano			100,0%			3
vilas	2,2%	6,4%	82,8%	5,8%	2,8%	360
rural-1			86,7%	11,1%	2,2%	90
rural-2	,2%	,7%	94,4%	3,4%	1,2%	413
nacidos fóra de Galicia	7,7%	3,8%	84,6%	3,8%		52

Táboa 5.26. *Dominio do galego da avoa. Lugo-5*

	dominio de galego da avoa					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*,3%*	*,4%*	*84,4%*	*5,3%*	*9,6%*	*1713*
LINGUA INICIAL						
galego	,1%	,1%	85,7%	5,0%	9,1%	1468
castelán	2,4%	1,6%	76,2%	5,6%	14,3%	126
as dúas	,8%	2,5%	77,1%	9,3%	10,2%	118
outras			100,0%			1
IDADE						
16 a 25 anos	,4%	,8%	70,0%	8,1%	20,8%	260
26 a 40 anos	,9%	,3%	82,8%	6,0%	9,9%	332
41 a 65 anos		,4%	85,9%	5,5%	8,2%	687
máis de 65 anos	,2%	,2%	91,9%	2,8%	4,8%	434
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano		3,0%	78,8%	9,1%	9,1%	33
periurbano			87,5%	12,5%		8
vilas		5,4%	78,4%		16,2%	37
rural-1	,3%	,6%	83,0%	5,1%	10,9%	311
rural-2	,1%	,2%	85,5%	5,5%	8,8%	1263
nacidos fóra de Galicia	4,9%		75,4%	3,3%	16,4%	61

Táboa 5.27. *Dominio do galego da avoa. Ourense-4*

	dominio de galego da avoa					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,0%*	*,6%*	*88,0%*	*8,5%*	*1,8%*	*870*
LINGUA INICIAL						
galego			88,9%	9,2%	1,9%	674
castelán	8,5%	4,9%	76,8%	7,3%	2,4%	82
as dúas	,9%	,9%	92,6%	4,6%	,9%	108
outras	16,7%		66,7%	16,7%		6
IDADE						
16 a 25 anos	1,2%	,6%	86,4%	8,0%	3,7%	162
26 a 40 anos	1,0%	1,0%	83,6%	13,3%	1,0%	195
41 a 65 anos	1,2%		88,1%	8,6%	2,1%	336
máis de 65 anos	,6%	1,1%	94,4%	3,4%	,6%	177
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	4,7%		83,7%	9,3%	2,3%	43
periurbano			100,0%			7
vilas	2,7%	2,0%	76,0%	16,0%	3,3%	150
rural-1			89,1%	9,9%	1,0%	101
rural-2		,2%	92,4%	5,9%	1,5%	524
nacidos fóra de Galicia	6,7%	2,2%	77,8%	11,1%	2,2%	45

Táboa 5.28. *Dominio do galego da avoa. Pontevedra*

	dominio de galego da avoa					
	1	2	3	4	5	N
TOTAL SECTOR	*1,5%*	*2,5%*	*69,5%*	*12,6%*	*13,9%*	*879*
LINGUA INICIAL						
galego		,3%	80,3%	10,6%	8,8%	386
castelán	3,8%	5,3%	61,9%	11,7%	17,3%	341
as dúas		2,0%	58,8%	20,3%	18,9%	148
outras			75,0%		25,0%	4
IDADE						
16 a 25 anos	1,3%	3,9%	50,9%	17,4%	26,5%	230
26 a 40 anos	2,0%	2,7%	69,8%	14,1%	11,4%	255
41 a 65 anos	1,3%	1,3%	79,0%	9,7%	8,7%	300
máis de 65 anos	1,1%	2,1%	84,0%	6,4%	6,4%	94
HÁBITAT DE NACEMENTO						
urbano	2,7%	4,5%	56,4%	14,4%	22,0%	264
periurbano		1,1%	80,6%	10,8%	7,4%	351
vilas	1,4%	1,4%	79,7%	7,2%	10,1%	69
rural-1		2,0%	56,0%	22,0%	20,0%	50
rural-2	,9%	1,9%	72,6%	11,3%	13,2%	106
nacidos fóra de Galicia	10,3%	5,1%	48,7%	17,9%	17,9%	39

6
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN DO GALEGO

6.1. *Ámbitos de adquisición do galego no total de Galicia.*

Desde un punto de vista sociolingüístico e cara á aplicación dun programa de planificación lingüística, as canles de transmisión interxeracional dunha lingua son un importante indicio da vitalidade da mesma e do seu estatus dentro da comunidade. Para descubrir cales son os principais ámbitos de aprendizaxe[1] e transmisión oral do galego introducimos unha pregunta pechada no cuestionario na que incluímos aqueles medios que puideron ter un papel relevante en Galicia:

1. Familia	3. Amigos	5. Traballo
2. Escola	4. Veciños	6. Outros

---

[1] *Neste capítulo utilizarémo-lo termo* ***aprendizaxe*** *nos casos en que se precisou un esforzo consciente por parte dos individuos antes de chegar a fala-lo galego, reservando* ***adquisición*** *para cando esta habilidade xorde espontaneamente. Se a capacidade para falar unha lingua se desenvolve durante a infancia porque esta está presente no ambiente vital do individuo (familia, amigos, veciños, etc.) ten lugar un proceso de adquisición. Sen embargo, cando un falante tivo que recorrer ó sistema escolar para dominar nalgunha medida esta lingua, o que se estivo producindo foi unha aprendizaxe.*

Como as categorías de 'amigos', 'veciños' e 'traballo' non son necesariamente excluíntes, posto que moi a miúdo os amigos son simultaneamente veciños ou compañeiros de traballo, para esta análise decidimos reduci-los medios de adquisición do galego basicamente a tres: 'a familia', 'a escola' e 'outros', dentro dos que incluímos 'amigos', 'veciños', 'traballo' e medios de adquisición non especificados, o cal simplifica considerablemente a información e facilita a súa interpretación[2].

Como visión xeral, e sen considera-los varios factores que poden incidir na tendencia de resposta, podemos dicir que a familia constitúe o principal medio de adquisición do galego. No gráfico 6.1 reflíctese como máis das tres cuartas partes da poboación aprendeu o galego neste ámbito, mentres que a escola e outros medios desempeñan un papel moi pouco significativo.

Gráfico 6.1

Ámbitos do adquisición do galego en Galicia



[2] *A distribución das respostas nas categorías distintas da familia e a escola, por outra parte, non responde a tendencias debidas ó transfondo social ou lingüístico do entrevistado, senón que parece obedecer a factores coma o azar ou a causas individuais que non poden ser controladas.*

Hai que ter en conta, sen embargo, que cita-los ámbitos de adquisición do galego prescindindo do transfondo sociolingüístico dos entrevistados pode falsea-la visión da realidade nalgunha medida. Os ámbitos de adquisición do galego están determinados en grande medida pola lingua inicial no caso dos que aprenderon a falar en galego ou en galego e castelán simultaneamente. Nestes dous grupos lingüísticos a información sobre onde adquiriron o galego será redundante, pois as linguas maternas adquírense no interior da familia ou grupo social que desempeñe as súas funcións. En efecto, no gráfico 6.2 podemos comprobar como o 99.9% dos entrevistados que recibiron o galego como lingua materna e o 93.5% dos bilingües, afirman que o adquiriron no seo familiar.

Gráfico 6.2

Ámbitos do adquisición do galego segundo a lingua inicial en Galicia



Os ámbitos extrafamiliares constitúen unha importante dimensión nos entrevistados que tiveron o castelán como lingua inicial. Tales medios terán diferente importancia segundo a implantación do galego nos diferentes grupos de socialización. Se partimos da hipótese de que o galego está moito máis presente como lingua cotiá nas clases baixas ca nas altas, nos asentamentos rurais ca nos urbanos e nos individuos maiores ca nos novos, podemos esperar que a familia funcione como o principal núcleo transmisor desta lingua nas clases baixas, nos asentamentos rurais e nos individuos de máis idade, mentres outros factores como o traballo, os amigos e veciños, etc., primen en tódolos demais. No grupo de 16 a 25 anos, por outra parte, hai que prever que a escola exercese un papel importante neste sentido, posto que estes individuos recibiron as asignaturas de lingua e literatura galegas na E.X.B. e, os que seguiron estudiando, no bacharelato.

No gráfico 6.2 vemos que a familia tamén é o medio máis importante para a adquisición do galego no caso dos castelanfalantes iniciais (40.2%), á que seguen en importancia a suma doutras canles coma os amigos, veciños, traballo, etc. (38.3%). Isto deixa entrever un fenómeno sociolingüístico moi frecuente en Galicia, como é o feito de que aínda que haxa individuos monolingües, moi poucas familias o son. Por outra parte, nesta comunidade son menos os falantes que se manteñen completamente monolingües ó longo das súas vidas cós que cambian e alternan de código para adaptárense á situación comunicativa. O abandono do galego como primeira lingua de pais a fillos non se produce mediante corte brusco, senón que se fai de forma gradual, a través do bilingüismo con predominio do castelán, polo que non leva consigo a súa completa desaparición do ámbito familiar. Por unha parte, esta lingua está presente nos hábitos lingüísticos dos seus ascendentes (pais con avós, avós entre si, avós co entrevistado, etc.) e, pola outra, os usos lingüísticos destes co entrevistado poden alterarse no transcurso da vida do mesmo. Seleccionando os suxeitos que teñen o castelán como lingua inicial, pero adquiriron o galego na familia, comprobamos que, efectivamente, esta lingua mostra unha presencia constante nas interaccións entre os seus ascendentes e que incluso nos intercambios co propio entrevistado se utiliza o galego en maior ou menor medida. Só un 37.1% dos pais utiliza exclusivamente o castelán para dirixirse ó entrevistado, pero deles o 26.9% utiliza só ou principalmente galego para falar entre si e o 65.7% só

ou principalmente galego para falar cos avós dos entrevistados; destes últimos, máis da metade teñen como lingua habitual só galego ou máis galego ca castelán. De entre os pais dos monolingües iniciais en castelán que aprenderon o galego na familia, un 40.9% usa única ou preferiblemente galego para falar cos entrevistados, un 59.8% das parellas utiliza unicamente o galego para falar entre si e un 79.9% utilízano nas interaccións cos avós do entrevistado. Destes últimos, máis do 70% teñen o galego como lingua habitual. Vemos, polo tanto, que na actualidade a presencia do galego no contorno familiar dos castelanfalantes iniciais é considerable e que o grao de desgaleguización é diferente non só entre distintas familias, senón tamén entre os membros de distintas xeracións. Non se pode nega-lo feito de que a diminución da súa frecuencia de uso de avós a pais e de pais a fillos resulta prexudicial para a súa vitalidade.

O gráfico 6.2 reflicte, así mesmo, como un 21.4% dos castelanfalantes iniciais di que aprendeu o galego na escola. Este medio supón un cambio cualitativo na adquisición lingüística, posto que implica un esforzo, unha aprendizaxe consciente e formal que non aparece normalmente cando a lingua se adquire de forma espontánea a través das relacións persoais dun individuo e a idades temperás. Por outra parte, estes suxeitos aparecen entre os castelanfalantes iniciais de 16 a 25 anos, grupo de idade que en maior medida recibiu ensino obrigatorio e xeneralizado de lingua e literatura galegas.

Nas páxinas que seguen comentarémo-la incidencia que distintas variables independentes mostran no ámbito de adquisición do galego, centrándonos no grupo dos monolingües iniciais en castelán.

Seleccionando este grupo lingüístico e observando posteriormente os ámbitos de adquisición do galego nos distintos grupos de idade, obtemos un 51.6% de entrevistados de 16 a 25 anos que din que aprenderon o galego na escola, mentres só un 36.7% dos mesmos o adquiriu a través da familia. Nos demais grupos de idade, como era esperable, a escola tivo pouco que ver coa adquisición do galego, sendo a conxunción de amigos, veciños, traballo, etc., a principal canle de transmisión lingüística, acadando en conxunto entre o 48.7% e o 58.8% segundo os grupos de idade.

Gráfico 6.3

Ámbitos do adquisición do galego segundo a idade en Galicia (monolingües iniciais en castelán)



Nos individuos que recibiron ensino do galego durante a sua formación académica, os ambitos de adquisición varían consonte o seu nivel de estudios[3]. Hai que notar que, aínda que non existen diferencias importantes na porcentaxe dos que adquiriron o galego na familia (obsérvese o cadro 6.1 referido ós menores de 25 anos), si se aprecia un relativo aumento da importancia do sistema escolar segundo aumenta o nivel de estudios: vemos que dun 45% de suxeitos con só estudios primarios que din que aprenderon o galego neste ámbito pasamos a un 53% e un 54.8% no caso dos que teñen estudios medios ou superiores respectivamente.

[3] *Como os oito graos orixinais de estudios provocaban a existencia de numerosas celdas con frecuencias esperadas menores de 5 ó aplica-lo X^2, feito que pode producir que as diferencias realmente debidas ó azar se interpreten como significativas, dediciuse reducir eses oito valores a catro: os primarios incompletos e completos xuntáronse dentro de primarios, os de F.P. e B.U.P en medios e os de carreira media e carreira superior dentro de universitarios. Os que tiñan outros estudios non se tiveron en conta. Os que non realizaron ningún tipo de estudio, por outra parte, quedaron como estaban.*

